



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 72

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 26 de xuño de 2014

Presidencia da Excm. Sra. D^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

Punto 4. Proposicións non de lei en Pleno

4.7. 23765 (09/PNP-001692)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón, e Beiras Torrado, Xosé Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo parlamentario referido ao Plan xeral de control tributario, así como os criterios xerais aprobados ao respecto na Resolución da Dirección da Axencia Tributaria de Galicia do 16 de maio de 2014

Publicación da iniciativa, BOPG n° 302, do 10.06.2014

4.8. 23888 (09/PNP-001704)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteproxecto de lei de mutuas da Seguridade Social

Publicación da iniciativa, BOPG n° 302, do 10.06.2014

Punto 5. Interpelacións

5.1. 21937 (09/INT-000770)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre a proposta de supresión dos partidos xudiciais de Galicia

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG n° 273, do 15.04.2014

5.2. 23194 (09/INT-000814)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caamaño Domínguez, Francisco, e dous deputados/as máis

Sobre a licitación dun contorno virtual de aprendizaxe para o ámbito educativo non universitario e dos contidos curriculares dixitais para determinados cursos de ensino obrigatorio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 293, do 21.05.2014

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1. 24273 (09/POPX-000084)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis

Sobre a avaliación da xestión do Goberno galego en relación cos sectores estratéxicos da economía

Publicación da iniciativa, BOPG nº 304, do 18.06.2014

6.2. 24289 (09/POPX-000085)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a xestión do Goberno galego respecto da crise económica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 304, do 18.06.2014

6.3. 24308 (09/POPX-000086)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda

Sobre o continuo aumento da débeda pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 304, do 18.06.2014

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1. 4307 (09/PUP-000122)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para acadar o indulto e evitar o ingreso en prisión das persoas condenadas pola súa participación en conflitos laborais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 304, do 18.06.2014

7.2. 23687 (09/POP-002108)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Oubiña Solla, Rosa, e sete deputados/as máis

Sobre o modelo de atención que vai desenvolver o Centro de recuperación integral previsto na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 04.06.2014

7.3. 23809 (09/POP-002119)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, para evitar os efectos que está a ter no desenvolvemento das festas tradicionais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 04.06.2014

7.4. 23268 (09/POP-002060)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as razóns do estado de paralización en que se atopa a Plataforma Loxística e Industrial de Salvaterra-As Neves, PLISAN

Publicación da iniciativa, BOPG nº 293, do 21.05.2014

7.5. 21412 (09/POP-001893)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Martínez García, María Consuelo

Sobre a actuación prevista polo Goberno galego en relación coa eventual destrución de emprego en Galicia, o traslado a Portugal ou a merca do material nese país polas empresas do sector da automoción e, nomeadamente, por PSA Peugeot Citroën

Publicación da iniciativa, BOPG nº 266, do 03.04.2014

7.6. 24309 (09/PUP-000123)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Beiras Torrado, Xosé Manuel, e sete deputados/as máis
Sobre a apertura dos comedores escolares no verán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 304, do 18.06.2014

7.7. 22468 (09/POP-001992)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Baamonde Díaz, Agustín, e sete deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coas iniciativas de dinamización cultural en espazos de interese patrimonial que está a desenvolver na actualidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 282, do 02.05.2014

7.8. 23897 (09/POP-002124)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen, e cinco deputados/as máis
Sobre os obxectivos da Consellería de Sanidade respecto da xestión dos laboratorios que se van segregar do novo hospital privado de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 302, do 10.06.2014

Retómase a sesión ás dez da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a avaliación da xestión do Goberno galego en relación cos sectores estratéxicos da economía. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 8.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 8.)

Réplica do autor: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 9.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 10.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a xestión do Goberno galego respecto da crise económica. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)*. (Páx. 11.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 11.)

Réplica do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)*. (Páx. 12.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 13.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Yolanda Díaz Pérez, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre o continuo aumento da débeda pública. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Pérez (AGE)*. (Páx. 14.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 15.)

Réplica da autora: *Sra. Díaz Pérez (AGE)*. (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 16.)

Declaración institucional

A señora presidenta le unha declaración institucional relativa á consecución do dominio da internet “.gal”, que a Cámara aproba por asentimento. (Páx. 17.)

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Xosé Manuel Beiras Torrado, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo parlamentario referido ao Plan xeral de control tributario, así como os criterios xerais aprobados ao respecto na Resolución da Dirección da Axencia Tributaria de Galicia do 16 de maio de 2014. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 18.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)* (Páx. 20.), *Sr. González Santín (S)* (Páx. 21.) e *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 22.)

Nova intervención do señor Sánchez García (AGE). (Páx. 23.)

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteproyecto de lei de mutuas da Seguridade Social. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 24.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 24.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Santalices Vieira (P)*. (Páx. 26.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 27.), *Sra. Díaz Pérez (AGE)* (Páx. 28.) e *Sra. Acuña do Campo (S)*. (Páx. 31.)

A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 31.)

Votación das proposicións non de lei

O señor Dorado Soto (P) intervén para comunicar o resultado da transacción. (Páx. 32.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Javier Dorado Soto e D. Javier Jorge Guerra Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o mantemento do partido xudicial de Vigo na redacción da futura lei de demarcación e planta xudicial: *aprobado por 74 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 32.)*

O señor Camino Copa (P) intervén para comunicar o resultado da transacción. (Páx. 32.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Ángel Camino Copa e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co patrimonio arqueolóxico, histórico e cultural dos concellos lucenses do Incio, Samos e Sarria: *aprobado por 66 votos a favor, ningún voto en contra e 8 abstencións. (Páx. 32.)*

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Gallego Calvar e dous deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia e a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reforma imposta, á marxe do Pacto de Toledo, na Lei 23/2013, do 23 de decembro, reguladora do factor de sostibilidade e do índice de revalorización do sistema de pensións da Seguridade Social: *rexeitada por 32 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 33.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa negociación do incremento do canon que se paga ás concesionarias das autovías do Salnés e da Barbanza: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 33.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a María Consuelo Martínez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos accidentes laborais e a precariedade laboral: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 33.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia sobre a constitución dunha comisión parlamentaria especial non permanente para o estudo das listas de espera da sanidade en Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 33.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Xosé Manuel Beiras Torrado, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo parlamentario referido ao Plan xeral de control tributario, así como os criterios xerais aprobados ao respecto na Resolución da Dirección da Axencia Tributaria de Galicia do 16 de maio de 2014: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 33.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteproxecto de lei de mutuas da Seguridade Social: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 34.)

Interpelación do G.P. dos Socialistas de Galicia sobre a proposta de supresión dos partidos xudiciais de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Sestayo Doce (S).* (Páx. 34.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 36.)

Réplica da autora: *Sra. Sestayo Doce (S).* (Páx. 38.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 40.)

Interpelación de D. Francisco Caamaño Domínguez e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a licitación dun contorno virtual de aprendizaxe para o ámbito educativo non universitario e dos contidos curriculares dixitais para determinados cursos de ensino obrigatorio. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Caamaño Domínguez (S).* (Páx. 42.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Vázquez Abad).* (Páx. 44.)

Réplica do autor: *Sr. Caamaño Domínguez (S).* (Páx. 46.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Vázquez Abad).* (Páx. 47.)

Pregunta de D^a María Tereixa Paz Franco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para acadar o indulto e evitar o ingreso en prisión das persoas condenadas pola súa participación en conflitos laborais. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Paz Franco (BNG)*. (Páx. 49.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 50.)

Réplica da autora: *Sra. Paz Franco (BNG)*. (Páx. 51.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 51.)

Pregunta de D^a Rosa Oubiña Solla e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre o modelo de atención que vai desenvolver o Centro de recuperación integral previsto na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Oubiña Solla (P)*. (Páx. 52.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 52.)

Réplica da autora: *Sra. Oubiña Solla (P)*. (Páx. 53.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 53.)

Pregunta do G.P. dos Socialistas de Galicia sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, para evitar os efectos que está a ter no desenvolvemento das festas tradicionais. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez Bugallo (S)*. (Páx. 54.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 54.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez Bugallo (S)*. (Páx. 55.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 56.)

Pregunta de D^a María do Carme Adán Villamarín e D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns do estado de paralización en que se atopa a Plataforma Loxística e Industrial de Salvaterra-As Neves, PLISAN. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 57.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 58.)

Réplica da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 58.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 59.)

Pregunta de D^a María Consuelo Martínez García, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a actuación prevista polo Goberno galego en relación coa eventual destrución de emprego en Galicia, o traslado a Portugal ou a merca do material nese país polas empresas do sector da automoción, e, nomeadamente, por PSA Peugeot Citroën. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Martínez García (AGE)*. (Páx. 60.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López)*. (Páx. 60.)

Réplica da autora: *Sra. Martínez García (AGE)*. (Páx. 61.)

Réplica da Xunta *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López)*. (Páx. 61.)

Pregunta de D. Xosé Manuel Beiras Torrado e sete deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a apertura dos comedores escolares no verán. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Vázquez Díaz (AGE)*. (Páx. 62.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero)*. (Páx. 63.)

Réplica do autor: *Sr. Vázquez Díaz (AGE)*. (Páx. 64.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero)*. (Páx. 64.)

Pregunta de D. Agustín Baamonde Díaz e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego en relación coas iniciativas de dinamización cultural en espazos de interese patrimonial que está a desenvolver na actualidade. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Baamonde Díaz (P)*. (Páx. 65)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Vázquez Abad)*. (Páx. 66.)

Réplica do autor: *Sr. Baamonde Díaz (P)*. (Páx. 66.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Vázquez Abad)*. (Páx. 67.)

Pregunta de D^a María Carmen Acuña do Campo e cinco deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os obxectivos da Consellería de Sanidade respecto da xestión dos laboratorios que se van segregar do novo hospital privado de Vigo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 68)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade (Mosquera Álvarez)*. (Páx. 68.)

Réplica do autor: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 69.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade (Mosquera Álvarez)*. (Páx. 70.)

Remata a sesión ás dúas e trinta e catro minutos da tarde.

Retómase a sesión ás dez da mañá.

A señora PRESIDENTA: Reiniciamos a sesión co punto seis da orde do día, que é o de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a avaliación da xestión do Goberno galego en relación cos sectores estratéxicos da economía

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, para formular a súa pregunta, don José Luis Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor presidente, vostede leva cinco anos sen comparecer nunca neste Parlamento para dar conta das súas viaxes oficiais, probablemente nun recoñecemento tácito de que non ten nada que contar.

Entre os obxectivos desas viaxes está a promoción turística. Os últimos datos indican que temos a rendibilidade hoteleira máis baixa do Estado: se no ano 2010 era dous terzos da media española hoxe é pouco máis dun terzo. En cinco anos a rendibilidade en Galicia por habitación baixou un 16 %, mentres a media española subía un 14, trinta puntos de diferenza. E ademais temos un dos peores índices de ocupación hoteleira de España.

Na primeira praza turística de Galicia –Santiago– a rendibilidade por habitación é a mesma que en Zamora ou Valladolid, moi inferior a cidades directamente competidoras como si son Vitoria, Santander ou Pamplona. Por non falar da rendibilidade nas cidades vascas, que xogan noutra liga tamén aquí. No primeiro cuadrimestre deste ano a rendibilidade foi de 23 euros por habitación e a estancia media está baixando. En consecuencia, a día de hoxe hai 53 hoteis galegos que están en venda, aluguer ou traspaso; unha situación, segundo fontes do sector, que fala claramente dunha explotación por baixo do umbral de rendibilidade.

Sen embargo, os operadores turísticos non estiveron con vostede en Hamburgo. Vostede non permitiu que alí se puideran vender camas, produtos turísticos, paquetes, servizos de ocio ou comercio. Vostede quería vender tópicos –artesanía, emigración, produtos galegos–, e máis tópicos aínda ofrecendo unha recepción no buque *Juan Sebastián Elcano*, en forma-

tos anacrónicos, cando estamos a falar dun sector ultra profesionalizado que acostuma ir ás feiras para vender produtos e non tópicos. Tamén en Xapón vostedes promocionaron o turismo no Instituto Cervantes; falaban alí de surf e de cursos de español, de novo sen empresarios. Para vostede o turismo é retórica e non un negocio tanxible. Nos principais destinos turísticos de España é impensable que a Administración non actúe da man en todo momento dos sectores empresariais. Aquí evitan coidadosamente esa participación.

Señor presidente, ¿por que cando falamos dun sector estratéxico e de enorme peso na economía galega como é o turismo vostedes manteñen unha posición de desconfianza, afastamento ou menosprezo do sector? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señora presidenta.

Señoría, fálame vostede, no enunciado da pregunta, dos sectores estratéxicos da economía de Galicia e posteriormente, nesta intervención oral, fálame tan só dun deles. Comprendo, en consecuencia, que do resto non ten vostede moito que engadir. En todo caso, señoría, como é natural, gustárame falar –como é lóxico– do que vostede quere que falemos, do turismo.

Si quero dicirlle, señoría, que os sectores estratéxicos da economía galega forman parte da axenda do Goberno en todas e cada unha das súas viaxes. Debería de saber, señoría, que todos os sectores estratéxicos da economía galega –a automoción, o sector das TIC, o agroalimentario, a pesca, a conserva, o turismo, o téxtil e o naval– están hoxe mellor que cando chegamos ao Goberno no ano 2009 (*Murmurios.*) e están hoxe mellor que cando volvemos gañar as eleccións no ano 2012. (*Murmurios.*)

Pero, señoría, dado que me fala vostede da viaxe a Alemaña, quero dicirlle –como sabe a Cámara– que o secretario xeral de Relacións Exteriores comparece inmediatamente para dar conta. Incluso o Grupo Parlamentario Popular soe formular preguntas a algún membro do Goberno que me acompaña para dar conta inmediatamente no Pleno do contido e alcance desa viaxe.

Señoría, debería de saber que, efectivamente, estivemos en Hamburgo cun colega seu, cun socialdemócrata alemán: é o presidente do länder de Hamburgo e ademais é o alcalde da cidade. Foi o que fixo a reforma laboral do señor Schroeder, é dicir, foi o que fixo unha reforma laboral moi parecida á que vostedes están en contra en España. Certo e verdade, señoría, que os socialdemócratas alemáns saben a onde van e vostedes, lamentablemente, aínda non sabemos quen vai ser o seu líder.

En todo caso, señoría, gustaríame dicirlle algunhas cuestións en relación ao turismo. Mire, señoría, o certo é que o turismo no ano 2013 en Galicia incrementou o número de viaxeiros nun 4,9 %; en España, o 1 %. España conseguiu no ano 2013 volver a ser a segunda potencia do mundo no turismo; e dentro desa gran nación, España, en materia de turismo Galicia creceu –os seus viaxeiros– un 4,9 % e un 1 % España na súa totalidade. E dentro do turismo o máis importante é o turismo internacional, onde crecemos un 11 %. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señoría, se quere coller vostede os datos do primeiro cuadrimestre do ano 2014, en España os viaxeiros subiron un 4,7 %; en Galicia, tres veces máis, un 13,7 %. Hai un dato que seguro que vostede poderá, sen dúbida, celebrar igual ca nós: por primeira vez na historia dos peregrinos dos camiños de Santiago, este cuadrimestre do ano 2014 o número de peregrinos estranxeiros supera o número de peregrinos nacionais.

En todo caso, señoría, como vostede comprenderá, se lle parece ridículo...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...presentar o turismo de Galicia no buque *Juan Sebastián Elcano*, o que parece ridículo, señoría, é que vostede diga que non foron turoperadores galegos cando o que recibimos foi a 40 turoperadores alemáns. Do que se trata é de que veñan, señoría. Non lle oculto que a política de turismo do Partido Socialista Obreiro Español non a coñezo. Do que se trata é de que os alemáns veñan, non de que vaiamos nós. Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Réplica do señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor Feijóo, hai que ter moito atrevemento para falar de cifras en sectores estratéxicos e comparalos co ano 2009. ¿Ou acaso vostede non coñece ou quere mentir diante desta Cámara negando que na área industrial de Galicia se perderon un de cada catro empregos? ¿Ou temos que falar do retroceso escalofriante que ten representado o I+D en Galicia? ¿Ou temos que falar, señor presidente, do que está ocorrendo cos sectores de alta tecnoloxía?

E xa que vai vostede a Hamburgo, claro que é interesante. Vai falar alí cos socialdemócratas porque aquí non é quen de facer ningunha proposta intelixible. ¿E de que fala en Hamburgo cos socialdemócratas? ¿Fala do movemento de contedores no porto de Hamburgo e de como impulsalo en Galicia? En Galicia o tráfico de contedores significa menos do 2 % do total estatal e no último ano baixou cinco puntos. Señor Feijóo, ¿que fai vostede cos portos de interese estatal en Galicia, onde vostede nomea a todos os seus presidentes para que esteamos retrocedendo e perdendo peso portuario no mapa español? Atacando todo o viño de Galicia, todo o téxtil de Galicia, terá que ser exportado por portos alleos. ¿Que fai vostede nesas áreas? Os competidores chámanse Leixões e chámanse Bilbao, e vostede non o quere saber e vai alí falar de qué se pode facer co gas galego e cos portos galegos.

Señor presidente, volvo ao turismo. Queren privatizar AENA, os aeroportos galegos están en declive dende que vostede goberna, e vostede ¿como vai garantir a supervivencia cando teñen resultados de explotación negativos? ¿Vaina garantir o sector privado? ¿Vaina garantir a ministra de Fomento? ¿Concorda vostede coa ministra de Fomento en privatizar o sector aeroportuario galego?

Vostede reduciu á metade o orzamento de Turismo, esa é a realidade. E cando medra a rendibilidade noutras áreas turísticas de España baixa en Galicia; colla os datos da semana pasada do Instituto Nacional de Estatística. Rendibilidade, señor presidente.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Trátase diso, de ganar e de, por tanto, crear emprego e non destruílo como está ocorrendo.

Vostedes, dos tres millóns que todavía dedican á promoción turística este ano, dous foron para pagar exposicións da

Cidade da Cultura. E con un millón restante vostedes non son quen a levar os empresarios do sector ás principais feiras e conténtanse con actos anacrónicos.

Señor presidente, o sector turístico galego estase queixando...

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Méndez, por favor.

O señor MÉNDEZ ROMEU: ...de marxinação. Teño aquí unha morea de cartas onde nos comentan como non son quen a ser recibidos e a que as súas propostas sexan escoitadas e valoradas. E vostedes propoñennos como principal alternativa na semana pasada...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Méndez.

O señor MÉNDEZ ROMEU: ...a tradución ao galego dun documento relixioso para incentivar o turismo. ¿De verdade non teñen ningunha proposta solvente para o sector turístico galego? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, non se crea que me gustaría falar cos socialdemócratas en España, o que pasa é que de momento non os hai. (*Aplausos.*) En todo caso, señoría, seguirei intentando falar con socialdemócratas en España. (*Aplausos.*)

Mire, señoría, falábame vostede de que en Xapón presentamos no Instituto Cervantes o turismo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, señoría, en Xapón, diante de 40 turoperadores xaponeses, presentámolo na Embaixada. No Cervantes sorprendeunos que vostedes cando estaban no Goberno alugaron unha sede que custa 3 millóns de euros de aluguer ao ano. (*Murmurios.*) Sorprendeunos, señoría. Pero así se entende cales son as súas políticas: 3 millóns de euros de aluguer da sede do Cervantes en Tokio, ¡sorprendente! (*Murmurios.*)

Señoría, pero como vostede me fala do turismo... pois, mire, o clúster do turismo..., a primeira vez que o sector se reúne e formula un clúster é con este Goberno. Con vostedes nin sequera se sentaban a negociar. Diso vostede sabe pouco porque o levaba a outra parte do Goberno –o turismo, me refiro–.

Pero como me fala tamén de cuestións industriais agradézoo. Mire, señoría, o sector da automoción incrementou a súa facturación con relación ao ano pasado un 27 %. Temos o mellor ano de automoción no ano 2013 dende o ano 2008, e a produción deste cuadrimestre do ano 2014 incrementouse un 5,8 % con respecto ao cuadrimestre do ano excepcional, do ano 2013. O sector das TIC, do que tamén me fala vostede, creceu un 2,7 % durante os anos 2012 e 2013; pasamos de ser a sexta comunidade en TIC á quinta comunidade en TIC. Señoría, as empresas mantivéronse, o emprego do sector TIC mantívose a pesar da crise, ¿por que?, porque investimos, entre outras cousas, 1.600 millóns de euros na axenda dixital de Galicia.

Señoría, no sector agroalimentario debería de saber vostede que se incrementou a facturación das cooperativas agrarias nun 13 % e que aumentou o emprego un 7 %. E que a agricultura ecolóxica de Galicia se incrementou o ano pasado na facturación un 11 %. E que no sector lácteo levamos dous anos de incremento dos prezos.

Pero como vostede parece que quere seguir falando do que non sabe, no sector das conservas, señoría, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) o valor de produción das conservas incrementouse con relación ao ano 2009 un 18 %, e as exportacións un 96 %. Señoría, no sector téxtil, do que fala, incrementamos un 8 % a facturación sobre o ano pasado, e somos a rexión de España con máis produción do sector téxtil.

Lamento que non me fale vostede do naval, probablemente porque non pode. Deixáronnos o naval na UCI. E hoxe o 43 % dos contratos do naval fanse en Galicia. (*A señora Sestayo Doce pronuncia palabras que non se perciben.*) Señoría...,

A señora PRESIDENTA: ¡Señora Sestayo!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...¿por que non podemos falar cos socialdemócratas, señoría? ¡Se estaríamos encantados de poder discutir con alguén para chegar a un acordo con alguén!

Supoño, señoría, que o verei hoxe...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
...na posta de largo dun banco con domicilio social en Galicia. Lamento que os socialdemócratas intentaran que non tiveramos ningún banco en Galicia.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a xestión do Goberno galego respecto da crise económica

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

Ten a palabra, señor Jorquera, para formular a súa pregunta.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

“Eu preséntome contra a crise”. Señor Feijóo, isto foi o que dixo vostede o 8 de setembro de 2012, cando foi proclamado candidato. Pasaron case dous anos, pasaron máis de cinco anos desde que accedeu á presidencia da Xunta por primeira vez, e ¿que fixo vostede contra a crise?, ¿que fixo vostede realmente para blindar as políticas sociais? Mire, case 2 de cada 10 galegos están por baixo do limiar da pobreza; máis de 1.000 nenos de familias sen recursos teñen dificultades para poder comer axeitadamente cando menos unha vez ao día; máis de 90.000 fogares galegos teñen todos os seus membros no paro; no 42 % dos fogares galegos as prestacións son a principal fonte de ingreso e os perceptores da Rísiga e das axudas de emerxencia social aumentaron nun 45 % nos últimos anos. Son datos que indican que Galiza vive unha auténtica situación de emerxencia social.

Con estes datos, señor Feijóo, o Tribunal de Cuentas di que Galiza está entre as comunidades que menos invisten por dependente, que está tamén entre as comunidades con máis persoas agardando por recibir unha prestación –por certo, como acontece tamén coa Rísiga e coas axudas de emerxencia social–, o Tribunal de Cuentas tamén di que desde que vostede é presidente baixou o gasto sanitario, e Galiza é xa a terceira comunidade con menos investimento sanitario por persoa.

Mire, vostede non blindou as políticas sociais, vostede dinamitouas, señor Feijóo, e con vostede aumentaron de xeito brutal as desigualdades: “*El patrimonio de los millonarios gallegos aumenta en 236.000 euros al día este año con su Sicav.*” E, mentres tanto, somos a terceira comunidade cos salarios máis baixos, hai case 300.000 galegos e galegas no paro e os que teñen traballo traballan máis horas, pero cobran menos. Cada traballador galego cobra dous euros á hora menos que un traballador español.

Con esta realidade, señor Feijóo, non é de estrañar que Galiza sexa a comunidade onde existe máis insatisfacción coa situación económica familiar, coa situación da vivenda, coa situación do traballo. Por iso, señor Feijóo, despois de cinco anos, ¿segue afirmando que vostede se presentou contra a crise?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
Señoría, teño moi claro que nas eleccións do ano 2012 nos presentamos contra a crise económica; non nos presentamos contra ninguén. Evidentemente, señoría, como vostede sabe, o BNG preséntase contra alguén, que é o Partido Popular. Nós non nos presentamos contra o BNG, presentámonos contra a crise económica que herdamos.

Señorías, ¿cales son as tres cuestións? E reitero ese discurso de investidura: primeiro, seguir garantindo a solvencia económica de Galicia, é dicir, das persoas, das mulleres e dos homes, e das familias que formamos o noso país. En segundo lugar, seguir mellorando a prestación dos servizos públicos e blindalos a pesar da caída bruta dos ingresos públicos. E, en terceiro lugar, contribuír ao crecemento da economía galega.

Señoría, abofé –e vostede sábeo– que entre todos, na gran recesión 2009-2013, neste momento vencemos esa recesión. Neste momento, señoría, xa non hai recesión na economía galega. ¿Por que? Señoría, herdamos, como vostede tamén sabe, unha situación: que no último ano do Goberno bipartito se destruíron nun ano 51.000 empregos, nun ano. Destru-

íronse 50.000 persoas afiliadas á Seguridade Social, no último ano do bipartito, e a economía baixaba, o PIB, o 3,2 %. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Señoría, agora, un ano e medio despois de que nos presentamos ás eleccións, hai máis de 20.000 parados menos, e o PIB volve medrar, a economía galega volve medrar por terceiro trimestre consecutivo.

Señoría, se vostede me pregunta se saímos da crise económica, a resposta é que non, pero creo que vostede debería valorar a sociedade galega e os seus esforzos, porque foi capaz de manterse en mellor posición que a media das comunidades autónomas e chegar a ser entre a segunda e a terceira comunidade autónoma con mellores datos económicos de todo o Estado. Vostede debería de celebralo se realmente quere a Galicia como di que a quere todos os días. Vostede sabe moi ben, señoría, que a taxa de paro baixou 7,2 puntos, sabe moi ben que Galicia foi líder en exportacións no ano 2013, sabe moi ben que no ano 2013, no índice de produción industrial do que falaba o portavoz do Partido Socialista, fomos a primeira comunidade autónoma no incremento e sabe vostede, señoría, que hoxe Galicia mantén o autogoberno.

Cando me fala da Risga, efectivamente, señoría, as políticas sociais van destinadas aos que menos teñen, e por iso fomos quen de pagar a Risga e por iso fomos quen de adicar recursos á Risga. Cando me fala de pobreza, acaban de saír os datos do total de España, e seguimos por debaixo da media de pobreza, en máis de tres puntos que o total de España, a pesar de ser unha comunidade con dificultades demográficas evidentes.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, cando me fala de dependencia, ¿sabe vostede que somos a segunda comunidade autónoma con máis servizos de dependentes do total do Estado? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Unha cousa, señoría, é pagar unha renda mensual para que o maior non saia da casa e outra cousa é crear prazas de centros de día e de residencias da terceira idade. Aí, señoría, creamos máis prazas de centros de día e máis prazas de residencias da terceira idade que durante a bonanza... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* económica do bipartito. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Por iso, señoría, creo que ben merece a pena tomar estes datos en consideración.

Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o señor Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

Mire, señor Feijóo, á parte de topicazos de que o Bloque se presenta contra o PP e vostedes non se presentan contra ningún, vostede segue substituíndo a realidade pola propaganda.

Mire, se lle fixeramos caso a vostede, teríamos que concluír que a insatisfacción dos galegos é froito de que os galegos e as galegas, como todo o mundo sabe, nos queixamos de vicio, é froito de que o Instituto Nacional de Estatística de Madrid está comprado pola oposición. Porque mire o que di o INE fronte aos seus datos: *“El crecimiento gallego se estanca mientras España tira timidamente”*. O PIB en Galiza medra un ridículo 0,1 % fronte ao 0,4 % español. Isto é o que di o INE, señor Feijóo. Ademais di que a causa principal é a febleza do consumo privado e a caída do gasto público. En definitiva, que a causa principal son as súas políticas, señor Feijóo.

Pero, mire, doulle máis datos: *Galicia sufre el mayor recorte de crédito a familias y empresas de toda España. Los préstamos caen más de 3.100 millones en el primer trimestre, cinco veces más que la media nacional.* Señor Feijóo, non son datos do BNG. E con estes resultados vostede vende como un éxito que Novagalicia Banco pase a mans de Banesco. ¿Sabe o primeiro que fixo Banesco despois de mercar Novagalicia Banco?, ¿sabe que foi o primeiro que fixo? Situar a sede do seu grupo financeiro internacional en Panamá, un paraíso fiscal.

Mire, as súas políticas están levando a Galiza á ruína social e económica e tamén á ruína política. Voulle citar outra cousa que tamén dixo vostede: *Feijóo se opondrá a cualquier revisión constitucional que suponga una merma de las*

competencias que corresponden a Galicia ante una posible revisión del estatus de Cataluña en la Carta Magna. Mire, esta frase é o resumo da súa dimisión como presidente de Galicia. Vostede non ten proxecto de país....

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor JORQUERA CASELAS: ...vostede non exerce e non defende o autogoberno, o único que lle preocupa é que outros o amplíen. Actúa, en definitiva, como lacai do Goberno central e como mamporreiro das reivindicacións nacionais. Pero, mire, por moito que lle pese, o modelo de Estado está en revisión e con vostede Galiza corre o risco de quedar no vagón de cola, de perder o último tren....

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: ...porque vostede, señor Feijóo, é a ruína deste país. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Si, señoría, non é ningún tópico, é simplemente ler o slogan da campaña de cada partido electoral. O slogan do Partido Popular era “Galicia, o primeiro”, e o slogan do BNG era “Para facerlles fronte”. (*Aplausos.*) Polo tanto, señoría, non estou utilizando ningún tópico, estou simplemente recordando para que se presentan ás eleccións. Pero por se acaso houbera dúbidas, hai que ver o que fai o BNG sempre, hai que ver o que fai o BNG ante a falta de goberno no Concello de Ourense e no Concello de Lugo, que é que non governe o partido máis votado que gañou as eleccións.

Mire, señoría, por moito que lle pese e a pesar de que vostedes levaban as cuestións do benestar, en escolas infantís incrementamos un 58 % as prazas, vólvollo dicir: 3.156 en centros de día, un 220 % de prazas máis, 1.500 máis en residencias da terceira idade, e a pesar da crise hai máis de 1.100 prazas públicas máis, é dicir, un 16 %. E na Risga hai 4.000 persoas que cobran máis, é dicir, un 54 %, efectivamente. Se quere falar vostede de educación, temos as taxas universitarias máis baixas de España, e incrementamos un 58 % as prazas de formación profesional públicas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Se quere falar

de sanidade pública, dígame en que lugar de España se están facendo máis hospitais e máis centros de saúde que en Galicia, en ningún. Esta é a política social, señoría, (*Aplausos.*) o demais son, como é natural, opinións.

Mire, señoría, gústelle ou non lle guste –supoño que lle gustará–, hoxe hai 20.400 parados menos que hai un ano, e hoxe hai nada máis e nada menos que menos parados dos que había no ano 12; polo tanto, temos menos parados agora que cando empezou esta segunda lexislatura. Supoño que debería vostede de alegrarse.

Señoría, sobre o tema do PIB 2009-2013, vostede colle os primeiros meses de 2014. ¡Alá vostede, señoría! Eu collo os cinco anos completos, falaremos de 2014 segundo vaia evolucionando, pero o certo e verdade é que somos a terceira comunidade autónoma onde menos baixou o PIB.

En relación coa situación de Galicia, despois de cinco anos de crise, hai un dato contundente, a vostede que lle gustan agora as enquisas do INE. Isto non é unha enquisa, señoría, estes son os datos. Os datos, señoría, son que en converxencia en renda, é dicir, na renda media dos galegos en relación cos españois, durante os cinco anos de crise Galicia subiu do 88,4 ao 91,6; é dicir, 3,2 puntos. Converxemos en renda coa media de España durante os cinco anos da crise económica. Este dato é o suficientemente contundente, señoría, como para seguir agregando. ¿Por que? Porque o pobo galego sabe o que quere e por iso vota libremente nas eleccións, e por iso vostedes teñen estes resultados...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e nós estamos no Goberno.

E o Goberno galego, señoría, non vai levar nunca ao pobo galego contra as cordas; o Goberno galego, señoría, dá conta da súa política social, dá conta da súa política económica e dá conta do autogoberno. Hai territorios que queren ser nacións. ¿Sabe o que lles pasa a eses territorios? Que están intervídos. Nós somos unha nacionalidade histórica, ¿sabe o que nos pasa á nacionalidade histórica?...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):

Que temos mellores datos sociais e mellores datos económicos que alí onde gobernan os nacionalistas.

Moitas grazas, señorías. *(Aplausos.)*

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor. ¡Silencio, por favor! *(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Señora Martínez, non ten a palabra. ¿Quere que a chame á orde?

Ten a palabra a señora Yolanda Díaz... *(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Ten unha chamada á orde, señora Martínez.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Yolanda Díaz Pérez, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre o continuo aumento da débeda pública

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, para formular a súa pregunta, dona Yolanda Díaz Pérez. E prego silencio, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: Bos días, señora presidenta; bos días, señor Feijóo.

Eu agradézolle que lle lembrara ao compañeiro Jorquera, efectivamente, un dos primeiros puntos do seu discurso de investidura, no que vostede dicía que, efectivamente, quería deixar ou garantir a solvencia de Galicia, e xustamente isto é o que vostede non fixo. A nosa comunidade autónoma, o noso país, hoxe non é solvente, segundo están a reflectir os datos do propio Banco de España. Acábanse de publicar os datos de débeda do primeiro trimestre deste ano, e son tremendos, señor Feijóo; son tremendos no conxunto das administracións públicas, superando 1.228 millóns de euros, e son tremendos no noso país.

Temos un récord histórico. Por primeira vez Galicia supera os 10.000 millóns de euros de débeda; exactamente, segundo di o Banco de España, 10.028 millóns de euros.

Vostede neste intre ten tamén un récord histórico, e é que a débeda pública galega crece a un ritmo superior que a media estatal. Namentres que a media estatal crece a un ritmo do 7 %, a débeda galega crece a un ritmo do 10 %.

A nós gustaríanos, señor Feijóo –a vostede que lle gusta compararse sempre coas medias estatais–, que nos explique por que a nosa débeda crece a este ritmo vertixinoso. Tamén nos gustaría que nos dixera por que o Banco de España está sinalando que tan só nun mes do ano 2014 a débeda galega se incrementou en 895 millóns de euros, a razón, señor Feijóo, de 10 millóns diarios de débeda; débeda que, como ben sabe vostede, aínda non sabemos a que vai dirixida. Porque a débeda que vostede está a contraer dende logo non vai, como acaba de dicir, para garantir as prestacións dos grandes dependentes, das grandes dependentes do noso país, non vai para mellorar a sanidade pública, por certo, desa casta privatizadora da sanidade á que o seu equipo de goberno pertence –non o digo eu, acábbase de publicar un informe que sinala que somos a terceira comunidade autónoma no ránking das privatizacións sanitarias–. Insisto, non o digo eu.

E tamén quero dicirlle, señor Feijóo, que no día de hoxe a débeda galega supón nada máis e nada menos que o 20 % do noso orzamento e o 18,2 % do PIB. Pero é que vostede ten unha herdanza: que cando chegou tiña unha débeda pública de 3.954 millóns de euros, tan só o 3 % do orzamento, e hoxe –insisto– é o 20 %. Explíquenos, por favor, señor Feijóo, que é o que está a pasar.

E tamén explíquenos isto, señor Feijóo: ¿por que o señor Montoro está dicíndonos que nos está saíndo moi cara a soberbia do Partido Popular de Galicia por non entrar no FLA? ¿Por que os galegos e galegas temos que afrontar un sobrecusto de preto de 200 millóns de euros –non o digo eu, dío o señor Montoro–, a razón tamén de 30 millóns...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...anuais, por esa soberbia de non querer entrar nese marchamo que é o Fondo de Liquidez Autonómica?

Insisto, non son datos meus, dío o señor Montoro.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):

Señoría, alégrome de que lle preocupe o incremento da débeda pública. E alégrome porque entendo que cando presentamos os presupostos do ano 2015 nos apoiarán para volver reducir o déficit público. Porque, como saben, se incrementamos o déficit público, incrementase a débeda. E como de momento esta mañá vostede está preocupada polo incremento da débeda, espero e desexo contar co seu visto e praxe para seguir reducindo o déficit público e, polo tanto, seguir garantindo a solvencia das contas públicas. *(Aplausos.)*

Señoría, como comparto con vostede a preocupación pola débeda pública, quero darlle os datos completos. Somos a segunda comunidade autónoma en que menos se incrementou a débeda entre o ano 2009 e o ano 2013; a segunda. E, ademais, cando herdamos o Goberno, a ratio de débeda pública sobre a riqueza de Galicia era superior á media das comunidades autónomas, e agora a ratio de débeda pública sobre o PIB galego está por debaixo en 3,2 puntos á media das comunidades autónomas.

Señoría, a vostede, que le parcialmente os datos económicos, preocúpalle que incrementamos a débeda o primeiro cuadrimestre. ¿Sabe por que, señoría? Porque colocamos toda a débeda pública en quince días. ¿Sabe por que, señoría? Porque temos a maior ratio de solvencia, xunto con outras dúas comunidades autónomas de España. Pero como vostede, se acaso, ten dúbidas, mire, en Galicia somos, despois de Madrid, a segunda comunidade autónoma con menor incremento da débeda, a segunda menor. En España, a débeda incrementouse de media un 205 % durante a recesión; en Galicia, 65 puntos menos que Andalucía, por exemplo, e 50 puntos menos que na media de España.

Se quere vostede mirar a débeda sobre o PIB, en Galicia estamos en 18,2 %; na media de España, no 21,7 %. Se a vostede lle preocupa, debería preocuparlle tamén a débeda pública das empresas públicas galegas; quero dicirlle que a baixamos un 46 %. As empresas públicas galegas teñen un 46 % menos de débeda, de 305 millóns a 163. Andalucía –non lle dei o dato– só a multiplicou por 3,5. É dicir, nós baixamos un 46 % e Andalucía triplica por 3,5 %. En Galicia,

señoría, baixamos a débeda un 46,6 % das empresas públicas; en Andalucía, incrementárona un 253 %.

Mire, señoría, *(Murmurios.)* pero se nos últimos cinco anos queda claro que Galicia é a segunda comunidade onde menos se incrementou a débeda e queda claro que as empresas públicas galegas baixaron a súa débeda un 46 %, se quere vostede coller a do último cuadrimestre –que vostedes fai estatísticas por semanas–, se quere coller...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):

...este último cuadrimestre, quero dicirlle que nas comunidades onde gobernan, en Andalucía, no último cuadrimestre deste ano, incrementouse a débeda un 24 %; en Asturias, un 27 % e en Galicia, un 5,3 %.

Señoría, estou absolutamente convencido de que revisará os seus datos, pero anticipolle que a finais deste ano 2014 a débeda pública galega será inferior á que hai hoxe no primeiro cuadrimestre do 2014.

Moitas grazas, señorías. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica da señora Díaz Pérez.

A señora DÍAZ PÉREZ: Señor Feijóo, eu non collo os datos nin por semanas nin por nada, é o Banco de España quen acaba de publicar o primeiro trimestre.

Xa que lle fai oposición ao Goberno andaluz, voulle lembrar... Isto está en pequeniño, e eu son de latín e de grego, pero de verdade que son quen de entender ata este cadriño. E aquí de verdade é que o incremento que vostede ten, vostede e o seu mandato, pasa a ser do 8,7 a, na actualidade, do 18,2, en termos de PIB.

Pero, mire, é que está faltando á verdade respecto de Andalucía. Andalucía sitúase no 18,5, di o Banco de España. Non sei se agora o Banco de España é marxista-revolucionario –igual o é, eu coido que non–, se está ao servizo do capital e se está publicando ou está desmentindo ao señor Feijóo. E os incrementos que vostede cifra non son reais.

Señor Feijóo, cando vostede chega, ten unha herdanza de 3.954 millóns de euros. Vólvolle dicir que nun mes se incrementou a débeda pública galega en 895 millóns de euros.

Queremos unha explicación, señor Feijóo, déanos unha explicación. ¿A que vai dirixida esa débeda pública? Porque, insistimos, se a débeda pública vai para abrir comedores escolares en verán, se a débeda pública vai para mellorar as pensións dos nosos galegos e galegas, se vai para crear emprego, vai contar co apoio de Alternativa Galega de Esquerda. O problema é que non é así.

Queremos que nos explique o do FLA e queremos que nos explique tamén rapidamente o informe do Tribunal de Contas, señor Feijóo, porque o informe do Tribunal de Contas acaba de dicirnos –tampouco sospeitoso de ser marxista-revolucionario- leninista e moito máis– que vostede gasta moito, mal e opacamente; acábanos de dicir que ten modificacións de crédito milmillonarias, sen xustificar por que mudan a súa orixe; acábanos de dicir que teñen desviación de gastos, de exercicios, que imputan a outros lados; acábanos de dar a razón –lembrará o señor Rueda– cando lle dicíamos que vostedes imputan os gastos financeiros como capítulo VI, como inversión, cando non é correcto...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...e acaba de dicirnos que ocultan débeda nesas colaboracións público-privadas, como o hospital privado de Vigo, e tamén coas peaxes da AP-9.

Por favor, señor Feijóo, ou mente o Tribunal de Contas ou, por favor, explíquenos estes datos, que son do Banco de España e do Tribunal de Contas, e díganos, por favor, por que crece tanto...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...a débeda do noso país, porque non somos capaces de entendelo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
Moitas grazas, señoría.

É sorprendente que despois de dar os datos de todo o período de cinco anos onde se acredita que Galicia é a segunda comunidade autónoma onde menos se incrementou a débeda vostede siga, siga e siga. É sorprendente que onde volve-mos acreditar que nos últimos cinco anos a débeda das empresas públicas en Galicia baixa e no resto de España sobe, especialmente en Andalucía, vostede siga, siga e siga.

Sobre o último cuadrimestre, xa llo expliquei, señoría. É que Galicia é solvente e coloca a súa débeda pública, unha mañá 500 millóns de euros en 15 minutos, porque tiñamos ofertas por 3.000 millóns de euros e só necesitabamos 500. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É por iso, señoría, polo que se incrementa a débeda nos primeiros meses. ¿E sabe por que? Porque estamos pagando os provedores nos prazos inferiores a 30 días. *(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)* Porque Galicia paga, señorías...

A señora PRESIDENTA: Señor Fajardo, segunda chamada á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
...porque Galicia paga as súas facturas, e outras comunidades autónomas non pagan as súas facturas, señoría.

Que me fale vostede de Andalucía como exemplo de xestión acredita a súa política económica. Gustaríame que seguira falando de Andalucía sempre que queira.

Pero como de Andalucía vostede se sente orgullosa, debería de sentirse orgullosa sobre o que fan aquí. Mire, señoría, ¿cal é o seu modelo, para aclarar nesta sesión de control, *(Murmurios.)* que aumente a débeda pública ou que diminúa a débeda pública? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Mire, señoría, no ano 2014 pedían vostedes que se reducira a débeda pública. É máis, plantexaban que non se pagara a débeda pública. E, sen embargo, despois, presentan unha emenda onde solicitan o incremento do teito de gasto para o ano 2014, incrementando a débeda pública 250 millóns de euros máis do que a temos aprobada. *(Murmurios.)*

Señoría, ¿en que quedamos? ¿Parécelle pouco ter 250 millóns de euros menos dos que vostedes piden? Señoría, un pouco de claridade, aínda que sexa un esforzo excesivo.

Mire, señoría, volvo reiterar: non acudimos aos mecanismos de rescate; non acudimos aos mecanismos de rescate porque as familias galegas, a sociedade galega, a Administración pública galega son solventes. E parece que a vostede lle preocupa. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Mire, con respecto ás colocacións de débeda pública de Galicia, se foramos ao Fondo de Liquidez Autonómica, estaríamos pagando 22 millóns de euros máis; diga o que diga o secretario de Estado de Administracións Públicas; (*Murmurios.*) diga o que diga o secretario de Estado de Administracións públicas. Xa ve, señoría, que nós non seguimos o pensamento único dentro do partido ao que pertencemos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non imos acudir aos mecanismos de rescate, señoría, (*Aplausos.*) non imos acudir.

Señoría, é certo que Andalucía recibiu tan só 8.000 millóns de euros do Fondo de Liquidez Autonómica. ¿Por que? Porque non é capaz de colocar a súa débeda pública no mercado. ¿Por que? Porque consideran que non é unha administración solvente...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): As axencias de rating acaban de subir a solvencia da Comunidade Autónoma outra vez. ¡Menos mal que vostede non traballa para elas!

Señoría, en definitiva, ¿sabe a que dedicamos a débeda pública? Mire, a facer hospitais, a facer centros de saúde, (*Murmurios.*) a facer garderías, a facer centros sociais, a facer colexios, a incrementar os comedores escolares. Señoría, dedicamos a débeda pública a manter os servizos públicos esenciais. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, como vostede pode imaxinar, os galegos saben moi

ben en que gastamos o seu diñeiro. Iso si, gastamos menos que catorce comunidades autónomas, porque, xunto con Madrid, somos os que menos incrementamos a débeda pública.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

Declaración institucional

A señora PRESIDENTA: Antes de continuar co desenvolvemento da orde do día, os grupos parlamentarios fixéronme chegar unha declaración institucional, á que vou dar lectura:

“O Parlamento de Galicia quere recoñecer publicamente o gran logro que supón para o noso pobo a consecución do dominio “.gal” e darlle os parabéns á Asociación PuntoGal polo traballo, entusiasmo e dedicación para acadar este obxectivo.

Ter un dominio propio é un paso importante para a comunidade que agora ten unha marca propia que identifica a nosa lingua e a nosa cultura en internet e que lles dá unha maior visibilidade aos contidos escritos en galego nesta plataforma. É unha ferramenta chave para potenciar o uso do galego na internet, dotar a nosa cultura dun novo instrumento para aumentar a súa visibilidade e facilitar que as empresas gañen en proximidade co público galego.

Por este motivo facemos un chamamento a todas as institucións, asociacións e persoas para que se involucren na posta en funcionamento do dominio. Singularmente, o Parlamento de Galicia declara a súa vontade de incorporarse ao programa Pioneiros desta iniciativa e de ofrecer todo o apoio á Asociación PuntoGal no labor de difundir este proxecto, de contribuír a facer visible a nosa lingua e cultura e de situar Galicia no mapa mundial das comunicacións por internet”.

(*Apróbbase por asentimento.*)

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Continuamos co desenvolvemento da orde o día, co punto catro de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Xosé Manuel Beiras Torrado, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo parlamentario referido ao Plan xeral de control tributario, así como os criterios xerais aprobados ao respecto na Resolución da Dirección da Axencia Tributaria de Galicia do 16 de maio de 2014

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

(Murmurios.)

Silencio, por favor, prego silencio ás súas señorías.

Ten a palabra don Antón Sánchez García polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Prego silencio, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

Aquí algo falla, porque, se fora certo o que comentou o señor presidente da Xunta, estaríamos sufrindo oleadas de inmigrantes vascos e andaluces, *(Aplausos.)* e teríamos que estar preocupados por que non se crearan guetos de chabolistas vascos e andaluces. E hai dous días o Instituto Nacional de Estatística publicou os datos que din que somos máis de dez mil galegos menos cada ano, porque tanto o saldo migratorio como o saldo vexetativo é negativo. Aquí algo falla, debe de ser que en vez de ir de emigrantes os galegos van de misioneiros a explicarlles como se consegue a solvencia. *(Aplausos.)*

Isto é indignante, a comparecencia do señor Feijóo cada día supérase en indignidade...

A señora PRESIDENTA: Señor Sánchez...

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: É que é un mentireiro compulsivo...

A señora PRESIDENTA: ¡Señor Sánchez!

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Non sei se había neve, pero setas alucinóxenas si. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Señor Sánchez, se me deixa...

Señor Sánchez, un momento... Señor Sánchez...

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Desculpe, señora presidenta. Desculpe, descontroleime.

A señora PRESIDENTA: Señor Sánchez.

Señor Sánchez, os debates substáncianse no momento en que se producen, e vostede non pode continuar... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

Perdoen un momento, que estou a falar co señor Sánchez.

Polo tanto, pídlle, por favor, que se centre na súa proposición de lei.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Xa o dicía...

A señora PRESIDENTA: [...] está esperando a próxima chamada á orde, que significará que saia do hemiciclo. Polo tanto, prégole que se tranquilice, porque na próxima chamada á orde abandona vostede o hemiciclo.

Continúe, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Despois, os galegos e galegas tamén están equivocados. É como o chiste daquel que ía en dirección contraria nunha autoestrada escoitando pola radio que había un condutor que ía en dirección contraria. E dicía: Non, son todos os que van en dirección contraria. *(Risos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, moi gracioso, e tristes outras cousas, non son tan graciosas outras cousas, señora Prado, foi falar.

Viña a falar dunha iniciativa tamén importante que demostra o grao de respecto que lle ten o Partido Popular a este Parlamento. Veño a falar dun acordo que se acadou neste Parlamento por unanimidade o 12 de novembro de 2013, hai oito meses, unha proposición non de lei presentada por Alternativa Galega de Esquerda sobre as actuacións que debería levar a Xunta de Galicia para evitar posibles fraudes fiscais nas operacións mercantís e transmisións patrimoniais realizadas polos grandes patrimonios e grupos económicos. A proposta do acordo, en concreto, foi a seguinte: “O Parla-

mento de Galicia insta a Xunta ao cumprimento do Plan xeral de control tributario debendo incluír nel un plan específico e preferente de inspección de grandes patrimonios e grupos económicos para os efectos, entre outros, da comprobación, investigación e inspección tributaria da realización de operacións mercantís e transmisións patrimoniais que puideran ter a finalidade fraudulenta de minorar o pago de impostos, en especial o de patrimonio e de transmisións patrimoniais”. Recentemente, no DOG do mércores 28 de maio publicouse a resolución da Axencia Tributaria de Galicia pola que se aproban os criterios xerais deste plan xeral de control tributario para o 2014, que son basicamente os mesmos que no 2013 e no cal non se inclúe ningún plan nin criterio específico preferente ou de inspección de grandes patrimonios ou grupos económicos, incumpríndose, en consecuencia, o acordo do Pleno do Parlamento citado anteriormente.

Polo tanto, nós queremos saber as razóns para isto, e as razóns polas que o Partido Popular en comisión non apoiou que se cumprise este acordo. ¿Que foi o que cambiou para que o que se consideraba bo hai oito meses agora xa non se considere bo? ¿Que é o que pasa para que non se cumpra un acordo parlamentario?

A loita contra a fraude fiscal debería ser un obxectivo básico da Administración tributaria, centrando prioritariamente as súas accións alí onde maior é a fraude. E onde maior é a fraude é nas grandes fortunas, nos grandes patrimonios, case o 80 % da fraude –como xa se debateu naquel día– prodúcese nos grandes patrimonios. E precisamente a dotación de recursos é inversa, destínase o 80 % dos recursos ás pequenas fraudes, ás fraudes pequenas da xente traballadora, e, en cambio, só o 20 % dos recursos para as grandes fraudes.

Calcúlase aproximadamente a fraude fiscal en 250.000 millóns de euros, case 60.000 millóns de euros máis que ao inicio da crise; é dicir, coa crise aumentou a desigualdade e aumentou, aínda por riba, a fraude fiscal. Polo tanto, a fraude é un problema grave, e a fraude fiscal concéntrase nun sector moi pequeno da poboación, nas grandes fortunas, nas grandes empresas que facturan máis de 150 millóns de euros.

Ademais, os datos e xa o dixemos naquel debate demostran que neste país pagan impostos a clase traballadora e as cla-

ses medias, e cunha tendencia cada vez máis acentuada neste sentido; é dicir, os que cada vez gañan máis pagan cada vez menos, e os que cada vez gañan menos pagan cada vez máis.

Segundo o sindicato dos técnicos de Facenda, a carga fiscal sobre os rendementos do traballo no 2007 era do 72 %, e hoxe supera o 85 %. Aumentou case un 15 %. Mentres que as rendas do capital no 2007 representaban un 28 % dos ingresos do IRPF e hoxe representan menos do 15 %. Nese mesmo período, concretamente no primeiro trimestre do 2013, por primeira vez en moitos anos as rendas do capital superaron as que perciben os traballadores, é dicir, cada vez pagan máis os que menos reciben e cada vez pagan menos os que máis gañan. E o sistema de tributación é profundamente inxusto, cada vez depende máis dos impostos indirectos e non dos directos, que en teoría deberían de ser os máis progresivos. E, aínda encima, a reforma fiscal que presentou o Goberno segue incidindo no mesmo modelo de cargar nas clases medias e baixas o esforzo fiscal e de rebaixar ás grandes fortunas.

Gustaríame aquí dar uns datos. Por poñer un exemplo, un contribuínte rico que declare un millón de euros, do 2014 ao 2016 vai aforrar na cota a pagar polo IRPF un total de 61.338 euros. O seu tipo medio pasa do 50,04 % ao 43,89 %, 6,15 puntos menos, o que equivale a -12,29 %. Un contribuínte medio que declare 30.000 euros, do ano 2014 a 2016 aforra 488,90 euros. O tipo medio pasa de 19,32 % a 17,58 %, 1,64 puntos menos, o que representa o -9 %.

En conclusión, a reforma beneficia máis, tanto en termos relativos como absolutos, as rendas altas. Mantéñense os privilexios das sicav, redúcese o tipo impositivo das grandes empresas, non se toca a normativa do imposto de patrimonio, nin do imposto de sucesións e doazóns, co cal séguese mantendo a bicoca dos beneficios fiscais das sociedades patrimoniais persoais coas que veñen operando estes grandes patrimonios, como o que nós poñemos de exemplo, o de Amancio Ortega, e cuxas prácticas fiscais fraudulentas teñen sido confirmadas por reiteradas resolucións xudiciais e ás cales nós fixemos referencia na iniciativa. Ningunha das modificacións contidas nesta reforma fiscal se refire expresamente aos grandes patrimonios, nin sequera cando a reforma fiscal fala de fraude fiscal fala especificamente de grandes patrimonios. Polo tanto, estas grandes fortunas están de noraboa, báixanlles o tipo impositivo do imposto de socie-

dades e do imposto da renda e mantéñenlles as exencións e bonificacións das súas sociedades patrimoniais. E ao resto da cidadanía báixanlles unha migalla o IRPF pero o aforro non compensa o incremento pasado do IVE e dos impostos especiais e non vai tamén compensar os copagos ou as privatizacións que o PP vai ter que facer para compensar a perda de recadación.

E, polo tanto, a nosa petición de que se cumpra o acordo por unanimidade do Parlamento en novembro é por dúas cuestións fundamentais: primeiro, por respectar os acordos que aquí se toman –iso para empezar–; e outra, para lograr unha pequena medida que camiñe no sentido de conseguir unha sociedade máis equitativa e máis xusta socialmente, onde cada un pague en función das súas posibilidades e onde se tenda a paliar o sufrimento que está a padecer a xente da clase media e da clase traballadora deste país. Esperemos, como hai oito meses, contar co apoio unánime de todos os grupos parlamentarios.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

Deputados e deputadas, o Grupo Parlamentario do BNG vai votar favorablemente esta proposición non de lei. Primeiro, porque participamos do acordo plenario no que se instaba a Xunta de Galiza a cumprir o Plan xeral de control tributario e a que se incluíse no mesmo un plan específico e preferente de control dos grandes patrimonios e grupos económicos. E agora resulta, como xa se expuxo, que nos criterios xerais do Plan de control tributario 2014 non se inclúe ningún plan ou criterio específico de inspección destes grupos.

Moitas veces temos denunciado o ninguneo a este Parlamento por parte do Goberno da Xunta de Galiza. Cremos que este é un exemplo máis. E moitas veces temos denunciado tamén como o Partido Popular usa a súa maioría para pasar o rolo sen atender ningunha das propostas dos grupos

da oposición. E para unha vez que isto non sucede, para unha vez que se chega a un acordo, agora resulta que non se cumpre.

Pero, ademais, imos apoiar esta proposición porque consideramos que a loita contra a fraude fiscal debe ser unha tarefa total e absolutamente prioritaria. E grande parte da fraude fiscal é atribuíbel ás grandes empresas e ás grandes fortunas, sobre todo se por fraude fiscal non entendemos só a evasión fiscal ou a comisión de ilegalidades manifestas senón tamén a elusión fiscal, o recurso a múltiples mecanismos de enxeñería fiscal para conseguir pagar menos á facenda, mecanismos que, por suposto, están fóra do alcance do contribuínte normal.

Por iso, sen ir máis lonxe, no pleno pasado propuxemos a creación neste Parlamento dunha comisión de estudo sobre a fraude fiscal. Naquel debate fixemos alusión a distintos informes de GESTHA, o sindicato de técnicos do Ministerio de Facenda, que falan ás claras da magnitude do problema. En 2011, por exemplo, o volume da fraude fiscal no Estado español era dez puntos superior á media europea. Estaba situada no 23 % do PIB fronte ao 13 % da media europea. Pero, ademais, GESTHA advertía nos seus estudos como o volume da fraude fiscal, lonxe de irse corrixindo, segue aumentando neste tempo de crise. E así, segundo as súas estimacións, no Estado español xa se eleva ao 24,6 % do PIB, e en Galicia está situado xa no 25,6 % do PIB. Polo tanto, un punto máis que a media estatal.

Segundo este sindicato, cada cidadán do Estado español tributa case 2.000 euros máis para paliar os efectos da evasión fiscal, e ten elaborado un estudo que demostra como se podería incrementar no conxunto do Estado en 63.800 millóns de euros a recadación simplemente cunha actuación máis ordenada, máis decidida e con máis medios para combater a fraude fiscal.

E, por suposto, todo isto é tamén de aplicación na Galiza. Quero lembrar que en Galiza residen tres das maiores fortunas existentes no Estado español, e estes mesmos días coñecemos o dato de que o patrimonio dos principais millónarios galegos está medrando a razón de 236.000 euros ao día grazas á rendibilidade das súas sicav, as sicav, que son unha das ferramentas de enxeñería fiscal que utilizan precisamente as grandes fortunas para pagar menos impostos. De feito,

o acordo plenario que se cita nesta proposición foi froito dunha iniciativa de AGE a raíz dunha investigación motivada por que unha desas fortunas galegas non cumprira coas súas obrigas fiscais.

Estamos, polo tanto, totalmente de acordo en que a Xunta, no seu ámbito de competencia, debe reforzar a loita contra a fraude dos grandes patrimonios e grupos económicos. Pero, ademais, dado que Galiza non ten soberanía fiscal, dado que padecemos un sistema de financiamento que condena a Galiza a unha dependencia crónica das transferencias do Estado, pois é o Estado o que xestiona a maioría dos impostos, hai que exixir tamén que o Estado faga o propio. Por desgraza, a reforma fiscal, anunciada polo señor Montoro, non parece ir por ese camiño.

Pero, en calquera caso, reitero, apoiaremos esta proposición.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor González Santín.

O señor GONZÁLEZ SANTÍN: Grazas, presidenta.

Vanme permitir que empece a miña intervención dicindo que falar de fraude fiscal é falar do maior buraco negro que ten a nosa economía. Se nos fixamos nos estudos recentes do CIS sobre o que opina a xente —estamos a falar de xullo de 2013—, o 94,8 % dos enquisados cren que hai bastante ou moita fraude fiscal en España. E, ademais, o 66,9 % considera que o Goberno fai pouco ou moi pouco para evitar esta fraude.

Unha das actuacións que debe levar a cabo calquera goberno, calquera administración que queira loitar contra a fraude, sen dúbida é unha boa planificación a través dos distintos plans de inspeccións anuais. Acaba de saír agora recentemente —hai unha semana ou semana e media— un estudo de Fedea sobre a fraude do IRPF no ano 2009, que diferenza a fraude segundo a orixe da súa renda. E di este estudo que se recada, por exemplo, o 104,86 % das rendas do traballo —é dicir, máis do 100 % das persoas que teñen nómina pagan os seus impostos—. Sen embargo, se falamos do capital mobi-

liario, tan só un 39,08 % se recada por este concepto, un 45,53 % por capital mobiliario, un 52,6 % en rendas empresariais en estimación directa e o 54,7 % en estimación obxectiva.

Coincidirán comigo en que á hora de facer un plan de inspección o lóxico sería ir a onde se atopan as bolsas de fraude. E á vista deste estudo, desde logo, as bolsas de fraude non parece que estean nos rendementos do traballo, no que —como lles digo— máis do cen por cento se recada por parte da Administración.

Aínda que só sexa por capacidade económica, parece máis razoable investigar os grandes patrimonios que os traballadores, sen que da miña intervención se poida interpretar que os traballadores teñan patente de corso, nada máis lonxe da miña intención. Pero, dende logo, apoiaremos esta iniciativa porque cremos que investigar os grandes patrimonios é moito máis rendible para a Administración que investigar os traballadores. E, ademais, porque foi aprobado neste Parlamento, e a Administración ten que cumprir o que neste Parlamento se aproba.

Se se revisa con detemento o Plan de control tributario, verase que se bota en falta, á parte da inspección destes grandes patrimonios, unha proposta de medios para loitar contra a fraude, e unha cuantificación precisa dos obxectivos que teñen que ter. Isto que lles digo non é unha cuestión menor, e ao falar de fraude fiscal estamos a falar da maior distorsión que ten hoxe a nosa economía; distorsións nas decisións empresariais, porque a fraude fiscal distorsiona as decisións que toman as empresas, porque están máis ocupadas en ocultar ou intentar ocultar para que a Administración non as colla onde fan fraude fiscal que en incrementar a dimensión empresarial, innovar ou apostar pola exportación. Lémbrolles que existe unha relación empírica clara, contrastada e inversa entre os niveis de fraude dunha economía e a produtividade por hora traballada. A fraude tamén pode causar distorsións nas decisións de aforro das persoas, que poden levar os seus aforros a activos opacos en vez de poñelos á disposición do mercado financeiro. Ademais, a existencia da fraude supón que exista unha maior presión fiscal nominal para aquelas persoas ou aquelas empresas que si cumpren coa súa obrigación tributaria. A fraude conduce a que haxa unha maior presión fiscal sobre as rendas das persoas e das empresas que si cumpren co fisco.

Por outra parte, a loita contra a fraude fiscal tamén ten unha incidencia directa na resolución dun dos equilibrios máis importantes que ten a nosa economía, o equilibrio orzamentario. Ademais, a loita contra a fraude incrementaría a recadación e reduciría o déficit público. Nin que dicir ten que a fraude fiscal é, por riba de calquera outra consideración, unha fonte de inxustiza e debilitamento das bases éticas do noso sistema. Eu atreveríame a dicir que é a maior das inxustizas que temos no noso sistema; salvo, claro está, que despois aos defraudadores se lles dea unha amnistía fiscal.

Temos que ter en conta, ademais, que a taxa da economía mergullada en Galicia é do 25,6 % nos últimos datos que temos para o 2012, un punto superior que a que existe no resto de España.

Unha das claves para loitar contra a fraude fiscal, sen dúbida, é a utilización de recursos humanos. Cousa á que tampouco fai referencia este plan da Xunta de Galicia. Por certo, na nova reforma fiscal do Goberno do Estado, un goberno que nos levou á taxa de paro máis alta da historia, e que ademais fixo que sexamos o país de Europa con máis paro, quitou dereitos históricos dos traballadores e abaratóu o despido, non fala de fraude fiscal, e pretende obrigar a que os traballadores despedidos teñan que tributar polas súas indemnizacións, o cal non deixa de ser un imposto aos parados.

Para aumentar os ingresos non é necesario subir os tipos das rendas do traballo senón tapar os buracos que existen no noso sistema tributario. España –segundo a OCDE– é o país máis desigual de Europa, onde máis aumentou a fenda entre os máis ricos e os máis pobres –e, repito, non o digo eu, dío a OCDE–. A política fiscal, señores deputados, señoras deputadas...,

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Santín, por favor.

O señor GONZÁLEZ SANTÍN: ...–xa remato– é moito máis que o exercicio dun puro axuste contable, é a que fai posible que poidamos ter servizos públicos como a sanidade, a educación ou os servizos sociais; e é a política pública que senta as bases para avanzar cara a unha mellor cohesión social.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Santín.

Polo Grupo Popular, o señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Si, señorías, a semana pasada esta mesma proposición non de lei foi debatida na Comisión 3ª, e foi rexeitada polo noso grupo. Penso que expuxemos nós as razóns polas que non iamos apoiala e penso que, ademais, houbo unha boa defensa por parte da portavoz do Grupo da Alternativa Galega. E esta semana vólvese traer a este Pleno a mesma proposición non de lei que foi rexeitada na Comisión. É verdade que no medio houbo unha proposta, presentouse unha proposta, de reforma fiscal, que inicia o seu trámite. Unha reforma fiscal que vai facer do noso sistema tributario un sistema tributario máis equitativo, xa que implica unha baixada para as rendas máis baixas. Aqueles que gañan ata 12.000 euros deixan de tributar, aqueles que gañan ata 15.000 teñen unha redución do imposto do 20 % e aqueles que gañan ata 20.000 teñen unha redución do imposto do 10 %. Incrementase a progresividade fiscal, hai máis beneficios sociais para familias con fillos e dependentes, e incrementase tamén a progresividade fiscal das rendas do aforro.

E todo isto sen subir o IVE, ese mantra que tiñan vostedes –hoxe non falaram do IVE pero si que falaban continuamente nos últimos meses–. Impúlsase tamén a creación do emprego a través do reforzo da solvencia favorecendo os apalancamentos das empresas, e incrementase a resistencia das mesmas favorecendo tanto a capitalización como o investimento en I+D+i.

Esta mesma mesma proposición non de lei –non esta mesma senón unha moi parecida– debateuse en novembro de 2012, e o señor Puy xa lles dixo que estabamos de acordo en que un dos piares da loita contra a caída dos ingresos que teñen as administracións é a loita contra a fraude. Para nós a fraude, ademais, ameaza o Estado social, xa que pon en risco a sostibilidade dos servizos públicos e racha cos valores de xustiza e igualdade.

Tendo en conta todo isto, o noso grupo presentou unha proposición non de lei que lle daba respaldo parlamentario ao que a Xunta de Galicia estaba xa a facer, que era intensificar a loita contra a fraude fiscal. Proba diso é que no 2011-2012 se recadan 230 millóns de euros a través do Plan especial de loita contra a fraude, e isto ascende a 150 millóns de euros só no 2013. E para este ano intensifícanse as tarefas de comprobación e investigación, e ademais esta intensificación

está cuantificada cun incremento de 50 millóns de euros que van consignados nos propios orzamentos. E, ademais, no Plan de control tributario de Galicia pónense expresamente as liñas de actuación que afectan aos grandes patrimonios e grupos económicos, e tamén ás operacións mercantís e ás transmisións patrimoniais nos tributos sobre os que a Xunta de Galicia ten competencia: o imposto de transmisións patrimoniais, o imposto de sucesións e o imposto de patrimonio.

É verdade, señor Sánchez, que non o pon na súa linguaxe maniquea, sectaria, incluso mentireira; (*Murmurios.*) faino nunha linguaxe tributaria e societaria. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Cando vostede me di: ¿Onde? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) No plan de control cita expresamente: “Investigación de cambios de titularidade de mobles e inmobles de importante valor”. Cita tamén a comprobación do valor real en sucesións e en doazóns e a comprobación da masa hereditaria. Cita tamén expresamente a investigación da constitución de concesións e autorizacións administrativas. Tamén se cita a vixilancia de bens e dereitos situados no estranxeiro, a declaración tributaria especial, a vixilancia das operacións realizadas por empresarios con tarxetas de crédito e de débito, o control da declaración de valores de seguros e rendas, a investigación das reducións da base imponible na transmisión de empresas. Estes son só uns dos cantos exemplos que lle cito, que se vostede le o Plan de control verá que hai outros tantos, ou aínda máis.

Estas liñas de actuación sobre os grandes patrimonios e grupos económicos plásmanse nas actuacións específicas, nos plans de inspección, que teñen carácter reservado e confidencial e que son levados a cabo a través das áreas de xestión e inspección. E teñen carácter reservado por unha cuestión obvia de non obstaculizar o labor inspector; pero, señor Sánchez, tamén porque así o exige a Lei tributaria.

En definitiva –e xa para rematar, presidenta–, estamos de acordo en seguir incrementando o esforzo para a loita contra a fraude fiscal. Estamos de acordo, como pon no Plan de control tributario, en perseguir a fraude fiscal...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...en operacións mercantís e en transmisións patrimoniais. Pero non estamos de acordo en

negar o que se está a facer e non estamos de acordo en negar a realidade dos resultados da Axencia Tributaria de Galicia e en negar o traballo dos funcionarios da Axencia Tributaria de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra don Antón Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señor Trenor, eu non sei o que lle contou o señor Puy. Eu voulle ler o acordo parlamentario: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia ao cumprimento do Plan xeral de control tributario, debendo incluír nel un plan específico e preferente de inspección dos grandes patrimonios e grupos económicos para os efectos, entre outros, da comprobación, investigación e inspección tributaria da realización de operacións mercantís e transmisións patrimoniais que puideran ter a finalidade fraudulenta de minorar o pago de impostos, en especial de patrimonio e de transmisións patrimoniais”. Isto é o acordo que vostedes agora están a incumplir, que xa incumpriron e que se negan a exixir o seu cumprimento. ¡Este é o acordo! E non, como vostede di, respaldar as actuacións. Iso non aparece no acordo por ningún lado, respaldar as actuacións. Iso inventouno vostede ou o está inventando vostede.

Polo tanto, vostedes agora están a incumplir o acordo parlamentario que hai oito meses lles valía. Porque vostede acaba de dicir certas cousas extractadas do Plan de 2014. E, é certo, todas esas lémolas; evidentemente, non entendo tan ben coma vostede, non teño tan boa lectura comprensiva coma vostede, pero lémolas. Pero eran as mesmas que as do plan do 2013, e no plan do 2013 vostedes consideraron necesario aprobar este acordo. E agora, que son as mesmas do 2014, xa non é necesario.

Non sei qué cambiou para que vostedes o que consideraban necesario hai oito meses agora non o sexa. O que si que sei é que pouco respecto lle teñen ao Parlamento cando non se fan cumprir os acordos que aquí se toman, un acordo tomado por unanimidade que vostedes agora se negan a cumprir. Evidentemente, sorprendeunos máis cando apoiaron investigar os grandes patrimonios do que nos sorprenden agora. E

o de agora é moi coherente coa súa traxectoria de protexer os grandes patrimonios. E os datos están aí, os grandes patrimonios cada vez pagan menos e os traballadores cada vez pagan máis, e iso non o pode negar nin vostede nin ninguén.

Aí están os datos que pon o Sindicato de Técnicos de Facenda, que, a propósito da reforma fiscal, tamén di: “*Considera que la reforma fiscal del Gobierno es regresiva, ya que serán las clases medias quienes una vez más amortigüen la rebaja fiscal aplicada a las grandes fortunas. GESTHA asegura que la progresividad es la gran perjudicada de esta reforma al simplificar de 7 a 5 los tramos actuales. En su opinión los principales beneficiarios de la reforma no sumarán más de 73.000 contribuyentes, y los que ingresan más de 150.000 euros anuales*”. E suma e segue: “*En cambio, destaca que once millones y medio de trabajadores y pensionistas que ganan menos de 11.200 euros anuales no se verán afectados por la rebaja fiscal porque no tributan. Así mismo, incide en que el Gobierno no precisa con claridad cómo se financiará la caída de ingresos*”. Evidentemente, en parte coa privatización de AENA e, en parte, con algún copago máis que vaian aplicar, que iso si que prexudica as persoas que cobran menos de 11.200 euros nunha porcentaxe moito maior.

E xa lle dixen o que afecta, o que significa para unha persoa que gane 1 millón de euros: 62.000 de aforro; e para unha persoa que gane 30.000, 488 euros de aforro. Esa é a progresividade que vostedes aplican.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: E ese é o respecto que lle teñen ao Parlamento ao non respectar un acordo por unanimidade deste Parlamento. ¡Unha vergoña! (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteproxecto de lei de mutuas da Seguridade Social

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

(O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno central que no Anteproxecto de lei polo que se modifica o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social en relación co réxime xurídico das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, se fagan as oportunas modificacións:

1. En relación cos prazos de contestación ás propostas de alta polos servizos de saúde ha de garantirse unha revisión clínica do traballador.

2. En relación cos efectos de falta de contestación ou silencio ao requirimento incumprindo o prazo fixado, a iniciativa de alta médica pase a corresponder automaticamente aos servizos médicos do INSS”.)

A señora PRESIDENTA: Para formular a proposición ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

O Bloque Nacionalista Galego trae aquí hoxe unha iniciativa na intención de que esta Cámara solicite a derogación do Anteproxecto de lei que pretende que as mutuas teñan capacidade de control sobre as enfermidades comúns e capacidade para dar altas aos traballadores e traballadoras deste país.

Desde 1995 sucesivos gobernos españois veñen de aprobar diversas disposicións legais e regulamentarias de cara a facilitar o control, mediante as mutuas de asistencia sanitaria, da clase traballadora por parte da patronal. Se o 10 de febreiro de 2012 o Goberno español aprobaba o Real Decreto Lei

3/2012, coñecida como infame reforma laboral, neste decreto, na súa disposición adicional 4, xa coa epígrafe de “control da incapacidade temporal e mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais” instaba, establecía, que no prazo de 6 meses o Goberno, previa consulta cos interlocutores sociais, estudará a modificación do réxime xurídico das mutuas de accidentes de traballo. E, efectivamente, así o fixo, e o 20 de decembro de 2013 o Goberno español aprobou o Anteproxecto de lei de mutuas de Seguridade Social; un anteproxecto de reforma da Lei xeral da Seguridade Social para continuar nese proceso de privatización da xestión da sanidade pública e que supón un agravamento moi importante nesa dirección. Hai que ter en conta que as mutuas non son máis que asociacións de empresarios, asociacións privadas que, sen embargo, xestionan recursos públicos. O que se pretende neste anteproxecto –de aprobarse– é que se estenda o seu campo de actuación. Nun principio, xestionaban tan só continxencias derivadas de accidentes de traballo ou enfermidades profesionais, e agora, progresivamente, preténdese que estendan o seu campo de actuación tamén ás continxencias comúns, ás enfermidades comúns, e tamén á prestación por cese de actividade do traballo autónomo.

O BNG oponse radicalmente a esta modificación. Opoñémonos, porque parece que non ten límites, á ampliación de competencias, á ampliación da privatización da xestión privada de todo tipo das prestacións da Seguridade Social. No anteproxecto recóllense unha serie de medidas totalmente rexeitables e que o BNG rexeita. Primeiro, a posibilidade das mutuas de intervir desde o primeiro día nas incapacidades temporais a través de convocatorias e recoñecementos das persoas enfermas. Rexeitable a facultade de propoñer a alta médica e que se faga efectiva se a Inspección Sanitaria da Seguridade Social non se opón ou non contesta nun prazo de cinco días. Medidas que, evidentemente, supoñen un custo económico e un custo persoal para as persoas enfermas, e unha situación de maior desprotección fronte ás decisións das mutuas. Non esquezamos –e repito– que son mutuas patronais, onde priman os criterios de aforro sobre os criterios de saúde e xestión das baixas médicas.

Esta reforma do réxime xurídico das mutuas era unha histórica reclamación da patronal, e o feito de cambiar o nome de mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, que era como se viñan chaman-

do, e que neste anteproxecto pasan a chamarse mutuas da Seguridade Social, oculta, evidentemente, esa dependencia das organizacións patronais; pretende facer unha manobra de distracción e obviar esta cuestión.

Unha vez máis, preténdese aproveitar a reforma laboral para ampliar o poder empresarial á saúde dos e das traballadoras. A modificación da xestión da incapacidade temporal supón un claro recorte de dereitos dos traballadores e traballadoras e xeneraliza a presunción de fraude pola súa parte. Igual que se fixo no tema sanitario, igual que se fixo noutras cuestións, onde se creou a idea de que había un despilfarro, un abuso das prestacións, neste tema tamén se foi por ese camiño. Preténdese presentar a prestación por incapacidade temporal como unha inmensa fraude por parte da clase traballadora, o cal, dende logo, non se corresponde co que din os datos, que din que o 72% da poboación ocupada non ten no período dun ano ningunha baixa por incapacidade temporal, e que din que as xornadas perdidas por IT no Estado español están por debaixo da media da Unión Europea; unha vez máis, propaganda que non se sustenta nos datos.

Este anteproxecto non concede ás mutuas a capacidade de dar a alta de xeito directo, pero si o fai de facto, xa que establece un mecanismo de resposta ás propostas de alta que, se no prazo de cinco días non se resolve, darase esa alta presunta por silencio administrativo. De feito, vanse producir altas –se isto se aproba– deixando aos traballadores sen prestación económica, sen que medie unha resolución explícita nin por parte do seu médico de familia nin dos servizos de inspección do Sergas. Sen dúbida vai significar fonte de conflitos e inseguridade xurídica, tanto para os doentes como tamén para o persoal facultativo. Con esta medida pasan a ser as mutuas –e isto é o que nos parece realmente gravísimo– as que decidan esta prestación e pasan a actuar de feito como auténticas autoridades de control das incapacidades temporais, un novo paso na privatización de servizos. Incorpora novas competencias asistenciais para as mutuas, que de feito supoñen un novo paso nesa fragmentación da privatización da asistencia sanitaria dos traballadores e traballadoras.

Neste anteproxecto tamén se pretende regular o que lle chaman comunicacións entre todos os axentes que participan nas xestións das IT, poñendo ao mesmo nivel médicos de familia, Inspección do Sergas, Instituto Nacional da Seguridade Social e as mutuas, como se todos estiveran no mesmo

rango e todos tiveran a mesma situación. Evidentemente, é obvio que non. A partir de agora as mutuas, sen necesidade de recoñecemento médico, a través da consulta dos informes médicos elaborados... É dicir, preténdese darlle acceso á historia clínica dos doentes, co que iso significa de perda da intimidade dos traballadores e traballadoras, unha clarísima intromisión. Ata agora tiñan só información médica relativa á patoloxía sobre a que recaía a incapacidade temporal, e a partir de agora se lle quere dar acceso a toda a historia médica dos doentes. Eu supoño que a todos e todas os que estamos aquí, e á maioría da cidadanía, non lle será de agrado que unha organización privada poida ter acceso a datos do relevo e confidencialidade que ten unha historia clínica. Con esta medida, dende logo, pervértese o carácter de ferramenta asistencial da historia clínica, pasando a usala para conceder ou denegar prestacións económicas. De aprobarse esta medida, o Ianus vai deixar definitivamente de ser unha ferramenta clínica e pasará a ser, cada vez máis, unha ferramenta de control para fiscalizar o gasto xerado pola actividade asistencial ou para conceder ou denegar prestacións económicas.

O Goberno pretende aproveitar esta reforma para introducir modificacións moi importantes, como, por exemplo, que os servizos de prevención de riscos laborais teñan que ser vendidos antes do 31 de decembro do ano 2004. Estes servizos, a través das sociedades mercantís, eran o mecanismo que tiñan as mutuas para facer unha avaliación da cuestión de riscos laborais, e hai unha imposición, teoricamente, porque supoñen competencia desleal, e previsiblemente o que pretenden é que sexan compradas por grandes aseguradoras con criterios de puro negocio e sen representación obreira ningunha. Se a isto lle sumamos que na Lei do emprendemento, tan cacarexada polo Partido Popular, nas empresas de menos de 25 persoas, o xefe, o empresario, pode directamente cumprir cos labores...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora PRADO CORES: ...de prevención de riscos sen necesidade de contratar un servizo de prevención, podemos –creo eu– imaxinar en que situación de desprotección van quedar os traballadores e traballadoras destas empresas, que son –tamén lles lembro– a maioría das empresas en Galiza, porque temos un tecido empresarial onde a inmensa maioría son micro, pequenas e medianas empresas.

En resumo, cada medida que aproba o Goberno apunta sempre na mesma dirección: favorecer o negocio de grandes amigos e recortar os dereitos da clase traballadora e dos colectivos máis desfavorecidos. Neste caso, unha maior presión e control sobre os traballadores e traballadoras enfermos en beneficio da patronal, e unha supresión de instrumentos, que se verificaron útiles, de prevención de accidentes de traballo. Por iso pido o apoio a esta iniciativa que presenta o BNG, que non é outra que solicitar do Goberno español que derroque, que non siga adiante, con este anteproxecto de lei tan lesivo para a clase traballadora.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Popular ten a palabra o señor Santalices Vieira.

O señor SANTALICES VIEIRA: Grazas, señora presidenta. Bos días a todas e a todos.

Este anteproxecto de lei, que, como se comentou aquí, ten soamente un artigo, modifica distintos apartados do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social aprobado polo Real Decreto 1/1994. A modificación que se pretende realizar responde á necesidade de regular na súa integridade o réxime xurídico das mutuas da Seguridade Social e das funcións que estas desenvolven.

Na primeira parte do anteproxecto modifícanse os artigos do 68 ao 76 da lei. Son aspectos –podemos resumilos brevemente– que afectan ao cambio do nome; agora pasan a ser mutuas de Seguridade Social, cando antes –como ben se dixo aquí– eran mutuas de accidentes de traballo e de enfermidades profesionais. Defínese tamén o obxecto e as funcións das mutuas, así como tamén as normas para a constitución dos órganos de Goberno e participación do seu patrimonio. Tamén se fala de aspectos relacionados co réxime económico e financeiro das mesmas, e procédese –tiña que ser así– á disolución e liquidación das mutuas, que pasan a denominarse –como dixemos antes– mutuas da Seguridade Social.

Modifica tamén a regulación dos órganos de goberno e adecúa as retribucións dos altos cargos destas entidades aos correspondentes do sector público.

Eu entendo, señora deputada, que esta, a primeira parte, non é a que máis lle preocupa a vostede. Non sei, entendo que, polo que lin, non é está quizá a parte que máis lle preocupa. Na segunda parte, na que entraremos agora, modifícase a disposición adicional undécima, que se corresponde coa xestión da incapacidade temporal por continxencias comúns polas mutuas. Aquí introduce un novo termo, que se corresponde coas continxencias indiferenciadas. Eu non sei o que é isto, non sei que significa isto, porque sempre entendín que había comúns e profesionais, pero non entendo que é isto de indiferenciado, teranno que explicar. O que non se sabe, debémolo preguntar.

Si que mantén as funcións que ata o momento correspondían ás mutuas: declaración de dereito á prestación económica a favor dos traballadores e ao servizo de empresas asociadas ás mutuas, e tamén de traballadores por conta propia adheridos a esta. Tamén, como agora, a mutua poderá formular unha proposta de alta médica motivada. Esta proposta será enviada ao facultativo do Servizo Público de Saúde que emitiu o parte de baixa a través dos servizos de Inspección do Servizo Público de Saúde. Entendemos que isto é correcto, as relacións das mutuas co profesional debe ser a través dos servizos de Inspección, nunca co facultativo directamente. O anteproxecto indica que a Inspección disporá de 5 días hábiles, e que, se non se contesta, entenderase como conforme e a mutua poderá proceder á alta.

Nesta segunda parte nós non estamos de acordo, xa llo digo claramente. O Grupo Parlamentario Popular non estamos de acordo con este anteproxecto por dous motivos fundamentais. Primeiro, actualmente o prazo de contestación está en 10 días. Poñer un prazo de 5 días creo que é un prazo demasiado axustado. Segundo, en canto aos efectos do silencio ao requirimento, entendemos que o silencio non debe ser positivo, nós entendemos que non debe ser positivo; e como alternativa propoñemos que, no incumprimento do prazo, a iniciativa da alta médica sexa dos servizos médicos do Instituto Nacional da Seguridade Social, da Inspección Médica da Seguridade Social, do INSS, non da mutua.

Respecto dos prazos, poderase traballar para que en todo caso se garanta sempre unha revisión clínica do traballador; e creo que hoxe temos en Galicia sistemas telemáticos que nos permiten poder facer isto. Citar o paciente a través da

Inspección Médica para que vaia ao seu médico de cabeceira, que foi o que estendeu a baixa. Establecemos así unha conexión a través da Inspección, pero sendo a Inspección a que cita.

Polo tanto, nós propoñémoslle unha emenda na que, logo de explicar o que é este anteproxecto, recollemos dous puntos.

En relación cos prazos de contestación ás propostas de alta polos servizos de saúde, ha de garantirse unha revisión clínica do traballador mantendo o que dixen antes, que as citações as debe de facer o Servizo de Inspección Médica.

E, en relación cos efectos de falta de contestación ou silencio ao requirimento incumplido no prazo fixado, a iniciativa de alta médica...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor SANTALICES VIEIRA: ...—xa remato, señora presidenta— pasa a corresponder automaticamente aos servizos médicos do INSS.

Creo que é unha proposta razoable e eu espero que vostede acepte estas emendas que lle plantexamos.

Nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Mixto ten a palabra a señora Iglesias Sueiro.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Bos días.

Moitas grazas, señora presidenta.

As mutuas datan do ano 1900, cando as asociacións de empresarios as crearon para asegurar os posibles danos das traballadoras ocasionados polos accidentes no traballo. Coa creación da Seguridade Social a mediados dos sesenta, as mutuas consolidan un sistema dual: a protección de accidentes e enfermidades laborais serán xestionadas polas mutuas patronais con entidades sen ánimo de lucro colaboradoras da Seguridade Social; e o Servizo Nacional de Saúde, universal e financiado vía impostos, cuxa xestión foi transferida máis adiante ás comunidades autónomas.

Na actualidade existen 20 mutuas, que, no seu conxunto, obteñen uns ingresos –que me perdo na cifra porque é demasiado grande– pola cotización das empresas e dispoñen de 20.730 empregadas.

Esta lei amplía as funcións e as competencias das mutuas grazas á convicción dos xestores políticos, que, independentemente de que sexan do PP ou do PSOE, levan afirmando que a xestión privada é máis eficaz que a pública, sen aportar ningún dato que sosteña tal afirmación.

As xuntas directivas estarán compostas por 10 ou 15 empresarios e a participación só dun representante das traballadoras. E non poderá ostentar o cargo de director xerente quen desenvolva actividade remunerada en calquera empresa asociada. Resulta curioso que o director xerente da mutua máis importante de Euskal Herria, por exemplo, sexa á súa vez o presidente da patronal vasca, e que directivos de mutuas representen a CEOE en diferentes mesas de negociacións. Así contemplamos como algo que se creou para a defensa e protección das traballadoras sexa, a día de hoxe, outro canto na fronte do conxunto da clase.

É que as mutuas patronais asumen o control de todas as baixas, incluídas as que son por enfermidade común e maternidade, no caso de que mutua concertara co empresario a xestión da incapacidade total por continxencia común. E así terán competencia de denegar, suspender ou anular a prestación económica, pasando como o cóndor pasa dos partes do médico da pública, en claro beneficio para o empresario a custa da saúde dos traballadores e traballadoras.

Tamén obriga esta lei a eliminar na súa totalidade a participación das mutuas nas sociedades de prevención. Ao longo do ano 2014 deberán vender ou pechar estes servizos de prevención: máis privatización e máis paro.

O argumento que xustifica toda esta desfeita é que reducirá o absentismo laboral inxustificable –nunca é inxustificable– e mellorará –maldita palabra– a competitividade das empresas. Esta é a estupendísima política laboral deste mediocre Goberno. Criminalicemos os empregados e empregadas, xa sexan do sector público –vagos privilexiados–, privados –abusan do sistema– ou autónomos –defraudadores–, e lexílese, en consecuencia, como acabamos de ver, coa propa-

gandista e electoralista reforma, castigando fiscalmente os despedidos, por exemplo.

Está claro que reducirá o absentismo laboral mediante a presión e o maltrato ás enfermas; así vemos a unha traballadora de Mercadona no seu posto de traballo con muletas. Outro efecto perverso desta lei é que aumentará o control da vida privada do paciente. Non é casual que as mutuas sexan as que maiores demandas fan aos servizos das axencias de detectives. Ademais, as mutuas lograrán alterar as listas de espera, favorecendo as persoas de baixa para que traballen canto máis antes posible, mentres quedan relegadas as pensionistas e as paradas.

O absentismo laboral precisa de medidas de prevención e investigación, que non de acoso e presión, pero non será así, ¿verdade, deputadas e deputados? O carácter universal da Seguridade Social será cuestionado con criterios de mercado e aumentará a desigualdade.

Quero advertir e denunciar as negociacións que se están a producir en Bruxelas para o libre comercio entre Estados Unidos e a Unión Europea con grande secretismo e presións, e que semellan ser o grande soño neoliberal de limitar a soberanía governamental para favorecer as multinacionais e as súas inversións, para concretar o saqueo dos bens comúns, dando paso á privatización...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora IGLESIAS SUEIRO: ...–xa remato–, de sectores como a sanidade, a educación, a auga..., tal, tal.

Esta lei perversa e inxusta criminaliza o enfermo e dá un paso máis cara á privatización da sanidade, alfombrando a entrada dese acordo transatlántico para o comercio e a inversión.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Ten a palabra a señora Díaz Pérez.

A señora DÍAZ PÉREZ: Grazas, señora presidenta.

Bos días de novo.

Certamente estamos diante dunha das novas normas que están ofertando ou que están visualizando que estamos diante dun proceso absolutamente destituínte; un proceso destituínte que está sendo liderado polas oligarquías financeiras. Porque cando falamos da transformación nominal, como se fai nun dos preceptos desta norma, deste anteproxecto, fundamentalmente no artigo 68, non se está só mudando ese nome, senón que se lle está dando unha volta fundamental ao sistema de mutuas que tiñamos configurado.

Efectivamente, hai un proceso de concentración de capital bancario e tamén hai un proceso de concentración das aseguradoras, que son, efectivamente, o mesmo que os grandes bancos deste país, deste Estado e de Europa. Por tanto, esta norma é unha máis nese proceso destituínte que quere saquear o público e que quere, ademais, agredir as clases populares e, particularmente, os traballadores e traballadoras deste país.

As mutuas profesionais son centenarias, nacen no ano 1900, e, efectivamente, este anteproxecto de lei non ten nada que ver con esa faciana que tiñamos visto ata os nosos tempos. É unha malísima norma, é unha norma que, efectivamente, permite converter en auténtica mercadoría –pero mercadoría de verdade– os traballadores e traballadoras do noso país. Non soamente é que deixa os traballadores e traballadoras do noso país nunha situación de indefensión, que en si é gravísimo o que fai a norma. Eu recomendo que se lea o informe que emite o CES, que é contundentísimo, no que exige a retirada inmediata de moitos destes preceptos, particularmente o que ten que ver coas altas presuntas por silencio administrativo sen que interveña ningún facultativo nin facultativa do noso país, cousa tremendísima; o que quere dicir que pola pasiva as propias patronais, é dicir, os empresarios e empresarias, van ser, a través das novas mutuas, as que teñan a vontade e a posibilidade de dicir cando un traballador ou unha traballadora se ten que incorporar ao seu posto de traballo.

Alternativa Galega de Esquerda ten matices coa proposta que fai o señor Santalices. Non estamos de acordo en que sexa a Inspección Médica. A Inspección Médica debe xogar o rol que xoga na actualidade, pero no noso ideario son os facultativos e as facultativas do noso país os que teñen que

dicir se un traballador ou traballadora está enfermo, está apto para o traballo, ou non, ben sexa por unha continxencia profesional, ben sexa por unha enfermidade común. Eu quero pensar que os profesionais, señor Santalices, cando lle dan a baixa a un traballador, a un fresador, a unha fresadora, danlle a baixa porque está enfermo; quero pensar que é así. Polo tanto, o modelo debe ser o que hai, sen incorporacións espurias, porque xa é moi difícil na actualidade.

Entón, primeira cuestión. Nós é unha iniciativa do Bloque que imos apoiar, pero non compartimos o matiz que vostede acaba de incorporar. Temos un sistema perversísimo. A última reforma laboral, brutal... Realmente aí volvo dicir que o profesor Antonio Baylos fala da privatización absoluta do Estado. Xa non ten nada que ver, non hai un principio intuitivo, non hai nada, os traballadores xa están mortos de morte matada realmente. Como vostede sabe, na última contrarreforma laboral o Partido Popular incorpora como causa de despedimento a enfermidade dos traballadores e traballadoras, unha cousa tremenda. É dicir, agora por esta causa, aínda que sexa unha enfermidade xustificada con todos os informes do Sergas de que está enfermo, pode ser despedido. Isto é terrible, señor Santalices, de verdade. Isto é colocarnos non nos tempos de Dickens, é colocarnos nun mundo no que Alternativa Galega de Esquerda non quere vivir. Non queremos vivir nese mundo, é terrible. Por tanto, o que queremos é un país moderno, no que a ciencia sexa punteira; no que a xente, se está enferma, poida, dende logo, pedir unha baixa; no que teñamos ademais cobertura adecuada; no que non teñamos que pagar os traballadores e as traballadoras eses catro días de anuencia de non cobertura da Seguridade Social.

É un tema realmente profundo que nós imos apoiar, que ten complemento co que onte discutiamos respecto das pensións. Onte falabamos de que queren ese botín das pensións públicas, do aforro dos traballadores, porque supón manexar 120.000 millóns de euros ao ano. Bueno, pois agora isto vai máis no mesmo.

E unha cousa -e remato, señora presidenta-, é brutal novamente a invasión de competencias. É mellor que pechen a Xunta de Galicia. É mellor que pechemos a Xunta de Galicia, porque esta norma unha vez máis, pola porta de atrás, invade as competencias propias do noso país. Por tanto, imos compartir esta proposta, que xa temos debatido nesta

ocasión, e tamén denunciámos o sistema dual que incorpora esta norma perversa. Porque ao final o que vai pasar, como lles permiten ás novas mutuas profesionais facer todo tipo de probas diagnósticas, cirúrxicas e demais, é que imos ter unha sanidade para as persoas que teñen cobertura da Seguridade Social, para os traballadores e traballadoras en activo, e outro tipo de sanidade para as persoas que non teñen esta sorte ou desgraza.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: Eu de verdade creo que o ditame expedido polo CES é interesantísimo, e exige a retirada de múltiples preceptos desta norma. Se queren facer negocio, que non o fagan coa carne dos traballadores e traballadoras deste país. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grupo Socialista. Ten a palabra a señora Acuña do Campo.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidenta.

Bo día, señorías.

Efectivamente, o que nós pensamos é que con esta nova lei de mutuas da Seguridade Social o PP o que pretende é pór o zorro ao coidado das galiñas.

Non é nada menor o cambio de nome, non, pero o que está detrás de todo isto son máis vantaxes e máis prebendas para as empresas e novos recortes para os traballadores e as traballadoras. Todo moi na liña PP: beneficiar o forte a expensas de castigar o débil.

E se hai persoas, señorías, que fan mal uso das baixas laborais, teríamos que detectalas e incluso castigalas, de acordo, pero iso non pode xustificar facer leis que presupoñen e consideran a toda a clase traballadora como unha defraudadora.

As mutuas, como xa se dixo aquí, son asociacións empresariais. Ata agora tiñan competencias para xestionar as contingencias dos traballadores e das traballadoras das súas empresas asociadas só no relacionado coa saúde laboral, a prevención, o coidado da saúde laboral, que non é menor e que non é unha tarefa que rematasen xa, porque, vendo as cifras da sinistrabilidade, quédalles moito por facer. Ademais estas

mutuas, para realizar ese traballo na liña do coidado da saúde laboral, teñen profesionais formados nesa liña e teñen infraestruturas, medios e recursos tamén nesa liña. Insisto, prevención importantísima e saúde laboral.

Pero con esta nova lei preténdese que esas asociacións empresariais teñan tamén capacidade e competencias para o coidado da enfermidade común e incluso para dar as altas, proceso que ata agora asume directamente o sistema sanitario público. E ademais, señorías, como xa se dixo aquí, altas por silencio administrativo. Se en cinco días a mutua non recibe confirmación da baixa dende o sistema público de saúde, o médico ou médica da mutua podería cursar a alta médica.

Cando me formei en Medicina, ensináronme que se podía dar unha alta médica por curación, que se podía dar unha alta médica con secuelas, pero non me dixeron nada dunha alta por silencio administrativo. Iso nunca o estudei como unha causa médica. Pregúntome onde quere chegar o Partido Popular no coidado da saúde. Como será que ata o Grupo Parlamentario Popular parece –segundo explicou o señor Santalices– que se opón a estas altas.

Pero que non nos engane o Partido Popular, este non é o único problema que ten este anteproxecto, xa coñecemos a estratexia do Partido Popular. Miren, fan unha lei esperpéntica e, dentro desa lei esperpéntica, colocan unha barbaridade. Resulta que logo, moi habilmente, retiran a barbaridade e cren que xa está solucionado o problema, pero quédanos a lei esperpéntica. Entón, que non nos enganen, ese anteproxecto ten moitos máis problemas.

Miren, as mutuas non só se encargan de prestar asistencia sanitaria, senón que tamén afrontan a prestación económica que xeran as patoloxías. Así que, con esta nova lei, a empresa que vai pagar a baixa vai ter capacidade para dar a alta; tremendo perigo, ¡tremendo perigo para o traballador! Está claro que con esta fórmula o que se busca é que as baixas non se xestionen cun criterio de saúde, senón cun criterio economicista. E por se fora pouco, con esa desculpa a empresa, señorías, vai ter acceso á documentación clínica do traballador e da traballadora. Isto é tremendo, tremendo e inadmisíbel. A verdade é que este anteproxecto está levantando miles de críticas, moitas delas xa se verteron aquí na intervención das voceiras que me precederon...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Remato. Quero insistir na repulsa que está xerando na atención primaria. Os médicos da atención primaria acusan a esta norma de quebrar a equidade. Vai ter distinto coidado a saúde da poboación activa que a do resto, algo que, por certo, aquí, señorías, xa pretende o Partido Popular a través da Lei de garantías con iso da prioridade social, non nos enganemos. Ademais as mutuas, como poderán realizar concertos coas clínicas privadas para acelerar diagnósticos e ...

A señora PRESIDENTA: Grazas, señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...tratamentos, van conseguir un pasiño máis na privatización da sanidade pública.

Por todos estes motivos e moitos máis imos apoiar a iniciativa que presenta o Grupo Parlamentario do BNG.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei. Ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidenta.

De entrada, agradecer o apoio dos grupos a esta iniciativa que, efectivamente, enlaza co que debatemos ao longo da xornada de onte, a rebaixa nas prestacións á clase traballadora. E con respecto á emenda do Partido Popular, a pesar da vontade do emendante non podemos aceptala, porque o que pretende a emenda é dar por bo que se lle aumente esa capacidade ás mutuas de entrar nas continxencias comúns.

Dicía o señor Santalices que el non entendía o que significan prestacións indiferenciadas. Pois a interpretación xeneralizada de todo o mundo é que se fala de enfermidades comúns, e, dende logo, non foi desmentida esta interpretación por parte do Goberno que presentou este anteproxecto de lei.

Dende logo, o BNG negamos a maior, e é que as mutuas teñan capacidade ningunha de relación coas enfermidades comúns, porque estamos, efectivamente, diante dun novo

paso cara ao negocio, o beneficio, a produtividade a custa da saúde da clase traballadora, e da cesión de información de recursos públicos, como é a historia clínica electrónica, a empresas privadas. Polo tanto, cremos que un goberno galego, un Parlamento galego e un Partido Popular que pense na clase traballadora galega debería votar ao conxunto desta iniciativa, que é que se derogue este anteproxecto de lei, porque o Goberno galego debe deixar de ser correa de transmisión do que deciden en Madrid. Está moi ben que o señor Núñez Feijóo –aproveito que está aquí na Cámara– diga que non vai permitir que Galiza perda ningunha capacidade de decisión e demais, cando a realidade é que permite sistematicamente que regulaciós do Goberno español, do Goberno de Madrid, se inmiscúan continuamente en competencias que xa ten recoñecidas o Goberno galego e non move palla para impedilo, e esta é unha delas. Porque o Goberno galego ten a competencia da inspección médica e dos médicos de familia, e hai un anteproxecto enriba da mesa no que vostedes, que eu saiba, non fixeron absolutamente nada para dicirlle ao Goberno central que aí non pode meterse, simplemente fan de correa de transmisión e aceptan o que vén de Madrid. Vostede propaganda, pero logo, á hora da verdade, podía hoxe, xa que está agora aquí e hai un caso onde hai inxerencia nunha competencia que ten recoñecida o Goberno galego, votar a favor, e dicirlle a Madrid, ao Goberno español, ao seu Goberno, que non aceptan esa inxerencia porque é prexudicial para a clase traballadora galega.

Polo tanto, agradecendo o intento do señor Santalices de chegar a un acordo, a cuestión é de fondo e con iso non arreglariamos nada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Votación das proposicións non de lei

A señora PRESIDENTA: Pasamos á votación das proposicións non de lei. Pechamos as portas.

Comezamos coa primeira das proposicións do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de D. Javier Dorado. ¿Hai algún acordo, señor Dorado?

O señor DORADO SOTO: Si, efectivamente engadiremos aos dous puntos orixinais da iniciativa un terceiro, que di o seguinte:

“Manifestar a rotunda oposición á implantación de unicamente catro tribunais de instancia provinciais, así como a supresión dos actuais partidos xudiciais nas vilas que son cabeceira de comarca das cidades galegas que non son capitais de provincia, e singularmente da cidade de Vigo”.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Entón, votamos a iniciativa coa transacción á que deu lectura o señor Dorado.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Javier Dorado Soto e D. Javier Jorge Guerra Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o mantemento do partido xudicial de Vigo na redacción da futura lei de demarcación e planta xudicial.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

En consecuencia, queda aprobada esta iniciativa por unanimidade.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación a proposición do Grupo Parlamentario Popular de Galicia por iniciativa do señor Camino Copa, á que se presentaron tamén tres emendas. ¿Hai algún acordo, señor Camino?

O señor CAMINO COPA: Si, presidenta. Grazas.

O primeiro punto ten un engadido dun segundo parágrafo que di: “Incluír no itinerario de interese cultural que se projecta a ruta de senderismo que dende o Castro de Formigueiros, Alto do Carballal e Carreira da Auga conduce a Samos, exhortando a Administración titular a que garanta o seu estado de transitabilidade”.

No segundo punto vai dicir ou dirá: “Impulsar as medidas de identificación, sinalización e divulgación deste itinerario de

interese cultural polos medios que se estimen máis acaídos. Entre outras accións, realizaranse as publicacións necesarias para que, ademais de dar a coñecer cada un destes recursos patrimoniais, acade sentido a súa reunión nun mesmo itinerario desde a evolución histórica da zona. Para a promoción deste itinerario a Xunta de Galicia utilizará todos os recursos, ademais da rede de albergues de competencia autonómica da Administración estatal, despois dos acordos necesarios”.

No terceiro punto engádesse unha soa palabra, que é: “Anali-
zar se procede impulsar, ao abeiro do establecido na Lei de patrimonio cultural,” e o resto igual que estaba no orixinal.

E no cuarto engádesse outra palabra inicial que di: “Desenvolver e apoiar as iniciativas que fomenten a difusión, posta en valor e coñecemento entre a cidadanía da existencia da Serra de Santamariña, catalogada como zona arqueolóxica”.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Camino.

Coido que se farán chegar ambos os dous textos aos servizos xurídicos da Cámara. Votamos a transacción tal e como foi lida polo señor Camino.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Ángel Camino Copa e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co patrimonio arqueolóxico, histórico e cultural dos concellos lucenses do Incio, Samos e Sarria.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 66; abstencións, 8.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación a proposición do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa da señora Gallego, que xa dixo que non aceptaba a emenda da Alternativa Galega de Esquerda.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Gallego Calvar e dous deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia e a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reforma imposta, á marxe do Pacto de Toledo, na Lei 23/2013, do 23 de decembro, reguladora do factor de sostibilidade e do índice de revalorización do sistema de pensións da Seguridade Social.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa da señora Pontón Mondelo, á que non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa negociación do incremento do canon que se paga ás concesionarias das autovías do Salnés e da Barbanza.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda por iniciativa da señora Martínez, á que non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a María Consuelo

Martínez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos accidentes laborais e a precariedade laboral.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario Socialista, á que non se presentaron emendas, en relación coa constitución dunha comisión Parlamentaria. Non se presentaron emendas, é a número 6.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia sobre a constitución dunha comisión parlamentaria especial non permanente para o estudo das listas de espera da sanidade en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda por iniciativa do señor Sánchez García, á que non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Xosé Manuel Beiras Torrado, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo parlamentario referido ao Plan xeral de control tributario, así como os criterios xerais aprobados ao respecto na Resolución da Dirección da Axencia Tributaria de Galicia do 16 de maio de 2014.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: E, por último, votamos a proposición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa da señora Prado Cores, que xa dixo que non aceptaba a emenda do Grupo Popular.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteproxecto de lei de mutuas da Seguridade Social.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Continuamos co desenvolvemento da orde do día co punto de interpelacións.

Interpelación do G.P. dos Socialistas de Galicia sobre a proposta de supresión dos partidos xudiciais de Galicia

A señora PRESIDENTA: Para formular a interpelación ten a palabra dona Beatriz Sestayo Doce, do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora SESTAYO DOCE: Grazas, señora presidenta.

Señor vicepresidente, señorías.

A verdade é que acudo máis esperanzada despois de acordos plenarios sobre o apoio do Partido Popular de Galicia, do Grupo Parlamentario Popular, en contra da Lei Gallardón,

da Lei de Mariano Rajoy. E, polo tanto, ese rexeitamento do Grupo Parlamentario Popular respecto das leis do Goberno de Rajoy estou segura de que terá consecuencias coherentes por parte do Goberno da Xunta e por parte do vicepresidente, con competencias en materia de xustiza, para intentar corrixir esa deriva que, efectivamente, anunciabamos dende o Grupo Parlamentario Socialista hai tempo. E queremos dicir que se nos contestaba, para enmarcar un pouco cal era o contexto, hai un ano e medio exactamente –se queren dicimos as datas dos debates–, que se nos dicía ao Grupo Parlamentario Socialista cando preguntabamos ao Goberno da Xunta de Galicia que faría respecto dese anteproxecto, ese borrador de reformas, polo que se ían suprimir os partidos xudiciais do conxunto do Estado que estiveran fóra da capital de provincia e, polo tanto, en Galicia, dos que estiveran fóra das capitais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Daquela recibiamos destas preguntas as seguintes: “vostedes, señorías, configuran un estado de alarma social; vostedes contan –isto en distintas sesións– manipulacións, mentiras, falsidades –estes son literais–; vostedes fan, señorías, elucubracións sobre cousas que non van suceder; infórmese mellor, señora Sestayo”. Isto é o que dicía o Goberno da Xunta de Galicia, entre outras cuestións, neste Parlamento cando anunciabamos que habería un proxecto de reforma do Goberno do Partido Popular no que se contemplaría unha nova demarcación xudicial que suprimía os partidos xudiciais.

Efectivamente, os desinformados socialistas, que, a verdade, compartían esa desinformación co conxunto dos operadores xurídicos, que dicíamos todos o mesmo, entre outras cousas porque había un borrador que non coñecía a Xunta de Galicia, que non coñecía, ao parecer, o vicepresidente, que non coñecía o director xeral de Xustiza, pero que todos os profesionais da xustiza circulabamos, o certo é que se producía esa proposta de anteproxecto pola que se suprimen os partidos xudiciais fóra da capital de provincia. Que, por certo, despois desta xa máis actualizada información respecto do plantexamento desta interpelación, foi ratificada polo Consello Xeral do Poder Xudicial e, polo tanto, o señor Gallardón saíu todo ufano dicindo que, como vían, esa reforma era viable e, polo tanto, había que apostar por eses tribunais de instancia provinciais, toda vez que o propio Consello Xeral do Poder Xudicial confirmaba que era unha proposta válida.

O certo é que non vou entrar xa nas diferentes... todos coñecemos os datos dos 45 partidos xudiciais, cal é a situación cada unha. E tamén dende o Grupo Parlamentario Socialista preguntabamos –lembrarase o señor Rueda, seguramente, no debate de orzamentos– cando dicíamos que atopabamos que no Plan de infraestruturas xudiciais ou, bueno, o plan que chamabamos das goteiras, porque a verdade é que se dirixiron case sempre a cubrir goteiras –que, por certo, hai que facelo, que hai que traballar en seco; pero, bueno, iso non é un plan de infraestruturas xudiciais ambicioso como o que vostede anunciaba–, se ese plan de infraestruturas xudiciais, que ía destinado en teoría a unidades xudiciais diferentes das provinciais, significaba que a Xunta de Galicia apostaría polo mantemento desas unidades xudiciais. Vostede dicía que non faláramos sobre cousas que non ían acontecer e que non había ningún indicio de que o señor Gallardón pretendía suprimir eses partidos xudiciais.

E ademais, respecto da oficina xudicial, lembrarase vostede que dicíamos que non contemplara vostede orzamentos para esa oficina xudicial, esa modernización da oficina xudicial, na que Galicia pasou no último ano –antes íamos de penúltimos–, dende o ano seguinte á chegada de Núñez Feijóo, do Goberno do Partido Popular á Xunta, pasamos –e está nos datos, como sabe, do Consello Xeral do Poder Xudicial ou do Ministerio de Xustiza– de penúltimos na implantación da modernización da oficina xudicial, e agora neste momento estamos de últimos. Se quere vemos os datos e así mesmo podemos capturar un pantallazo hoxe do que sucede.

Por iso, vendo a evolución, porque o certo é que vostedes dicían unhas cousas e o derroteiro foi outro, o certo é que o Goberno de Mariano Rajoy, o Goberno co señor Ruíz Gallardón aprobou o que vostede dicía que non ía aprobar. E necesitamos saber... de verdade que pedimos rigor, pedimos rigor porque cando preguntamos aquí –que é o pouco espazo que temos a oposición dentro dun regulamento vixente, preguntas concretas, nas que nos amparamos no preceptuado– o que pretendemos é coñecer a verdade e a transparencia para que vostedes teñan o valor de contestar, non de eludir cada unha das sesións de control. Porque lles lembramos que están vostedes para responder á oposición.

Primeiro: ¿avala a Xunta de Galicia a proposta do Goberno do Estado de supresión dos partidos xudiciais galegos, si ou non, señor Rueda? ¿Avala vostede a supresión dos partidos

xudiciais, si ou non? Espero que... Son bastante sinxelas as preguntas e, polo tanto, creo que se poden contestar.

De non ser así, segundo –que eu espero que non o avale, mesmo vendo os acordos plenarios, xa o outro día cando nos aprobaban a iniciativa parlamentaria do Grupo Parlamentario Socialista, e hoxe acaba de producirse un acordo– quero saber, loxicamente, queremos saber, coherentemente, se non están de acordo coa supresión dos partidos xudiciais, qué medidas serán adoptadas para evitar a aprobación desa proposta. Aquí temos competencias en materia de xustiza; vostede é vicepresidente, e ademais con consellería en materia de xustiza, e, polo tanto, adoptará en consecuencia algunhas medidas. Queremos saber qué medidas vai aprobar para evitar a aprobación desas propostas.

En terceiro lugar, ¿que entidades galegas do ámbito da xustiza foron consultadas e cal foi o seu parecer? Porque o certo, señor Rueda, como tamén sabe, existen manifestos tanto do Consello Xeral da Avogacía Galega como dos colexios de avogados, colexios de procuradores, diferentes colexios que participan nas periciais dentro dos xulgados, persoal do Imelga, forenses, sindicatos de funcionarios e plataformas en xeral, que afirman que non só non foron consultados senón ademais –están publicadas en diferentes páxinas web oficiais e de diferentes organismos– a súa oposición rotunda a esta reforma da lei, como acontecera cos taxazos, pendentos do Tribunal Constitucional, e que o Goberno da Xunta de Galicia mantén un silencio inexplicable. Como sabe, o Consello Xeral da Avogacía, máximo órgano da avogacía galega, emprazábao a vostede a que se pronunciara e que asumira as competencias para que Galicia rexeitara esa lei de implantación, e ademais coñecer que medidas. Lóxico, e ademais hai que ser proactivo.

E, en cuarto lugar, móllese, señor Rueda, ¿as cidades de Vigo, Santiago e Ferrol ficarán sen órganos xudiciais? Eu estou segura de que vostede ten unha magnífica relación co señor Rajoy, presidente do Goberno do Estado, e, polo tanto, terán vostedes influencia nas decisións que se tomen. E ¿Vigo, Santiago e Ferrol quedarán sen órganos xudiciais, sen partido xudicial?

Son catro preguntas ben sinxelas...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora SESTAYO DOCE: ...-si, señora presidenta- e están formuladas con concreción.

Intentemos, señor Rueda, que, ademais de declaracións que dependen onde as faga -segundo estea aquí ou en Madrid cambian de circunstancia; non sei se cambiou vostede de opinión respecto do Senado, espero que si-, en todo caso, que hoxe no Parlamento, e que vai quedar recollido nun *Diario de Sesións* que poderemos publicar a todos os sitios, conteste estas catro preguntas.

Nada máis polo de agora e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, don Alfonso Rueda.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, bos días.

Señora Sestayo, é evidente que vostede esta interpelación -simplemente vendo a data de rexistro- a tiña feita antes do acordo que se adoptou hoxe neste Parlamento. O que xa non teño tan claro, o que xa non me parece tan evidente, é se vostede está decepcionada porque o Partido Popular tivera esta posición clara e meridiana, porque parece ser que se lle desfixeron un pouco os argumentos. Porque, por unha banda, di que se alegra moito de que apoiemos isto e despois fálame como se non estivera manifestada clarisimamente a nosa posición.

O malo é que esta posición está manifestada dende o principio. Evidentemente, hai un ano e medio estiven aquí respondendo a iniciativas parlamentarias da oposición. E, se mal non recordo, era por un ditame que fixo o Consello do Poder Xudicial naquel momento -por certo, encargado polo anterior ministerio- onde daba unha serie de opinións. E nós xa dixemos o que nos parecía. Primeiro, era un ditame dun órgano; simplemente acordabamos con que algo había que facer; creo que todos estamos de acordo en que en toda organización xudicial algúns cambios hai que facer para adaptalos á realidade. Pero despois dicíamos simplemente que, pri-

meiro, non estabamos, por suposto, de acordo con esa precisión que se facía na división territorial e que en todo caso había un camiño por diante todavía moi amplo, como aínda o hai.

Falaba vostede de algo que naquel momento dicía que vostede coñecía porque tiña moita información, todo o mundo sabía menos o Goberno da Xunta de Galicia, que, como sempre, nunca se entera de nada, e había unha serie de cousas que despois foron frutificando ata un anteproxecto.

E tamén lle dixen naquel momento -e sábeo perfectamente, iso está no *Diario de Sesións*, pero iso non lle interesa lelo, por suposto- que cando se nos presentara este anteproxecto para dar a nosa opinión a daríamos sen ningunha dúbida, sen ningún medo a molestar a ninguén, porque nós o noso compromiso o temos con Galicia. E creo que así o fixemos. Fíxémolo mandando as alegacións, fíxémolo -e agora falaremos de a quen consultamos-, e acabámolo de facer agora mesmo sen ningún problema aquí no Parlamento de Galicia. Porque temos clarísimo o que lle convén a Galicia en materia xudicial, temos clarísimo quen ten as competencias en cada caso. Por suposto, hai un ministerio, que é o que ten que facer as propostas; hai unha serie de organismos, de operadores xurídicos, que teñen que dar a súa opinión; e, por suposto, está a Xunta de Galicia, que tamén ten que emitila. Pero teña claro que a nosa postura non mudou en ningún caso. É máis, viuno ata o de agora e irao vendo conforme vaia avanzando o proceso e conforme se nos vaia pedindo outra vez a nosa opinión.

Alégrome desta interpelación porque me dá ademais ocasión de explicar un pouco máis polo miúdo -non tivera ocasión nesta Cámara- cales foron as alegacións da Xunta de Galicia, que foron emitidas a principios do mes de maio, durante o mes de maio, no prazo que se nos deu para facelo, e despois de consultar -como lle dicía- a varios operadores xurídicos. ¿Por suposto que podían ter sido máis? Si, e tamén podían ter sido menos. A maioría das comunidades autónomas non consultaron absolutamente a ninguén. Nós consultamos aos que nese momento, e tamén un pouco ante a premura de tempo, nos pareceu que tiñan que dar a súa opinión. Algúns dixéronnos que xa a ían dar directamente; aqueles que decidiron emitila xuntámola xunto coa Xunta de Galicia. E estou seguro de que outros colectivos e operadores xurídicos, sen necesidade de que a Xunta de Galicia llelo

pedira –ben porque llelo pediu o ministerio ou ben porque decidiron facelo directamente– tamén deron a súa opinión.

Señora Sestayo, polo que me dicía e tamén polo tempo do que dispoño: responder concretamente ás preguntas que vostede me fai, sen ningunha dúbida. E, por suposto, creo que xa quedaron..., creo que xa sabe a resposta, pero insisto en que algunhas alegacións que fixemos me dá ademais a oportunidade de deixalas aínda máis claras.

Pregúntame vostede que medidas van ser... Bueno, primeiro, se nós avalamos a proposta de supresión dos partidos xudiciais. Podíame remitir ao acordo que acabamos de tomar. Primeiro, estamos de acordo –e supoño que vostede tamén porque é que está de acordo case todo o mundo– en que había que facer –como lle dicía– cambios na organización. Pódese propoñer outro modelo, outra cousa é que este modelo nin pode levarse por diante todo o que hai nin pode ignorar as realidades xurídicas e territoriais, no noso caso de Galicia. Polo tanto, ¿avalamos a supresión dos partidos xudiciais? Nós nas nosas alegacións dicimos que queremos que se manteñan os partidos xudiciais. Se se lle quere dar outra conformación, incluso outro nome, que non é unha cuestión nominativa, que tamén ás veces son importantes pero non é unha cuestión simplemente de nomes, é unha cuestión de organización e do que ten que permanecer. Polo tanto, se a proposta –que, por certo, xa vén de antes, como vostede coñece perfectamente, entre outros que tamén a coñecen– é facer tribunais de instancia, nós o que dicimos é que non pode haber un tribunal de instancia por provincia, que é o que propón o anteproxecto. E dixemos dende o principio que non pode ser, que ten que haber sete, un por cada cidade galega. Puxémolo nas alegacións, acabámolo de votar aquí e dirémolo as veces que faga falta. Falamos do caso de Vigo porque nos parece o exemplo palmar de todos os que podía haber en España. Para avalamos esta postura o de Vigo é o máis claro por moitísimas razóns. Polo que supón a propia cidade de Vigo e a súa contorna, polos órganos xudiciais que xa hai, polo movemento que hai, parécenos clarísimo que ten que haber un tribunal de instancia, igual que o ten que haber en Santiago, igual que o ten que haber en Ferrol, igual que o ten que haber, por suposto, nas catro capitais de provincia galegas.

Polo tanto, non estamos de acordo, falando de partido xudicial e metendo tamén tribunais de instancia, se se quere a

base dos tribunais de instancia, en que haxa só catro, ten que haber sete.

E despois, tampouco estamos de acordo en que... –pero iso xa o dixo o ministro tamén, que non ía desaparecer, e, por suposto, pedirémoslle contas para que así sexa– ...no modelo que propoñan non poden desaparecer os actuais partidos xudiciais. Xa dixo que ningún partido xudicial ía deixar de ter actividade, con independencia das propostas de especialización que se fagan ou de funcionamento conxunto. Téñense que manter os partidos xudiciais que hai na actualidade, os xulgados que hai, e nós dixemos que queríamos que fose así, avalado, ademais, entre outras cousas, polos investimentos importantísimos... Vostede, con esa lixeireza coa que fala moitas veces, di que é un plan de goteiras; alégrome agora de que nin o alcalde de Vigo estea de acordo con vostede, que xa se puxo por fin a expropiar os terreos, será que tamén se dá conta de que imos facer infraestruturas importantes; como estamos facendo, por certo, xa fixemos en Santiago, estase facendo, acábbase de empezar en Coruña e está a punto de rematar en Ourense. Vostede chámalle goteiras, eu chámolle investimentos de arredor de 17 millóns de euros cada un deses edificios. Á parte, por suposto, e a moita honra, de pequenas reparacións en edificios, algúns en mal estado, que herdamos da época en que vostedes tiñan esas competencias a partir do ano 2009, e que, por suposto, había que arranxalos, algúns estaban arranxados, outros non, e nós seguimos arranxando. Vostede chámalle goteiras, eu chámolle arranxos necesarios. *(Aplausos.)*

Polo tanto, ¿estamos de acordo nos partidos xudiciais?, ¿avalamos a proposta? Se son catro tribunais de instancia, non; se suprimen partidos xudiciais, tampouco.

¿Que medidas serán adoptadas para evitar a aprobación desta proposta? ¿Que entidades galegas do ámbito da xustiza foron consultadas? ¿Cal foi o seu parecer?: Vigo, Santiago e Ferrol ficarán sen órganos xudiciais. De Vigo, Santiago e Ferrol penso que xa lle acabo de responder, se non na réplica aproveito para profundar aínda máis.

¿Que medidas se van adoptar? Oia, pois todas as que ten de capacidade unha comunidade autónoma. Xa dixen que esta é unha cuestión..., cada un ten as súas competencias e ten que exercelas, e nós estámolas exercendo, con valentía non, con responsabilidade, e que creo que é o que temos que dicir,

e, polo tanto, estámolo dicindo. ¿Que hai cousas que non nos gustan? Que se cambien. Cando se nos pida o informe, dirémolo. Cando se nos pida un procedemento político no Parlamento, farémolo. Cando se nos chame a unha conferencia sectorial ou se nos pregunte o noso parecer, por suposto que o imos facer, por suposto que intentaremos exercer toda a influencia política da que sexamos capaces, e por suposto que non deixaremos pasar ningunha ocasión.

Consultamos o Tribunal Superior de Xustiza, que, por certo, vai emitir, segundo parece –hoxe saía nalgún xornal– o seu propio –así se nos dixo– parecer en datas cercanas; consultamos a Fiscalía Superior e ao final, a través da Fiscalía Xeral, farase un pronunciamento conxunto, xa se fixo; consultamos o Consello da Avogacía Galega, que nos deu o seu parecer e á parte aportou os pareceres de varios colexios territoriais; consultamos o Consello Galego de Procuradores; consultamos a Secretaría do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; e consultamos as principais organizacións sindicais. De todos estes aos que consultamos, algúns fixéronnos chegar a súa aportación e nós axuntámola xunto coa da Xunta de Galicia, para que se coñecera, porque ademais en moitos casos son coincidentes, e para que o Ministerio tivese unha visión conxunta do que pasa en Galicia axuntámolo; outros declinaron facelo, e outros dixeron que o facían directamente. Pero creo que consultamos. Xa lle digo, sempre se pode falar con máis xente, pero, evidentemente, tamén se pode falar con bastante menos.

As nosas alegacións, xa digo, por falta de tempo, resumímo-las rapidamente:

Respecto dos tribunais de instancia, xa lle dixen que Vigo, Ferrol e Santiago, clarísimamente. O caso de Vigo..., creo que explicando o caso de Vigo se entende todo o demais.

Permanencia de sedes xudiciais operativas en todos os departamentos actuais.

Aproveitamento dos investimentos xa realizados. Este é un criterio que aparece no anteproxecto e parécenos fundamental. Non pode ser ter investido unha cantidade importante de cartos en materia de mellora dos edificios xudiciais e que agora, porque se pechara un edificio, ese investimento non servira para nada. Ese ten que ser un criterio que ten que ser tido en conta, e, por suposto, nós farémolo valer.

Necesidade de que a reforma, se vai supoñer gasto financeiro –eu creo que si, que o pode supoñer–, dende logo iso ten que ser previsto. As comunidades autónomas non poden asumir unha decisión dunha lei estatal, porque está en todas as normativas de traspaso de competencias autonómicas destas decisións e igual o facemos nós respecto aos concellos; cando se dá unha nova competencia que supón unha carga financeira, esas cargas financeiras teñen que vir previstas. A lei viña sen memoria económica e nós así o denunciámos e o fixemos saber nas alegacións.

Houbo tamén outra serie de consideracións respecto aos xulgados de paz, respecto de determinado persoal, un pouquiño máis técnicas, sei que por cuestións de tempo...; están á súa disposición e, como di vostede, se non as ten, eu pódollas trasladar.

En definitiva, señora Sestayoy, sempre mantivemos a nosa postura, imos avanzando con seriedade segundo se nos vai pedindo e segundo temos que facer, porque somos unha Administración e, polo tanto, temos que suxeitarnos aos tempos que se nos dan para facer valer a nosa opinión e a nosa voz. Pero non lle caiba dúbida de que o faremos con firmeza, con valentía, se esa é a palabra –xa digo que eu creo que é responsabilidade– e sen defender outros intereses que os intereses, neste caso, da Administración de xustiza en Galicia.

Se vostede se quere sumar, ben; se o quere entender, ben; e se quere non recoñecer –aínda que creo que no fondo si que o pensa– que as cousas se están facendo razoablemente ben aquí e con valentía, pois alá vostede, siga facendo demagogia, pero iso non leva a ningunha parte.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Sestayoy.

A señora SESTAYO DOCE: Grazas, presidente.

Que vostede me diga que fago demagogia, señor Rueda, é unha honra, sen dúbida, porque, dende logo, temos discursos e actuacións claramente diferentes.

Mire, vostede, efectivamente, acaba de dicir –acabo de collelo literal– que ten que haber sete tribunais de instancia,

e acaba de nomear as sete provincias. Eu digo: ¿non quere, entón, que existan 45 tribunais de instancia? É ben fácil. ¿Non quere que existan 45 tribunais de instancia? Contéste-me, por favor, na segunda. Porque nós o que queremos é que existan 45 tribunais de instancia.

Vostede acaba de dicir, como xa dixera no seu día, que ten que haber sete partidos xudiciais. Hoxe cambia, di que bueno, que pode falarse de terminoloxía, e fala de que ten que haber sete tribunais de instancia, nas que estarán, ademais das capitais de provincia –acaba de dicir vostede–, estarán Vigo, Santiago e Ferrol, e o resto fala de mantemento de sedes operativas. ¿Que se trata de sedes operativas, señor Rueda?, ¿que son sedes operativas? Se hai sete tribunais de instancia é evidente que onde se van desprazar os xuíces, os fiscais, os avogados, etc., vai ser aos tribunais de instancia, señor Rueda, sábeo perfectamente. ¿Que quedará, polo tanto, no resto de partidos xudiciais hoxe existentes? ¿Que significa sede operativa? ¿Que significa sede con actividade? ¿Significa, como están denunciando os sindicatos, como está denunciando Xuíces para a Democracia, como está denunciando o Consello Xeral da Avogacía...? Por certo, non dixo vostede o que afirmaban, que era en contra absolutamente da posición do Partido Popular, do Grupo Parlamentario Popular e dos gobernos populares tanto de aquí como de Madrid, señor Rueda.

O que din, o que denuncian, o que denunciarnos, con esta demagogia que nos caracteriza e con esta desinformación que nos caracteriza, é que, efectivamente, con estas sedes operativas o único que queren é ir mantendo os edificios xudiciais para que existan, primeiro, algúns funcionarios onde se poidan entregar, como se foran rexistros civís –bueno, que xa nin sequera rexistros agora–, como se foran sedes administrativas nas que depositar algunha notificación, algún documento, algún papel, pero nas que non exista actividade xurisdiccional, actividade xurisdiccional que sabe que na Constitución, na norma magna, di que é “xulgar e facer executar o xulgado”.

Polo tanto, señor Rueda, á vista da súa resposta, ¿vostede apoia que só existan sete tribunais de instancia ou que existan tribunais de instancia en todos e en cada un dos partidos xudiciais existentes na actualidade? É dicir, ¿avala vostede, apoia vostede, como o Grupo Parlamentario Socialista, que

existan 45 tribunais de instancia? É moi fácil, agora ten a posibilidade de responder.

Señor Rueda, vostede di que, efectivamente, lle parece magnífico e cre que estarei conforme con vostede en que actúan de marabilla cando, unha vez que lles chega o proxecto, mandan as alegacións cando llas piden, ¡só faltaría! Só faltaría que agora lles manden a petición de informe e a Xunta de Galicia nin sequera formule alegacións. Hai que aplaudilo por iso, señor Rueda; a verdade é que ten vostede un ego desmedido, non me estraña que o critiquen a través das redes sociais algúns dos seus propios compañeiros do Partido Popular, un ego desmedido, sen dúbida.

Pero mire, señor Rueda, o certo é que existe dende hai dous anos... –serei desinformada, falamos con demagogia... –, vostede dicíanos –insisto, porque está literalmente, señor Rueda, e xa lle dixen, miremos xuntos o *Diario de Sesións*–: “alarma social, señora Sestayo; infórmese mellor, señora Sestayo; non haberá ningunha reforma na que se propoña a supresión dos partidos xudiciais; esas son manipulacións, mentiras, falsidades, elucubracións...”. Literal, señor Rueda, literal, súas e do Goberno da Xunta, iso é o que dicía vostede.

O que estaría ben, señor Rueda, é que, cando nós coñeciamos este texto, cando o coñeciamos toda a comunidade xurídica, cando o coñecía toda a comunidade preocupada por ese desprazamento, esa supresión dos partidos xudiciais, vostede actuara daquela. Porque vostede as competencias que ten hoxe para formular as alegacións xa as tiña daquela. Cando formulaba alegacións o Consello Xeral da Avogacía, cando as formulaban os colexios de avogados, de procuradores, os sindicatos de funcionarios, etc., etc., cando a oposición denunciabamos esa situación, a súa obriga era coñecelo e actuar. Pero vostede actúa sempre a posteriori, como actuou a posteriori coa reforma da Administración local, e aquí temos unha reforma local xa que está imposta, como vostede mesmo dixó e recoñeceu tamén nesta sesión, porque vostedes non quixeron actuar antes. E hoxe existen concellos xa que van quedar sen servizos sociais porque vostede simplemente pregou as rodillas a Madrid. E iso é así, señor Rueda, porque vostede non é capaz de actuar con responsabilidade hacia este país, vostede non é capaz de defender a Galicia que hoxe...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora SESTAYO DOCE: Polo tanto, señor Rueda – xa remato, señor presidente– contésteme: ¿existe –acaba de dicilo vostede–, quere vostede que existan 45 tribunais de instancia ou non? Defina qué son sedes operativas, ¿as sedes operativas son sedes onde se van facer..., son órganos xudiciais completos, órganos xurisdicionais completos como os actuais, nos que se xulga, se faga executar o xulgado, que existan titulares de órganos xurisdicional, xuíces, xuízas, maxistrados, maxistradas, fiscais, e todos os operadores xurídicos que actúan na actualidade, que se conserven todos os Imelga, que se conserven...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora SESTAYO DOCE: ...todos os servizos xurídicos?, ¿vai meter vostede a oficina xudicial moderna en todos os partidos xudiciais actuais? Conteste, señor Rueda.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Sestayo.

Turno de peche, señor vicepresidente e conselleiro da Presidencia e Administración Pública.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Sestayo, en primeiro lugar alégrome de que o problema xa non sexa que desprezamos a cidade de Vigo, que ignoramos todo o que non sexan capitais de provincia, que estamos co modelo provincial do Estado, todo iso xa o superamos, afortunadamente, o malo é que era o que estabamos defendendo desde o principio.

Agora xa se inventou un argumento novo; agora resulta que o problema é que se me teño que pronunciar aquí dicindo exactamente se ten que haber 45 tribunais de instancia e ademais un tribunal de instancia en cada unha das sete ‘provincias’ (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*), foi o que dixo vostede.

Mire, “realizar...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...as xestións necesarias xunto co Ministerio de Xustiza do Goberno de España a fin de que na redacción que se faga da Lei orgánica do poder xudicial e da Lei de demarcación e planta xudicial se manteña o partido de Vigo como partido xudicial propio. Facer a defensa do mantemento do Partido Xudicial de Vigo perante o ministerio cando sexa consultado sobre o tema...” –isto vale, como dixen, para todos os tribunais de instancia, os sete que queremos manter nas cidades–, “...e manifestar a rotunda oposición á implantación de unicamente catro tribunais de instancia provinciais, así como as supresións dos actuais partidos xudiciais nas vilas que son cabeceira de comarca, das cidades galegas que non son capitais de provincia e singularmente a cidade de Vigo”.

Isto, que eu saiba, é o que acabamos de votar todos, ¿a vostede xa non lle vale isto?, ¿isto non explica perfectamente cal é a nosa postura? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), ¿isto non explica exactamente o que queremos todos? Pero se eu estaba aí igual ca vostede e respecto ao que se ten que manter foi o que votamos todos. ¿Estame pedindo aclaración ao seu propio voto? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) ¿Entón isto que votamos non é exactamente o que vostede defende e non é o mesmo que defendo eu? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) ¡Ah!, non é iso, vostede votou iso pero non está de acordo, ten que ser o que vostede..., teño que aclarar o que penso eu porque o que acabamos de votar os dous non vale para nada.

Mire, señora Sestayo, “manifestar a nosa rotunda oposición á supresión dos actuais partidos xudiciais nas vilas que son cabeceira de comarca, das cidades galegas que non son capitais de provincia e singularmente da cidade de Vigo”. Esa é a planta xudicial que nós defendemos. Tamén é a que defendía vostede hai cinco minutos, agora resulta que xa non, que xa non lle vale, e téñolle que aclarar eu o que debiamos ter votado os dous. Pois mire, eu estou absolutamente seguro do que acabo de votar, xa vexo que vostede non, e xa fai outra reviravolta para..., porque agora inventa outro problema novo, a ver se colle a Xunta de Galicia nun renuncio.

Mire, nós dixemos nunha das nosas alegacións –xa vexo que non me fixo moito caso– que queremos manter a actividade en todos os actuais órganos xudiciais de Galicia, nos 45 partidos xudiciais, acabamos de votar a planta territorial que temos, vostede en cinco minutos xa lle caducou esa vontade, xa non lle vale, e xa hai que tomar outra nova determinación. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señora Gallego, señora Gallego...

Xa non lle vale e xa hai que tomar outra nova determinación. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Mire, dicía...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señora Gallego, por favor, non entre xa vostede no tema, porque xa están entrando bastante...

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Dicía o señor Gallardón que: *Sustituirán todas y cada una de las actuales sedes judiciales que existen en España, sin excepción, y no se cerrará un juzgado de primera instancia en una capital de provincia, pero tampoco en ningún partido judicial de España...*, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) *sin excepción.* Estaremos absolutamente vixilantes para que isto sexa así, pero estaremos en todo momento, non diremos unha cousa e aos cinco minutos diremos que xa non nos vale, que en realidade votamos unha cousa ambigua e que queremos máis concreción. Porque o momento é cando se van votar as cousas, e, se non é dabondo, non vote vostede iso. É que eu creo que é dabondo, e por iso o votei. Supoño que os seus compañeiros, toda a Cámara, en realidade, pensaba que era dabondo, pensaba que era o que queríamos, e por iso votamos todos.

Resulta que a vostede non lle valía, que tiña un voto oculto e que estaba nesta interpelación esperando a sacalo. Supoño que me estará vostede dicindo que o que hai que facer é non cambiar absolutamente nada, que en realidade hai que cambiarlles o nome aos tribunais de instancias, aos actuais partidos xudiciais..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ...dicir que son todos de instancia e que todo ten que

ser exactamente igual. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Mire, vólvolle dicir e teño que traer –con todos os meus respectos– o anterior ministro de Xustiza, que está aquí, simplemente para ler unha frase que dixo: *Hay juzgados que casi no tienen carga de trabajo porque están en pueblos que eran antiguas cabeceras de comarca, y con el paso del tiempo y el cambio de la economía no tienen prácticamente asuntos que resolver. Sé que esto es políticamente muy delicado, pero debemos buscar un sistema racional.*

Pois busquemos un sistema racional entre todos. ¿Pero non é o que acabamos de votar? ¿Non acabamos de dicir que hai cousas da lei que non nos gustan (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) e, polo tanto, imos dicir que se cambien?

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ¿Non imos estar de acordo en defender o que lle convén a Galicia? (*Murmurios.*)

O que non vou facer, dende logo, é votar unha cousa porque mo mande o meu grupo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...e aos cinco minutos dicir que non está de acordo co que lle pedía o seu grupo, como foi o seu caso, señora Sestayo, e virme pedir explicacións, que acabo de votar o mesmo que vostedes.

Estou de acordo con esta proposición. Crin que estaba de acordo todo o mundo, xa vexo que vostede non; explique o do seu grupo. Nós defenderemos os intereses de Galicia. Unha persoa que me di que teño moito ego simplemente porque digo que mando as resolucións en prazo e mando as alegacións cando me di o Goberno demostra que non entende absolutamente nada. Pero siga así, que lle irá moi ben.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Garzas, señor vicepresidente.

Interpelación de D. Francisco Caamaño Domínguez e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a licitación dun contorno virtual de aprendizaxe para o ámbito educativo non universitario e dos contidos curriculares dixitais para determinados cursos de ensino obrigatorio

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Cando queira. Señor Caamaño, a súa interpelación.

O señor CAAMAÑO DOMÍNGUEZ: Grazas, presidente.

Disque o demo sabe máis por vello que por demo e, polo tanto, antes de escomezar propiamente esta interpelación, quixera dicir con toda claridade que o Grupo Parlamentario Socialista e os deputados aquí presentes non temos nada nin contra o ensino público nin tampouco contra a edición de libros, sexa en soporte papel ou sexa en soporte dixital. Aclaro máis; parece que quen ten un problema con esas dúas cousas é precisamente a Xunta de Galicia. Por unha banda, a súa política de recortes sistemáticos sobre o ensino público; por outra, a situación na que se encontra o mundo da edición en Galicia, con titulares en prensa por todos coñecidos, cunha perda de cerca do 60 % da súa implantación e cunha política pública de desleixo permanente cara á súa actividade.

A partir destas dúas pezas, que son, digamos, a marca Xunta de Galicia no eido da educación –recortes e máis recortes e desleixo e máis desleixo– quería encarar o núcleo fundamental polo que interpelamos hoxe ao conselleiro e responsable deste departamento no Goberno de Galicia.

Todos lembrarán que ese goberno bipartito que tan poucas cousas fixo boas para Galicia, segundo algúns, acordou un bo día que os libros de texto fosen gratis para os nosos fillos no eido do ensino público e que unha das primeiras medidas que adoptou o Goberno do señor Feijóo nada máis chegar, recén ocupado o seu cargo, foi precisamente suprimir esa medida. E, dende logo, non vou admitir unha vez máis ese xogo demagóxico que tantas veces escoitamos xa nesta Cámara, que, por reiterado, non deixa de ser unha absoluta

falsidade e, dende logo, unha pouca afortunada solución dende o punto de vista intelectual. Isto de que os fillos dos deputados ben poden pagar os libros, cousa que non poden facer os fillos dun mileurista, pois ben, calquera de vostedes que saiba que é un Estado social e democrático, un Estado moderno sinxelamente, debería ter presente que nun Estado democrático a distribución da riqueza se fai a través do sistema impositivo e que por iso nos espazos públicos, como é a escola pública, o fillo dun deputado e o fillo dun mileurista son iguais en dereitos, son iguais en respecto e iguais en liberdades. E para iso os deputados deben pagar máis cun sistema progresista, fiscal progresivo, e os fillos dos traballadores ou dos mileuristas, que teñen menos recursos, deben pagar menos. Fronte a iso, imos a modelos sistemáticos de copago, e, iso si, a reformas fiscais onde a progresividade impositiva desaparece. Esa é a política de retorno ao Estado estamental, cuasi feudal, na concepción da sociedade, que practica o Partido Popular tanto en España como en Galicia.

E a última manifestación desta política pódese comprobar o pasado 16 de abril no *Diario Oficial de Galicia*, onde se publica un anuncio para a licitación de desenvolvemento e posta en funcionamento dunha contorna virtual de aprendizaxe para o ámbito educativo non universitario; unha licitación que, dados os escasos presupostos e as previsións orzamentarias coas que contamos, é importante. Trátase de dúas partidas que suman en total 3,6 millóns de euros. Lembro que ese mesmo departamento dedica á lingua galega a enorme cantidade de 5,7 millóns de euros. Polo tanto, estamos a falar dun investimento importante, dunha licitación que consta de dous lotes: o primeiro, a creación dunha plataforma dixital; o segundo, o segundo lote, substancialmente, a contratación de contidos curriculares que estean destinados ao ensino. Isto anúnciase, ademais, por parte dos responsables da Xunta de Galicia, como un desenvolvemento do Programa Abalar, de informatización previa das aulas, e ademais como un aforro considerable para os pais, para os galegos e galegas con fillos en idade escolar, que así non terán que comprar libros de texto utilizando o sistema dixital. Insisto, benvidas sexan as novas tecnoloxías, benvidas sexan as políticas de aforro e que favorezan as familias.

O que ocorre é que este programa non ten nada diso. Esta licitación obedece unha vez máis a esa política de sociedade estamental divisoria, discriminatoria, que establece sistematicamente, no eido da educación, o Partido Popular. E voume

explicar nestes cinco minutos que restan brevemente porque isto é así e non unha mera opinión subxectiva.

A primeira. A diferenza do resto de plataformas dixitais que se están a constituír en España –estou pensando, por exemplo, en Escolarium, que é a que ten Estremadura, ou a que se está intentando nunha comunidade gobernada polo Partido Popular, en Valencia–, aquí non se licita un paquete para crear unha multiplataforma; é dicir, un soporte informático que teña un punto nodal no que as plataformas editoriais privadas poidan tamén colgar os seus contidos dixitais –primeira cuestión que me parece fundamental, porque afecta directamente o mercado–, e establece unha discriminación inicial, garantindo unha práctica colisoria, en contra do disposto pola Unión Europea e as nosas regras de competencia, denunciadas xa ante os tribunais de xustiza, en casos semellantes, onde se establece un sistema monopolístico por parte dunha administración, excluindo a competencia, neste caso, de empresas editoras, que tamén teñen plataformas dixitais, contidos dixitais propios, e que, por suposto, compiten no mercado educativo con outras moitas editoras.

Aquí hai unha plataforma única, e, polo tanto, a diferenza destas dúas –insisto–, non hai a posibilidade de ter un punto neutro de conexión, alomenos tal e como se ten licitado todo o proxecto e a contía de cartos da que estamos a falar.

Pero o que é máis grave: tampouco se establece que isto se faga nun sistema de *software* libre e, polo tanto, que non teñamos que custear todos os galegos licenzas, cousas que si se están a facer noutras comunidades autónomas, especialmente en Estremadura, senón que, ademais, o segundo lote é un lote para encargarlle a unha empresa a elaboración de contidos curriculares; é dicir, de materiais docentes que se colgan nesa plataforma e que serán os que sexan gratis potencialmente para os nosos fillos. É dicir, non queremos Educación para a Cidadanía, pero os nosos fillos estudarán o Feijóo 1 de Coñecemento do Medio e o Feijóo 2 de Matemáticas elementais. É dicir, se queres gratis, terás que seguir os contidos curriculares contratados pola Xunta de Galicia: nin liberdade ideolóxica nin capacidade de liberdade de expresión nin de ensino nin respecto ás prácticas económicas –segundo elemento claramente discriminatorio deste modelo de licitación–. Por certo, modelo de licitación do que todas as empresas editoriais de Galicia se están reiteradamente a queixar, non só aos grupos parlamentarios senón

nos medios de comunicación, polo que representa. Algunhas delas, ademais, non só galegas, pero que si fan textos educativos en galego, anuncian que se segue adiante e a Xunta é ben consciente de todo iso deixarán de producir textos en galego pola imposibilidade de ter unha competencia leal dentro do mercado editorial da nosa comunidade autónoma.

E a terceira discriminación, a máis grave –dísenos que esta é unha derivada do Proxecto Abalar, e todos sabemos cal é a realidade do Proxecto Abalar–. Tense implantado a rede, a capacidade de interaccionar educativamente a través das redes, basicamente nos núcleos urbanos, cun abandono e un desleixo absoluto do ensino no rural. Levámolo denunciando non só nós, os sindicatos de ensino en Galicia, os colectivos de ensinantes galegos, dende hai moitísimo tempo. Polo tanto, este sistema só poderá ser utilizado na contorna urbana, neses centros educativos, mentres seguimos a suprimir na provincia da Coruña este ano 23 escolas unitarias de xeito sistemático e radical.

Libros gratis para algúns, para os que non vivan no rural, dirixidos, non libres. A liberdade de cátedra e de elección de textos do profesor e de dirección curricular desaparece con esta nova licitación. Este é o modelo de avance tecnolóxico e de aforro de custos que se nos quere propoñer mediante esta licitación por parte da Xunta de Galicia; un modelo de tripla discriminación: económica, para os que compiten nun mercado libre e social, porque diferenza claramente e abonda na fenda dixital que se produce entre o urbano e o rural –por certo, no urbano, o Proxecto Abalar ten unha clara presenza nos centros concertados en contra do ensino público, e digo ensino público entendendo por tal a non concertada–, e en terceiro lugar –e última e máis grave discriminación–, unha diferenza de trato en función dos contidos da educación e de descoñecemento claro do que di a lexislación educativa, na que determina que os contidos do ensino os determinan os profesores en función das necesidades de cada centro e de cada aula e que son eles, cada centro educativo, o que ten o dereito a elixir que textos teñen que dar. Por tanto, a obriga dunha administración responsable é facer unha plataforma que teña un punto nodal, que teña a posibilidade de que todas as empresas colguen os seus contidos dixitais e que, dentro deses contidos, con igualdade competitiva de prezos e de recursos, cada centro educativo poida elixir.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor CAAMAÑO DOMÍNGUEZ: Iso si que é facer unha política para todos; o resto é insistir nesa política de sociedade estamental que caracteriza esta Xunta de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Caamaño.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Bos días, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

A verdade é que vostede, señor Caamaño, é o rei da demagogia, pero hoxe precisamente debeu de levar esa copa que non levou España este ano. Probablemente debería de estar vostede xogando en Brasil para gañar esa copa. Digo porque vostede fala de demagogia, pero quen impuxo os copagos co decreto de comedores foi o seu goberno, do señor Touriño. Si, señor.

Por outro lado, non foron vostedes quen puxeron en marcha o sistema do préstamo, foi o Goberno do señor Fraga –segunda cuestión que vostede descoñece–. E quero, ademais, que conste que vostede dixo que na provincia da Coruña este ano van desaparecer 23 unitarias. Creo que xa este dato que vostede dá dende logo non ten credibilidade eu creo que no resto da lexislatura, e sería xa dabondo incluso para dar por contestada, ante os seus argumentos, a súa demagogia e todas as mentiras que vostede soltou aquí, e para dar por rematada esta interpelación. Pero moi gustosamente lle vou dicir moitas cuestións.

Vostede non coñece o sistema educativo, nin galego nin o español. Pero o que é máis, descoñece a lexislación, incluso porque vostede descoñece que houbo un recurso e que foi desestimado polo Tribunal, precisamente, Administrativo Central dos Recursos Contractuais, onde desbota todos os seus argumentos, un a un. Poderíamos falar do que vostede leva vertido á prensa nestes últimos días. É curioso, un tribunal neste caso, o Tribunal Administrativo Central, di que

o ex ministro de Xustiza non ten razón en ningún dos aspectos que el sinala.

Vostede colleu os argumentos das editoriais galegas e dos editores, pero non se preocupe. Vostede fala de que nós estamos en contra do ensino público. Curiosamente, dos 90 proxectos solicitados, creo que 80 corresponden ao ensino público –máis de 80 das solicitudes–. E vostede di que ademais imos en contra dos editores e do ensino. Pois eu dígo-lle: non estou en contra do ensino público; non estou en contra do ensino concertado, por suposto; e estou a favor das familias, *(Aplausos.)* que é con quen ten que estar este Parlamento. *(Aplausos.)*

A verdade é que me esperaba isto que vostede ía soltar. E a iniciativa que debatemos hoxe –aínda que centrada nos contidos educativos dixitais– volve traer a esta Cámara a súa retahíla para tratar de atacar a este Goberno. Este Goberno só se pode atacar con resultados, e, desde logo, aquí vostede non trouxo ningún resultado, porque non hai ningún resultado que non mellorara en educación, en servizos sociais e en atención con respecto ao Goberno do bipartito, tendo moitísimos máis millóns vostedes.

O que si é certo é que o papel que debe xogar a Administración galega é claro en relación cos libros de texto e cos contidos educativos. Como saben, xa que foi manifestado en reiteradas ocasións nesta Cámara, a Consellería mantén para o vindeiro curso 2014-2015 o seu compromiso de axudar na adquisición de libros de texto a quen máis o necesita, e, ao mesmo tempo, xa deu pasos para introducir a través dun contorno educativo dixital unha oferta de material educativo dixital para cumprir o dobre obxectivo de facilitar ás familias o acceso ás TIC e a unha máis doada renovación do material co que estudan os seus fillos.

Por certo –antes de que se me esqueza–, vostede fala dun punto nodal. Vexo que incluso non le as noticias a nivel nacional. É por proposta do Ministerio, non esperará que nós gastemos en construír un punto nodal para que exista outro punto nodal para a Administración. Probablemente volve-mos ao de sempre, o seu é o despilfarro e as duplicidades; o noso é o traballo en conxunto a prol das familias galegas.

E, unha vez máis, o PSdeG fai control ao Goberno galego unicamente desde a crítica sistemática –neste caso con moi-

tísima demagogia— contra todas e cada unha das medidas que adopta a Consellería, sobre todo se teñen que ver coa aplicación de alternativas ao sistema de préstamo. Así, o voceiro socialista elixiu hoxe sementar dúbidas sobre o proxecto de creación dun contorno educativo virtual e asumiu como propios os argumentos do suposto ataque á competencia defendidos polos editores galegos e editores do Estado español. Os socialistas galegos entenden que se vulneran dereitos de libre competencia e de liberdade de cátedra, pero erran na súa argumentación. O máis triste é que sexa vostede.

Permítanme informarles de que o recurso especial de contratación presentado pola Asociación Nacional de Editores de Libros y Material de Enseñanza (ANELE), foi desestimado polo Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales. Pero, antes de entrar en profundidade nese pronunciamiento, quixera lembrar que non hai falta de transparencia cando mediante acordo do Consello da Xunta, e con publicacións nos boletíns oficiais como no *Diario Oficial de Galicia*, o Goberno galego autoriza a implantación dun programa de educación dixital en Galicia para o período 2014-2017. Tampouco cando polo mesmo procedemento encarga a Antega a creación, mediante licitación, dun entorno virtual de aprendizaxe propio para Galicia; é dicir, a creación dunha plataforma dixital con contidos curriculares que permitan dar cobertura completa a un proxecto específico e que aseguren unha implantación gratuita para as familias nos centros que participan voluntariamente, maioritariamente públicos. Aínda máis, na Comisión 4ª, a Consellería xa explicou en reiteradas ocasións que os pasos que a Administración educativa galega está a dar para crear un contorno educativo virtual procuran atender os mandatos derivados da doutrina e dos profesionais docentes, xa que existe a visión de que a chegada das TIC ás aulas non debe limitarse a promover un cambio tecnolóxico, senón a algo máis importante, un cambio metodolóxico e didáctico. E son, por certo, numerosos os centros que xa empregan precisamente as TIC para levar a cabo ese obxectivo *motu proprio*; na provincia de Lugo ten vostede varios casos.

E temos outro mandato derivado da resolución aprobada no Debate do estado da Autonomía do ano 2013, que literalmente di: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a adoptar as medidas necesarias para a progresiva implantación nos centros educativos da utilización extensa de contidos educativos dixitais, incluídas aquelas tendentes a posibi-

litar a utilización de libros dixitais, de xeito que se afonde na liña de traballo do Proxecto Abalar e permita seguir mantendo a Galicia dentro das comunidades líderes dentro do ámbito da educación en entorno dixital e do necesario cumprimento de un dos parágrafos do artigo 111 bis) da LOMCE, que fala dos contidos educativos virtuais, e establece como responsabilidade das administracións educativas a promoción das TIC como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensinanza e aprendizaxe.

E, por certo, saúdo que neste caso o Grupo do Partido Socialista Galego na súa iniciativa mostre interese por unha disposición adicional da LOMCE. Polo tanto, vexo que incide na necesaria aplicación da LOMCE, neste caso dentro do territorio tamén galego.

Asemade, pídoles que fagan unha oposición neste caso construtiva ao Goberno, xa que a raíz do acontecido coa emenda presentada á Proposición non de lei do Grupo Popular sobre libros de texto —debatida no último Pleno do pasado abril— entendo que desde o PSdG comezan a ser conscientes da necesidade de avanzar nos contidos educativos dixitais.

Neste punto quero insistir en que a Administración educativa non fixa nin elixe os libros de texto a empregar nin no formato impreso nin no dixital. Señorías, deberían de saber que o uso deste material non é obrigatorio e que ademais quen decide se hai libros de texto ou non é cada centro educativo. En concreto, en primaria, cada equipo docente; e, en secundaria, os departamentos.

E no caso do proxecto de contidos dixitais, a Consellería publicou unha resolución pola que se convocou un proceso de incorporación voluntaria a este programa, ao que foron convocados todos os centros sostidos con fondos públicos e que están dotados co experimento Abalar, para que, logo da presentación dun proxecto educativo dixital respaldado polo claustro do centro, puidesen dispoñer desta plataforma e deses contidos distribuídos de xeito gratuito, substituindo así os libros en papel polo texto dixital.

Insisto no carácter voluntario, e quero lembrar que a Consellería recibiu 90 solicitudes, e delas, segundo a resolución provisional, 84 participarán nesta plataforma dixital, a inmensa maioría de centros públicos. A partir do número de peticións

recibidas cómpre indicar que o 11 % dos centros sostidos con fondos públicos que imparten primaria están interesados en participar. Pero, aínda máis, por riba do 30 % dos centros públicos Abalar de Primaria terán contidos dixitais.

Como xa temos manifestado nesta Cámara, esta iniciativa nace das reflexións dun proxecto piloto de educación dixital dunha decena de centros que xa leva dous cursos funcionando. Ademais doutros proxectos que xurdiron motu proprio como o CEIP As Mercedes, en Lugo. Ademais, responsables de Antega e da Consellería mantiveron reunións con representantes do sector editorial a nivel nacional, en concreto tamén ANELE, e, por suposto, coa Asociación Galega de Editores. Dado que ANELE está a xestionar mediante adjudicación unha plataforma noutra comunidade autónoma, explicóuselles a grandes trazos a intención da Consellería de implantar un modelo de educación dixital, sen entrar, por suposto, en detalles que puideran considerarse información privilexiada para os efectos de limitar a concorrencia no proceso de licitación pública.

Quixera lembrar que o servizo licitado por Antega consiste nun sistema de xestión do coñecemento que supón a construción dunha plataforma informática na que se crea un entorno virtual de aprendizaxe que, primeiro, permite o acceso a través de navegadores protexidos xeralmente por contrasinal e que utilizan os servizos web. Segundo, dispón dun interface gratuito e intuitivo. Terceiro, presenta módulos para a xestión de materiais dixitais, xestión de actividade, seguimento de estudantes e avaliación da aprendizaxe, e así sucesivamente.

Ademais este entorno virtual –rematando xa, como lle dicía previamente– estará, por suposto, acorde co punto neutro que está a elaborar o Ministerio, co cal así evitamos malgastar cartos aquí, pois esa ferramenta xa a imos ter por parte do Ministerio central. Iso creo que aquí se chama eficiencia, e iso aquí chámase mirar polos intereses, por suposto, dos centros educativos e das familias.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Caamaño.

O señor CAAMAÑO DOMÍNGUEZ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, acabamos todos de comprobar que sabe ler, progresa nese punto adecuadamente. (*Aplausos.*) O que é mágoa é que non progresa adecuadamente en comprensión lectora. Non se pode chegar a este Parlamento e intentar facernos crer que o Tribunal Administrativo Central é un tribunal de xustiza. É un órgano da Administración, un órgano de administración do Partido Popular. (*Murmurios.*) Por suposto que é a que está a gobernar e non pasa nada. Cando está gobernando outro partido é un órgano administrativo dun goberno, (*Murmurios.*) iso é o Tribunal Administrativo Central. Polo tanto, non pretenda dicirnos que algo foi resolto polos tribunais de xustiza, órganos independentes integrantes do poder xudicial. Menos ler e máis comprensión lectora, primeira cuestión.

Segunda. Só lle faltou dicir que con Zapatero se perdera o Mundial de fútbol. ¡Vaia por Deus, quedaron sen copa! (*Murmurios.*)

Pero vaíamos ao certo e importante. Aquí, cando vostede fala de familias, fala dalgunhas familias. Dunhas familias que teñen determinados recursos económicos, que viven en determinada contorna social e que ademais teñen determinadas crenzas relixiosas –tamén a poder ser–. Esas son as familias ás que vostedes subvencionan, mesmo para que discriminen por razón de sexo os nosos fillos no sistema de ensino público. Esas son as súas familias. Quizá tamén poida haber outro tipo de familias, pero vounas deixar en Italia para manter certa distancia no meu discurso. Polo tanto, ¿que é o que lles ten que dicir ás outras familias que non son esas, e que son a gran maioría das familias deste país? Familias que non teñen internet no seu centro de estudo e vostede promételles libros gratuítos para o ano que vén. Familias que non saben para o próximo curso cales van ser os contidos curriculares debido ás últimas reformas do Goberno de España en materia educativa. E vostede xa os está licitando. Aínda non sabemos cales son os contidos, pero a Xunta de Galicia xa os ten contratados e fai unha licitación. Iso é o que lles ten que explicar, se aínda non saben cales van ser os contidos curriculares, ¿como vostedes os contratan?

Seguinte pregunta ben interesante que todos nos podemos facer. Ten que preguntarlles e explicarlles ás familias de Galicia que non son das que vostede fala, que son a gran

maioría dos pais e nais deste país, como é posible que teñan goteiras nas aulas, que teñan instalacións absolutamente inadecuadas, e veña o conselleiro dicirlles que dentro de non se sabe canto tempo –pouquiño a pouco, porque ten un grupo experimental aquí, e nun centro outra cousa experimental– van vostedes non ter que pagar os libros de ensino. Imos conseguir o mesmo, sete anos despois, que xa tiñan co Goberno bipartito. Iso é o que lles ten que explicar a todas estas familias.

E, mentres tanto, failles pagar o comedor, failles pagar unha mala e baixa calidade do transporte escolar –cada día con máis problemas e protestas– e deixa practicamente toda a axuda ao ensino e aos pais en Galicia afastada de practicamente calquera posible recurso. E fronte a iso, ¿que nos fai vostede? Xa non falo de propaganda institucional, ¡polo menos facela ben! Fai unha licitación que polo menos recoñeza que todas as empresas editoras consideran que vai en contra –¡menos mal!– da regra da competencia. Pero a min non é que me preocupe polo problema do mercado, preocúpame porque iso detrás o que agocha é intentar acabar coa edición do libro de texto en galego e porque vostede sabe que iso é o que está a perseguir. Vostede sabe que nese mercado de competencia as editoras españolas que hoxe fan publicacións para o ensino en Galicia, cando queden excluídas desa plataforma que vostede pretende facer, tamén deixarán de publicar en galego. E a competencia de libros, e a calidade dos textos, e a liberdade para facelos en Galicia, e na defensa da lingua oficial desta comunidade autónoma, quedará minguada. E a vostede tanto lle ten, sinxelamente non lle preocupa, é unha cuestión económica que vai ao Tribunal Económico Administrativo. Pois, non, señor conselleiro, é unha cuestión de respecto e de dignidade dun país e das familias que viven nel.

¡E despois dinos que é todo transparente! Pero, se un colle a orde de licitación, pode ver que serán paquetes pechados de contidos. ¿Como é posible que se liciten contidos a unha empresa para que estes sexan asumidos pola Administración autonómica, contidos curriculares educativos? ¿Que pasa coa liberdade de ensino? Non lles gustaba a Educación para a cidadanía e os nosos fillos van ter –como dicía antes– Educación Feijóo 1, 2, 3 por paquetes, porque só eses van ser gratuítos. E se o centro quere outros e os mestres elixen outros, entón os seus pais terán que ir ás plataformas dixitais doutras editoras e pagalos. Esa é a sociedade estamental da

que falei, e ese non é un problema de demagogia, desgraciadamente neste país é un problema de realidade. ¿Ou cre que ter un 30 % de persoas que non chegan a fin de mes...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor CAAMAÑO DOMÍNGUEZ: ...e de nenos que non teñen nin para comer é un problema de demagogia? É un problema da sociedade que vostedes están a configurar neste país. E é unha sociedade –que non lle esqueza– fronte á cal os socialistas, non por demagogia ocasional, senón por conviccións ideolóxicas profundas, imos sempre reaccionar.

Nós cremos nunha sociedade de iguais e cremos nun goberno que nos defenda a todos por igual, aos que viven no rural e aos que viven nas áreas urbanas; aos que pensan dun xeito e aos que pensan doutro.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor CAAMAÑO DOMÍNGUEZ: Polo tanto, deixe de facer esta política de silencios, porque ao final as sociedades estamentais acaban sendo sociedades de favores, e sempre se sabe quen fai o favor e quen o recibe.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Caamaño.

Turno de peche, señor conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Bos días novamente.

Señor Caamaño, a vostede, que tanta comprensión lectora ten, recomendaríalle que lera entón o dito por ese tribunal que vostede acusa de sectario. Pero, reitero, vostede obtería un bo resultado seguramente deste Informe Pisa, vostedes si; pero mentres vostedes gobernan, o resto da sociedade non. E ese é o problema.

Vostede fala de comedores. Permítame unha cuestión: 11.000 prazas creadas en cinco anos, de 14 millóns a 30

millóns pasamos en época de crise. *(Aplausos.)* O 80 %, gra-tuítos; e engádalle un 5 % máis que pagan un só euro.

Respecto das protestas de transporte, haberá moitas protes-tas de transporte. Pense na época do bipartito cantas folgas tiveron vostedes e como estaba toda a situación. ¡É increíble!

E fala do Partido Socialista. Probablemente vostede non estea no Partido Socialista do que está vostede falando. Por-que o Partido Socialista que gobernou aquí en coalición co Bloque Nacionalista Galego pechaba cinco veces máis, qui-zais, unitarias no rural, pechou todo o rural, pechando inclu-so unitarias con máis de dez alumnos. Por tanto, non sei se vostede o que está a crear é un novo Partido Socialista de Galicia que difire de todo o que é o Partido Socialista que leva as iniciais de “obreiro español”. *(Aplausos.)* Iso é o que me gustaría que explicara. *(Aplausos.)*

E centrándonos na cuestión, atacan todo sistemáticamente. Atacan as axudas á gratuidade solidaria, atacaron o Proxec-to Abalar, despois din que non, e agora atacan os contidos dixitais e tamén atacan os bancos de libros de texto, xa comezan a facelo. Por certo, o Consello Escolar analizou onte dúas protestas nas que se instaba a Consellería a recu-perar o sistema de préstamo de libros de texto. E, sometidas a votación, foron rexeitadas. Supoño que respectarán neste caso tamén o resultado do Consello Escolar.

Os socialistas –e neste caso os seus socios no bipartito– fan constante bandeira do modelo de préstamo, e esquecen que as cousas non son tan claras como o queren facer ver agora. Pero recórdolles que vaian vostedes á hemeroteca e lembren o que dicían. Incluso lembren o que dicía a ex conselleira de Edu-cación, que falaba xa de que había que pensar noutro sistema de pagos moito máis alá do copago que estableceu ela mesma.

Pero proveito para lembrar nesta Cámara –e saír á hemero-teca–: “*Touriño estudiará alternativas al modelo de présta-mo de libros de texto*”. Esa é a súa mensaxe, din aquí unha cousa e aí fan outra. E cando chegan aquí arriba e ao poder, á bancada azul, gobernan unicamente só para vostedes, só para vostedes. E a cidadanía non lles importa nada. *(Aplau-sos.)* Ese é o seu modelo. *(Aplausos.)*

Pero está claro, vostedes, que tanto defendían e dicían nese caso, en base a un informe elaborado, que co sistema de prés-

tamo se poñía, dende logo, en alarma o sistema editorial gale-go... O bipartito ía estudar alternativas a ese modelo de libros de préstamo –por certo, posto polo Goberno do Partido Popu-lar–. Neste caso a oposición só fai ataques. Sería bo coñecer se os socialistas tamén defenden os grupos editoriais ou as familias galegas. Sei que lles molesta que lles preguntemos aquí porque din que os interpelados somos nós, pero lanzo esa pregunta. E gustaríame dicir se o señor Caamaño neste caso está coas editoriais ou coas familias galegas que ano tras ano están tendo dificultades, derivado dunha herdanza –sí, señor– do señor Rodríguez Zapatero, porque non hai outro culpable do que é a gran crise neste país *(Murmurios.)* e dos tres millóns de desempregados que deixou. *(Aplausos.)* Iso está ben que, por certo, se vaia vendo. *(Aplausos.)*

Dende logo, a actual consellería está a afrontar a situación, primeiro, pensando nas familias, e, despois, por suposto..., *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): ¡Silencio!

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDE-NACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): ...tratando de abrir... *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): ¡Silencio, por favor!

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDE-NACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): ...as portas para ase-gurar un futuro ao sector editorial... *(A señora Acuña do Campo pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): ¡Señora Acuña, silencio!

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDE-NACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): ... e aos libeiros. *(A señora Acuña do Campo pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): ¡Señora Acuña, silencio! *(A señora Acuña do Campo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Silencio, por favor. *(A señora Acuña do Campo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Silencio, por favor, señora Acuña.

(A señora ACUÑA DO CAMPO: ¡É intolerable!)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Intolerable é o que está facendo vostede, non deixar falar a quen está no uso da palabra. Polo tanto, se non quere que a chame á orde, pré-golle que garde silencio. *(A señora Acuña do Campo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Prosiga.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Si, perfecto. Dillo a súa propia compañeira, non llo dixen eu: un pouco de calma. *(Risos.) (Aplausos.)* Quero dicir que hai que visualizar, desde logo, o esforzo que se está a realizar.

E neste traballo, a Administración galega precisa da colaboración das familias, que teñen aberto novas vías, como a iniciativa dos bancos de libros das ANPA e tamén dos centros educativos que están a participar de xeito voluntario en proxectos onde as TIC xogan un papel importante, como Abalar e a plataforma de contidos dixitais. E, por certo, hai centros, como o IES Daviña Rei, de Monforte, que vostedes coñecerán moi ben, que foi un dos primeiros en participar no proxecto piloto de contidos dixitais. E a súa experiencia está a servir para facer, desde logo, mellor as cousas. Parece ser que agora iso xa non interesa, ou ao mellor é que en Daviña Rei son todos clases altas, ás que se quería referir o ministro, e é zona urbana.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Probablemente descoñeza a xeografía galega neste caso.

Desde o respecto aos procedementos de licitación pódolle asegurar que a Consellería tiña a esperanza e o desexo de que o sector editorial galego tamén concorrese e que o puidese facer unido por ofrecer á sociedade contidos dixitais. E non se pode, por suposto, obrigar a ninguén. Hai que abandonar a dobre linguaxe e pensar que as cousas teñen que evolucionar, porque os tempos cambian. Este Parlamento someteu a debate e aprobou a finais de abril as liñas que se

entende que deben de marcar o camiño a seguir neste sentido. Como é afrontar o acceso aos libros de texto desde a perspectiva de axudar máis a quen máis o necesita, tal e como se vén facendo a través do Programa de axudas e de gratuidade solidaria, en función das rendas das familias. Pero tamén admitindo que hai outras experiencias...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate. Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): ...—un segundiño; grazas, señor presidente—, experiencias que poden ser útiles, adoptaremos, desde logo, medidas en torno á vixencia dos libros de texto para posibilitar a súa reutilización, para a incorporación tamén de contidos dixitais e tamén posibilitando que os bancos de libros se poidan tomar en conta, como unha clara oferta, ante o dito pola propia Defensora del Pueblo e a normativa.

A Consellería —reitero— traballará por un ensino de excelencia, dende logo, onde as familias que máis o necesitan dispoñan de todos os recursos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, conselleiro.

Pasamos ao punto sétimo da orde do día, que se corresponde co de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a María Tereixa Paz Franco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para acadar o indulto e evitar o ingreso en prisión das persoas condenadas pola súa participación en conflitos laborais

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Dona Tereixa Paz Franco, cando queira.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

No día de onte este Parlamento aprobou unha declaración institucional solicitando do Consello de Ministros a aproba-

ción da concesión da medida de graza a dúas traballadoras galegas, dúas traballadoras que foron condenadas a tres anos de prisión polo simple feito de participar nunhas mobilizacións para demandar un convenio colectivo para o seu sector laboral na provincia de Pontevedra. Estas dúas traballadoras, Ana Outerelo e Tamara Vidal, se non conseguen que se aprobe canto antes ese indulto por parte do Consello de Ministros, terán que entrar en prisión para cumprir eses tres anos de pena.

Tamén este mesmo Pleno do Parlamento, o pasado día 26 de febreiro, aprobou a mesma iniciativa por unanimidade de todos os grupos parlamentarios, e por iniciativa deste grupo, unha solicitude de indulto parcial para outros dous traballadores, tamén condenados a tres anos de prisión por participar nas mobilizacións en demanda dun convenio colectivo do sector do transporte da provincia de Pontevedra, Serafín Rodríguez e Carlos Rivas.

O motivo desta pregunta, señor conselleiro da Presidencia, é saber que ten feito o Goberno da Xunta de Galiza para lograr no primeiro caso –que xa hai máis de catro meses que se aprobou esa iniciativa sen que se teña producido ningún avance– e no caso que aprobamos onte, qué ten pensado facer, para que se efectivice esa solicitude ante o Ministerio de Xustiza e ante o Goberno do Estado de que se conceda dunha vez o indulto a estas persoas, a estes catro traballadores e traballadoras que, se non obteñen o indulto canto antes, van entrar en prisión.

Quixeramos saber tamén, señor vicepresidente, se ten vostede pensado dirixirse ao señor Gallardón para dicirlle que non é xusto que a mesma Fiscalía que antes de ler o auto que imputa a irmá do Rei xa di que o vai recorrer ante a Audiencia Provincial, esa mesma Fiscalía, tamén recorre o auto polo que a xuíza do penal suspende temporalmente a entrada en prisión destes traballadores e traballadoras. Porque non podemos olvidar, señor vicepresidente –vostede sábeo mellor ca ninguén– que na Fiscalía si que hai mando único, non na loita contra incendios forestais, e que o mando está en Madrid, que o ten o señor Torres Dulce e que tamén o ten o señor Ruíz Gallardón. E, polo tanto, está na man do Goberno do Estado que estas dúas traballadoras e estes dous traballadores vexan arruinada ou non a súa vida tendo que entrar en prisión para cumprir unha condena inxusta.

E vostede ten que dicirnos aquí qué fixo e que vai facer para convencer... *(A señora Paz Franco pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Paz.

(A señora Paz Franco pronuncia palabras que non se perciben.)

Moitas grazas.

(Aplausos.)

Ten a palabra o vicepresidente, conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, don Alfonso Rueda.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas.

Señora Paz, estamos falando un asunto moi sensible que afecta á liberdade de catro persoas, dúas hai uns meses coa declaración deste Parlamento, e outras dúas coa mesma declaración no día de onte. E, bueno, poderían estar a punto de perder a súa liberdade; polo tanto, creo que neste asunto hai que ser moi claro, moi obxectivo. E, dende logo, non facer eu nin, se me permite, vou deixar que faga vostede ningún tipo nin de acusación política, nin, por suposto, dicir a barbaridade que vostede acaba de dicir: que a Fiscalía non é independente e que, polo tanto, se lle dan ordes, as acata sen ningún problema. Eu non vou caer nesa barbaridade, vostede non debería de caer tampouco. E, xa lle digo, non vou caer en réditos nin en intentar facer política con este asunto, e creo que ninguén a debería de facer.

Son de Pontevedra –falando do último caso– e coñezo perfectamente o que pensa a maioría da cidadanía sobre o asunto destas dúas mulleres, de Tamara e de Ana. E, polo tanto, creo que cando non se fixo ningún exercicio ideolóxico, nin de cores políticas nin de distincións sociais, e todo un pobo, ou a inmensa maioría –falando do caso de Pontevedra e do acordo que tomamos onte–, está de acordo cunha medida, creo que o que temos que facer é intentar apoiála, facer o que fixo onte o Parlamento de Galicia como máximo representante e máxima expresión da soberanía de todo o pobo, e tomar este acordo que tomamos por unanimidade.

Creo que facer todo o demais, intentar facer comparacións, intentar suplantar os xulgadores, os que teñen que opinar neste asunto exercendo as súas funcións e as súas obrigas, insisto, sería equivocarse. Nun asunto tan sensible, nun asunto tan claro e que afecta a dereitos tan fundamentais, creo que debemos de ser especialmente selectivos, especialmente obxectivos. E, cando cremos que é xusto o que se está pedindo, apoialo. Nós cumpriremos a nosa obrigación, trasladaremos como Goberno da Xunta de Galicia o acordo do Parlamento ao Goberno do Estado, competente ao final para tomar a decisión. Por suposto, faremos este traslado e manifestaremos o noso apoio. E se se nos pide expresamente que tamén nos pronunciemos como Goberno, farémolo, sen ningunha dúbida.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica da señora Paz Franco.

A señora PAZ FRACO: Grazas, señora presidenta.

Eu, desde logo, se tivera que traducir a unha linguaxe que entenda toda a cidadanía qué é o que ten pensado facer a Xunta de Galiza para lograr o indulto para estas catro persoas, sería absolutamente nada. E, polo tanto, a conclusión, señor vicepresidente, é que os acordos que vota aquí favorablemente o Partido Popular, cando se trata de asuntos socialmente moi sensibles, non valen para nada máis que para intentar lavar a propia cara do Partido Popular, e, singularmente, a cara do Goberno do Estado. Igual que acabamos de ver en relación coa iniciativa dos partidos xudiciais.

Mire, nós non estamos intentando facer política partidista con este asunto. Pero, evidentemente, é unha decisión política do Consello de Ministros decidir se se dan indultos a sindicalistas, a traballadores, que o único que fan é defender os seus dereitos laborais ante unha xustiza insensible que está utilizando todo o Código penal coa máis extrema das súas durezas contra os traballadores, ou se segue indultando a banqueiros e a membros do Partido Popular imputados por meter a man na caixa. *(Aplausos.)* Esa si que é unha escolla política, señor vicepresidente.

E tamén é unha escolla política que a Fiscalía actúe para defender os intereses da sociedade, os intereses dos traballa-

dores, os intereses da cidadanía, ou para defender o status quo das oligarquías, como estamos vendo nos últimos días. E non con isto estou facendo ningún cuestionamento da Fiscalía que non faga o común da cidadanía. Porque todas e todos os cidadáns vemos como esa mesma Fiscalía, que está disposta a deixarse cortar as mans pola infanta, está disposta a cortarlles as mans e o que faga falta aos traballadores e ás traballadoras, como Ana, Tamara, Carlos e Serafín, que o único que fixeron foi intentar... *(A señora Paz Franco pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Paz.

Moitas grazas.

Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, don Alfonso Rueda.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):

Señora Paz, calquera que a escoite, simplemente cun reloxo na man verá que vostede dedica máis tempo a atacar a Fiscalía e a atacar os xuíces que a falar do que verdadeiramente importa, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* que é que estas mulleres e estes homes non entren no cárcere, que para iso se pide o indulto e é o que impos apoiar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non lle vou tolerar que faga política, non debería vostede xulgar os xulgadores, *(Murmurios.)* hai que crer na separación de poderes. E cando cremos que é xusto –e nós cremos– apoiamos o indulto para non entrar en prisión.

Vostedes, aproveitando que piden o indulto, van ao que realmente lles importa, que parece ser que non é iso. A nós non, e non debería de importarlles a vostedes tampouco.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Pregunta de D^a Rosa Oubiña Solla e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre o modelo de atención que vai desenvolver o Centro de recuperación integral previsto na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a señora Oubiña.

A señora OUBIÑA SOLLA: Grazas, señora presidenta.

Hoxe queremos formular unha cuestión, señor vicepresidente, en relación ao Centro de recuperación integral de mulleres vítimas de violencia, que vostede tivo a ocasión de visitar nesta semana.

É a Lei 11/2007, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, quen establece no título III a organización do sistema de protección e asistencia integral especializada fronte á violencia machista. Cabe destacar, nese sentido, o sistema de protección e asistencia integral especializada con que conta a nosa comunidade autónoma, destacando, polo tanto, a Rede Galega de Acollemento e tamén de información, que conta con cinco casas de acollida, co centro de emerxencias de Vigo, vivendas de seguridade para mulleres vítimas de explotación e trata, e con 80 centros de información á muller, que, en colaboración tanto cos concellos como con outras institucións, prestan atención ás mulleres que sofren malos tratos, así como aos seus fillos e fillas e demais persoas que dependan das mesmas.

Pero é o artigo 49 da dita lei no que se contempla a creación do Centro de recuperación integral para mulleres que sofren violencia de xénero, que, segundo o texto legal, desenvolverá un modelo de atención integral baseado na coordinación tanto dos servizos como dos recursos, atendendo a medidas de carácter social pero tamén de carácter laboral e de carácter económico, e que viría a completar, e tamén a complementar, a Rede Galega de Acollemento, actuando como centro de referencia e coordinador.

Sendo conscientes da importancia de dispoñer de medidas para a loita contra esta lacra, e do esforzo deste Goberno para a súa posta en funcionamento, formulamos a seguinte cuestión: ¿cal vai ser o modelo de integración integral e de coordinación do Centro de recuperación integral das vítimas de violencia?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra don Alfonso Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas, señora presidenta.

Efectivamente, señora Oubiña, o día 2 de xuño, despois de –é certo– un largo periplo, entrou en funcionamento, é certo que ao principio non aberto ao acollemento de mulleres e ás súas familias, que é o seu obxectivo, pero xa empezou, xa comezou nas últimas datas tamén a recibir as primeiras mulleres, entrou –como dicía– en funcionamento o Centro de recuperación integral, que, xunto cun recurso similar –non exactamente o mesmo pero similar– ao que existe en Asturias, son os dous únicos que existen agora mesmo no conxunto do Estado.

¿Cal é a súa finalidade? Bueno, pois xa se falou outras veces aquí neste Parlamento e noutros foros de qué se persegue, e o mesmo nome o di: recuperar de xeito integral aquelas mulleres que sufriron violencia de xénero, e non só elas senón as súas familias, os menores que con elas conviven, que ás veces tamén son os grandes esquecidos respecto das lacras que sofren, igual que as súas nais. Ademais, unha recuperación integral, non só da agresión en si mesma, do seu agresor, senón tamén en todos os aspectos laborais, económicos, sociais...

Ao final, buscamos acadar a autonomía persoal destas mulleres, tamén dos seus fillos, cun eixo transversal. Son moitos profesionais os que traballan –moitos non, pero un equipo multidisciplinar– os que traballan nese centro, cada un coas súas funcións concretas.

¿Que temos que facer? Primeiro, coordinar toda a Rede Galega de Acollemento para as derivacións que vaian a ese centro, e tramitar despois estas derivacións, non só da Rede Galega de Acollemento senón as que nos cheguen doutros lugares do Estado, de mulleres galegas, principalmente. Despois, tamén, impulsar a creación de grupos de autoaxuda, intervención e coñecemento entre mulleres que teñan sufrido violencia de xénero cos seus familiares, é dicir, que non acabe neste tratamento, incluso que poidan recibir neste centro, senón que siga despois. Colaborar con outros organismos que se dedican tamén á loita contra a violencia de xénero. Actuar tamén como centro colaborador do punto de coordinación das ordes de protección de Galicia –esta vai ser unha tarefa importante– e tamén –ao final, creo que o resumo de todo– ser o centro de referencia en Galicia na atención ás mulleres que sofren violencia de xénero e aos menores ao seu cargo.

Xa digo, hai un equipo multidisciplinar, non de moita xente, pero si moi especializado: unha directora, unha psicóloga, terapeuta ocupacional, traballadores sociais e un asesor xurídico. Ademais, o seu funcionamento non vai ter un horario preestablecido, ao final adaptárase –como non podía ser menos– ás necesidades das usuarias e ao seu horario, cando poidan acudir alí. Estamos falando de luns a venres as horas que faga falta, de xeito que xa o feito de ter que estar alí, por ter unhas circunstancias especiais, non supoña, aínda por riba, unha rémora ter que adaptarse ao horario duns traballadores. Será ao contrario, será unha nova filosofía e –xa digo– é un esforzo importante, que é o menos que podía facer a Xunta de Galicia, e agardamos que se consolide e que outras comunidades autónomas tomen exemplo e fagan o mesmo. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Réplica da señora Oubiña Solla.

A señora OUBIÑA SOLLA: Grazas, presidenta.

Quero agradecer ao vicepresidente a súa resposta. E celebremos, como non podía ser doutro xeito, a posta en funcionamento do Centro de recuperación integral por parte deste Goberno, que non teño dúbidas de que lle houbera gustado que entrara en funcionamento moito antes.

Pero para chegar ata aquí non foi sinxelo, tendo que superar un abano de atrancos e dificultades que foron herdadas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Atrancos que empezaron nada máis que en 2007 cando o Bloque Nacionalista Galego, que era o responsable naquel entón das políticas de igualdade do bipartito, se atopa cos impedimentos que naquel entón lle puxo o Partido Socialista do Concello de Santiago. Atrancos que non se puideron solventar ata o cambio de Goberno, pero grazas ao esforzo da Xunta de Galicia en superar as dificultades, hoxe estamos ante unha realidade que, como vostede dixo nun medio de comunicación, sitúa a Galicia na vangarda en relación á loita contra a violencia de xénero, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) cun modelo de atención integral e con profesionais especializados, e que prestará atención especializada...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora OUBIÑA SOLLA: ...e personalizada ás vítimas, tendo en conta tanto as circunstancias persoais como sociais. Pero,

sobre todo, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) o que non debemos esquecer é o importante traballo que se levará a cabo en relación cos menores e cos adolescentes.

Polo tanto, destacar o apoio deste Goberno na posta en marcha de instrumentos necesarios na loita contra a lacra da violencia de xénero, e cremos que coa axuda de todos e todas esta batalla a imos gañar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas, señora presidenta.

Lamento que aqueles aos que lles molestaba moito que o centro non estivera todavía en funcionamento parece que lles molesta todavía máis que o centro estea en funcionamento e que expliquemos o que está facendo. E agardo que nalgún momento teñan interese en visitalo e colaboren, se poden, en que funcione, porque ao final o que estarán é botándolles unha man ás mulleres que alí acoden.

Imos, señora Oubiña, dividir o traballo –xa se está dividindo, xa se está traballando– en oito áreas de intervención: área de xénero, área terapéutica, área psicoeducativa, área laboral, área de seguridade, área de redes de apoio, a xurídico-social e a materno-filial.

Ao final, xa digo que o mesmo nome do centro o di: trátase de facer unha recuperación integral. Polo tanto, ese equipo multidisciplinar terá que actuar dun xeito moi coordinado, non só entre eles, que iso por suposto, senón tamén –como dicía– coa Rede de Acollemento de Galicia, co resto dos recursos que hai en Galicia, intentando facilitarlles o máximo, ás mulleres que alí teñen que acudir, ese desprazamento, que non se teñan que desprazar pero si que estean en contacto cos profesionais do centro cando sexa necesario, e ao final conseguir ese obxectivo.

Xa empezaron –xa digo, durante o mes de xuño– a acudir alí todas e todos os profesionais que actúan en materia de vio-

lencia de xénero en toda Galicia, na rede dos CIM e no resto dos recursos, para coñecer o centro, para coñecer as súas posibilidades, para coñecer os protocolos de derivación que se seguirán, para colaborar, ademais, na elaboración dos formularios, para que toda a información que se recolla respecto das mulleres usuarias sexa o máis completa posible, e ao final, sendo un centro cunha capacidade de atención limitada –xa nos gustaría que tivera máis– que se atendan os casos máis necesarios, máis urxentes, e onde a axuda que lles poida prestar ese centro sexa o máis eficaz posible.

Xa digo, acaba de comezar a súa traxectoria, a súa andaina, agardamos que de verdade cumpra a súa finalidade, é unha aposta importante e gustaríanos ter a colaboración de todo o mundo. Xa veremos se é posible.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pregunta do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, para evitar os efectos que está a ter no desenvolvemento das festas tradicionais

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o señor Sánchez Bugallo para formular a pregunta.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bos días, señorías.

Vexo que non está o conselleiro de Economía, entendo que vai contestar o vicepresidente da Xunta e conselleiro da Presidencia, o cal nos pon na evidencia xa da natureza deste problema.

O *Diario Oficial de Galicia* do 27 de decembro de 2013 publicaba o texto da Lei de emprendemento e da competitividade económica de Galicia, e motivaba xustamente ese título e o seu contido na necesidade de que as administracións públicas traballaran para fomentar o emprendemento e o apoio aos emprendedores.

Sorprendentemente, no artigo 41 desta lei establécese un apartado C que, en esencia, di que será precisa a obtención de licenza para a celebración de espectáculos e actividades extraordinarias, e en todo caso os que requiriran a instalación de escenarios e estruturas móbiles. En resumo, señorías, isto significa que todas as actuacións –as festas de San Ramón, as festas de calquera parroquia de Galicia– requiren licenza municipal a partir da saída desta lei. Anteriormente, a maior parte de todas estas actividades celebrábanse mediante unha simple autorización, que verificaba o cumprimento da normativa de seguridade.

O certo é que se montou tal lío en toda Galicia con este tema que houbo de saír o director xeral de Emerxencias, no mes de maio, cunha circular interpretativa que supón na práctica unha modificación en toda regra do contido do artigo 41.C, e tamén do artigo 42, da Lei de emprendemento. No artigo 42, no seu apartado 2, explícanse polo miúdo os requisitos que deben cumprir para obter esta licenza. Fálase de proxecto técnico, entendido como un conxunto de documentos, etc., fálase de plan de emerxencia, plan de autoprotección, memoria de mobilidade, estudo de impacto acústico e dispositivo de asistencia sanitaria, declaración da persoa titular, documentación requirida sobre rúidos, calentamento e contaminación acústica, residuos e vibracións, etc., etc.. É dicir, que se explica polo miúdo toda a documentación que se debe esixir e o procedemento que se debe seguir.

Señorías, señor conselleiro, nós temos no noso grupo serias dúbidas de que unha circular do director xeral de Emerxencias sexa suficiente como para modificar unha lei. Polo tanto, a pregunta que nós formulamos é: ¿canto tempo se vai deixar pasar antes de tramitar unha modificación, aínda que sexa puntual, do artigo 41.C, ou do artigo 42, da Lei de emprendemento para dar cobertura legal a... (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Bugallo, moitas grazas.

Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administración Pública e Xustiza, don Alfonso Rueda.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Señor Bugallo, vostede o outro día, nunha comisión parla-

mentaria na que estaba o director xeral de Emerxencias e Interior, dixo –e cito textualmente, creo, se non vostede me corruxirá– que en doce anos de alcalde non tivo que dar nin unha soa licenza para a celebración de festexos.

Mire, vostede foi alcalde, creo que cando era alcalde xa estaba en vigor o Regulamento de policía e espectáculos públicos e actividades recreativas do ano 1982, e o Decreto 292/2004, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas.

¿Sabe vostede o que din? ¿Sabe vostede que din que hai que dar esa licenza e esas autorizacións? ¿Sabe vostede cal é a razón para dalas? Garantir a seguridade, garantir que se cumpran as condicións mínimas e garantir, na medida do posible, que non vai acontecer ningún acontecemento indeseable, nin que despois houbera que lamentar, polo menos previr. Esas son as razóns, esa é a obrigaón e iso é o que había que cumprir. E resulta que di vostede que en doce anos de alcalde nunca deu unha soa licenza, di vostede directamente que isto o incumpriu porque xogou un pouco ao chou e probablemente non ía pasar absolutamente nada, ¿iso é o que está dicindo?

¿Sabe vostede que esta Lei de emprendemento, o famoso activo 41, o único que fai é incorporar exactamente estas cousas que xa estaban en vigor? ¿Sabe vostede –e por iso estou eu aquí, efectivamente, é algo que está atinxindo aos concellos, por iso veño eu a respostalo–, sabe vostede que na Lei de emprendemento que aprobou este Parlamento, na fase de emendas, a ese famoso artigo 41 que vostedes agora discuten e lle fan unha emenda á totalidade, non lle fixeron unha soa corrección? ¿Valíalles perfectamente naquel momento? Supoño que era porque vían que o único que estábamos facendo era incorporar as normas que xa estaban en vigor, poñelas sobre o papel e explicitalas. Porque a xente o que nos pedía era claridade, e por suposto claridade imos dar: se hai algunha dificultade na interpretación para iso se sacan as circulares interpretativas.

Esa é a única razón, señor Bugallo. De verdade que me diga que vostede que pensou que non tiña por que cumprir as leis porque total estas cousas... Supoño que era o que pensaba, porque non vai dicir nin por descoñecemento da lei –creo que iso non sería unha escusa– nin porque cre que esa lei a vostede como alcalde, e ao seu concello, non lle afecta-

ba. Normas que están para garantir a seguridade da xente que acode a un espectáculo; normas que están para intentar, na medida do posible, evitar que non pase nada. Que vostede diga que non hai por que cumprilas, que agora as poñemos simplemente para molestar, e que o que estamos facendo é liar o conto, é non entender absolutamente nada. E, se aínda así o pensa, dixérano durante a fase de emendas, que alí non dixeron absolutamente nada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica do señor Sánchez Bugallo.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro, que mágoa que non o levaran a vostede a Brasil para despexar balóns. Seguro que ese 5-1 sería ao revés; polo menos non entrarían 5 na nosa portería.

Pero mire, señor conselleiro, eu digo o que digo e non o que vostede pretende atribuírme. Eu estou falando das festas populares de barrios e parroquias e estou falando da normativa de aplicación, o artigo 40, apartado 2, do Real decreto, que era o que era de aplicación, que di: *Que habrán de ser reconocidos previamente por facultativo idóneo que emitirá el oportuno informe sobre las condiciones de seguridad que los mismos reúnan para el público, especialmente en el supuesto de que en ellos se expongan animales feroces o se utilicen armas.*

Isto era o que dicía o artigo 48, apartado 2, do Regulamento que era de aplicación. E hai unha diferenza entre licenza formalmente regrada, co contido que vostedes incorporan no artigo 42 da nova lei, e os requirimentos que había con anterioridade, que, efectivamente, instaban a verificar as condicións da seguridade.

E a proba de que é así vostedes a trapallada que fan modificando a lei cun decreto... ¡Que decreto, cunha circular! Mire, onde aquí din proxecto técnico, entendido como conxunto de documentos, vostedes din: “Respecto da documentación mencionada, cómpre ter en conta que só deberá achegarse cando resulte exixible.”

Onde aquí din que debe presentar un plan de seguridade, un plan de emerxencias, din vostedes que sería suficiente cunha memoria da actividade. E que o plan de autoprotección só sería exixible en edificios pechados, con capacidade superior a 2.000 persoas, e de máis de 28 metros de altura, e en instalacións pechadas de 2.500 ou ao aire libre con 20.000.

Isto non o di a lei, vostedes...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Bugallo. Moitas grazas. *(O señor Sánchez Bugallo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Moitas grazas, señor Bugallo, rematou o seu tempo. *(Aplausos.)*

Señor vicepresidente... Ten a palabra don Alfonso Rueda.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):

Señor Bugallo, desde logo non creo que os partidos se gañen despexando balóns, ¡ao contrario! Se vostede cre que se gañan así, ao mellor por iso me fai agora esta réplica. *(Murmurios.)*

Mire, vólvolle dicir que se o que pretende é que nós renunciemos a controis de seguridade para intentar –xa sei que é imposible eliminalos completamente– minimizar os riscos que poida haber neste tipo de celebracións, non o imos facer, síntoo moito, é moito mellor previr que lamentar. E creo que temos exemplos dabondo para ter aprendida a lección. Se vostede non a aprendeu e durante 12 anos xogou ao chou, pensando que non había por que facer as cousas, alégrome polo ben de todos de que tivera tanta sorte, pero as cousas non son así.

Mire, unha circular interpretativa o único que fai –cando é necesario, por suposto– é acoutar –se hai algún suposto que non se entendera ben ou que se estea malinterpretando– exactamente cal é a aplicación da lei.

Se falamos de proxecto entendido como un conxunto de documentos, teremos que aclarar cal é o conxunto de documentos necesario en cada caso. Iso é o que fai a circular, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e supoño que é o que nos pedían. E agora, nesta rolda de consultas que se fixo polas

catro provincias con técnicos e con responsables políticos dos concellos que pediron unha aclaración –e, por suposto, nós estamos para darlla– foi o que se fixo. E moitos dos empresarios que tamén dicían que tiñan –e non hai ningún problema por recoñecer que as cousas hai que aclaralas– dúbidas e querían que lles aclarasen, agora saen dicindo que, efectivamente, as cousas están claras e que a Xunta de Galicia nesa lei non está pedindo nada que calquera profesional preparado para facer ese tipo de eventos poida aportar sen ningún problema. Iso é o que están dicindo, e esa é a realidade. Todo o demais é pedirmos que arisquemos, que non pensemos na seguridade da xente e que pensemos que estas cousas nunca pasan.

Mire, non lle vou dar exemplos. Por exemplo, en Cataluña a normativa que hai podo dicir que é moito máis estrita –na miña opinión demasiado– para facer este tipo de espectáculos, pero estase aplicando. ¿Que habería que dicir? ¡Oia!, se a propia Fegamp firmou a circular aclaratoria destinada aos concellos dicindo que as cousas quedaban claras –insisto, por iso estou agora aquí–, que as cousas quedaban meridianaamente claras, que xa se sabía o que había que aplicar, e que de todos os xeitos, se facía falta –por iso fixemos esa rolda para ir explicalo en persoa–, iríase por todas as provincias, como así fomos e como así iremos as veces que faga falta.

Vostedes, xa digo, non fixeron ningunha emenda, pero despois dicían no debate e votación do ditame desta lei que o que se está facilitando é a auténtica volta á selva –vostede que falaba de animais salvaxes–, facer desaparecer ou minugar o máis posible todo o que sexan mecanismos de control por parte da Administración. Pero ¿en que quedamos? ¿Poñemos demasiados controis que non son necesarios, ou resulta que non poñemos ningún e son todos necesarios? Estamos na selva. ¿Dáse conta vostede, señor Bugallo, como se contradín segundo o que diga a xente, segundo lles vai na feira, segundo lles digan que teñen que dicir unha cousa ou outra? Nós, mire, falamos de seguridade, témolo moi claro, non imos rebaixar niveis de exixencia, pero, por suposto, tampouco lles imos pedir nin aos concellos nin aos empresarios nin ás comisións de festas, que bastante esforzo fan organizándoas e son perfectamente conscientes, máis requisitos dos que sexan necesarios.

Iso é o que imos facer e iso é o que imos seguir facendo. E non xogue respecto dos plans de protección, porque sabe perfectamente o que estaba na lei e o que está na circular...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas. Moitas grazas, conselleiro.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):

...e o que estamos pedindo para concentracións ao aire libre de máis de 2.000 persoas o...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas. Rematou o seu tempo. *(O señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, rematou o seu tempo.

Señor conselleiro, rematou o seu tempo. *(Aplausos.)*

Pregunta de D^a María do Carme Adán Villamarín e D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns do estado de paralización en que se atopa a Plataforma Loxística e Industrial de Salvaterra-As Neves, PLISAN

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidenta.

Bo día, señoras deputadas, señores deputados.

Bo día, señora conselleira. Benvida a esta Cámara.

Tamén quero aproveitar para saudar os veciños e veciñas dos concellos das Neves e Salvaterra que hoxe nos acompañan para falar do que podíamos denominar decorado de filme apocalíptico. Aquí teño, para os deputados e deputadas que non coñezan a zona. Sei que a fotografía non é de alta calidade, outra visión podemos ter aquí.

Catro millóns de metros cadrados de terreo deforestado, despois de 100 millóns de euros invertidos, un cráter xigante agora cheo de auga que se denomina lagoa, por chamalo dalgunha forma, con 20 metros de fondo, e neste que podíamos denominar descampado millonario que iniciou a súa andaina hai 14 anos, que denominamos PLISAN, Plataforma Loxística Salvaterra-As Neves, existiu unha tala masiva de

árbores e neste momento, despois das seguintes afirmacións, temos moitas dúbidas sobre o seu futuro.

O 25 de novembro de 2009 dicía o señor Hernández nun encontro dixital: “Señor conselleiro, ¿para cando a solución aos afectados da PLISAN exactamente? Estamos traballando con outros promotores para acadar a mellor solución para os afectados. Esperamos dispor dunha solución nas vindeiras semanas”.

2011, xaneiro: “A Xunta blindo terreos na PLISAN para que Mitsubishi poida acelerar a súa ubicación. Núñez Feijóo asegurou que, co paso dado onte polo Goberno galego, se solventan as incertidumes xurídicas en torno á PLISAN, co obxectivo de que quede terreo para a instalación nese chan industrial de futuras empresas e poder levar adiante o proxecto, que cualificou de estratéxico para Galiza.” Xaneiro 2011.

Febreiro 2013: “Zona Franca, porto e Xunta urbanizarán o polígono conxuntamente, a medida que se vaia concretando a demanda de chan. Afirmo o señor Hernández que se poderían concretar os traballos de comercialización das parcelas no segundo semestre de 2013, polo que as empresas poderían instalarse, como moi pronto, en 2014”.

Hai escasas semanas, señora conselleira, a directora do Instituto Galego de Vivenda e Solo afirmou nesta Cámara que non hai datas, que non existen datas para a PLISAN; que non sabemos cal vai ser o futuro da PLISAN. Posteriormente, o señor Núñez Feijóo afirmou nos medios de comunicación que van acelerarse todos os trámites e que nalgún momento comezarán a funcionar.

As persoas, as empresas e toda a sociedade galega, que puxo cartos públicos, queren saber tres cousas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Adán. Moitas grazas. *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)*

Moitas grazas, señora Adán. *(Aplausos.)*

Ten a palabra para responder a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, dona Ethel Vázquez.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Vázquez Mourelle): Grazas, señora presidenta.

Señora Adán, debo comezar por expresar que a Xunta de Galicia mantén a súa aposta polo desenvolvemento e a execución da PLISAN e que nunca se abandonou a idea de rematar este proxecto transcendental para o futuro da Área Metropolitana de Vigo, do sur da provincia de Pontevedra e, polo tanto, do conxunto de Galicia.

Non lle caiba dúbida de que seguimos a traballar para facer realidade este proxecto, igual que fixemos co porto seco en Monforte, que este Goberno rematou a finais do mes de febreiro pasado, 13 anos despois do inicio dunhas obras que foron xestionadas por tres gobernos distintos.

Tamén no caso da PLISAN se cumpriron 13 anos desde o inicio da actividade e a xestión tamén de tres gobernos distintos, aínda que neste caso houbo moitos máis contratempos derivados dunha complexa planificación, dunha acusada xudicialización do proxecto, con lexítimas reclamacións de millares de afectados no proceso expropiatorio. En definitiva, dunha serie de vicisitudes xurídico-administrativas que en diferentes épocas, e tamén en diferentes gobernos, impediron cumprir as sucesivas previsións que se foron facendo públicas. Todas estas circunstancias foron dadas a coñecer publicamente en diversas ocasións, e, como vostede comentou, mesmo a semana pasada neste Parlamento.

Para explicar a situación deste longo proceso cabe ter en conta catro momentos clave: maio do 2003, pois a sinatura do convenio entre os tres socios para recibir os bens e dereitos nunha superficie de 4,1 millóns de metros cadrados. O reparto asignado: 45 % Autoridade Portuaria, 45 % Zona Franca e 10 % Xunta de Galicia, e o establecemento da xestión en réxime de condominio.

Segundo momento clave, decembro de 2006. Sinatura dun convenio para resolver o réxime de condominio dos terreos expropiados cun reparto por áreas concretas, no que á Autoridade Portuaria se lle asigna o 60,58 % da superficie edificable, ao consorcio da Zona Franca o 21,12 % e ao IGVS arredor do 12,30 %, que posteriormente cedería en beneficio de Xestur.

Xuño do 2010. Como sabe, por sentenza do Tribunal Supremo anúlase o proxecto sectorial da PLISAN por incluír na súa delimitación terreos clasificados como solo non urbanizable de especial protección forestal, feito que motiva a aprobación polo Consello da Xunta dunha modificación puntual do proxecto sectorial, excluindo aqueles terreos do ámbito de actuación. Precisamente esta superficie excluída equivale a arredor dun millón de metros cadrados e coincide coa área MI, multifuncional industrial, que en gran medida debería ser desenvolvida pola Zona Franca.

E marzo de 2013. A Zona Franca insta a declaración de ineficacia do convenio de decembro de 2006 que disolvía o proindiviso, xa que non era posible o seu cumprimento; e posteriormente o IGVS retoma a participación que en 2008 alleara a Xestur Pontevedra.

Estas son, grosso modo, as principais circunstancias que impediron o normal desenvolvemento e execución das obras a través de máis de 13 anos...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Vázquez Mourelle): ...desde que se iniciaran...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Vázquez Mourelle): ...os primeiros pasos da PLISAN. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Réplica da señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Si.

E marzo de 2010 este Parlamento aprobou a seguinte proposición non de lei por unanimidade, Proposición non de lei presentada polo Bloque Nacionalista Galego, a cal se aproba despois dunha transacción:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que lle dea orde ás empresas concesionarias das obras de urbanización da parte correspondente á Administración autonómica e das obras relacionadas coa dotación de servizos xerais

para toda a PLISAN, co obxecto de recuperar o ritmo adecuado e de poñer á disposición do tecido empresarial solo industrial e loxístico no menor tempo”.

Pasaron xa catro anos, señora conselleira, isto é unha iniciativa de impulso ao Goberno, e vostede agora nos fai un relato-rio –que eu tamén expuxen– dos diferentes problemas que tivo a PLISAN. Pero a pregunta é de futuro, ¿que vai ocorrer coas indemnizacións despois da nova sentenza do Tribunal Supremo? Segundo, ¿que ocorre coa execución das sentenzas do pago dos dereitos mineiros? E, terceiro, ¿que se vai facer con eses catro millóns de metros cadrados que están deforestados? ¿Que pensan facer vostedes? ¿Algún tipo de alugueiro a estudos televisivos ou cinematográficos para rodar filmes de acción dun futuro apocalíptico? Esa é unha posibilidade.

Segunda. ¿pensan retomar a idea de que sexa unha plataforma loxística? Porque xa a señora Pedrosa anunciou que pensa comprar terreos para facer unha plataforma loxística en Mos ou O Porriño, e todos e todas coñecemos a xeografía galega e sabemos que está bastante preto da Plataforma Loxística Salvaterra-As Neves. Entón, unha de dúas, ou se compran terreos para unha nova plataforma loxística ou, efectivamente, se leva adiante esta plataforma loxística.

Non me fale do condominio porque levan 16 meses dende que o señor Hernández –nese momento conselleiro– anunciou que empezaban os trámites do condominio. Creo que 16 meses son suficientes. ¿Cal é o futuro da PLISAN? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Adán.

Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Vázquez Mourelle): Señora Adán, tratar de culpar este Goberno en exclusiva do conxunto das circunstancias que motivan a situación actual da PLISAN é unha clara inxustiza e un claro exercicio de manipulación da realidade. A situación actual da Plisan ten moito que ver coa decisión de romper o réxime de condominio e de proindiviso que se tomou en decembro de 2006 por parte dun goberno no que participaba o Bloque Nacionalista Galego (*Murmurios.*) e mesmo que xestionaba a Consellería da que dependía o

IGVS. (*Aplausos.*) Esa decisión de 2006, unida ás consecuencias de xuño de 2010, (*Murmurios.*) que elimina a práctica totalidade da área que debía desenvolver a Zona Franca, fixeron imposible continuar co desenvolvemento dos traballos establecidos. Por iso a Xunta de Galicia está a traballar por recuperar canto antes o réxime de condominio e por retomar unha acción coordinada coa participación das tres entidades, polo que o Goberno galego ten dado mostras inequívocas da súa vontade de levar a cabo esta actuación.

O apoio e a vontade do Goberno galego queda patente no acceso viario case acabado, unicamente pendente duns remates. Por parte da Xunta de Galicia estamos a cumprir co noso compromiso e imos continuar poñendo toda a nosa vontade e todo o noso esforzo para facer realidade esta plataforma, e agardamos que o resto das entidades, e de forma especial Portos do Estado, que ten pendente a emisión do seu informe, axilicen os trámites e procedementos para camiñar de forma unida e con decisión cara a este fin.

Polo tanto, por parte do Goberno galego confiamos en que Portos do Estado emita e remita o seu informe e poidamos volver ao réxime de condominio e retomar o proceso construtivo de forma conxunta e consensuada. Porque o Goberno galego, a pesar de ser o socio minoritario deste proxecto, con pouco máis do 18 % de participación, non está disposto a aceptar ningún contratempo inxustificado por manter o desenvolvemento desta plataforma. E no caso de non contar coa inequívoca participación de todos os axentes implicados, cumprirá coas súas obrigas e tratará de continuar coa maior dilixencia posible no desenvolvemento da parte que lle corresponde na área loxística empresarial que desde un principio lle fora asignada.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pregunta de D^a María Consuelo Martínez García, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a actuación prevista polo Goberno galego en relación coa eventual destrución de emprego en Galicia, o traslado a Portugal ou a merca do material nese país polas empresas do sector da automoción, e, nomeadamente, por PSA Peugeot Citroën

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidenta.

Pois ten moito que ver esta pregunta co que acabamos de falar. Temos chan industrial baleiro mentres as empresas se están marchando para Portugal, animadas polo director do centro de Vigo de PSA Citroën, que no mes de marzo lles dicía ás empresas galegas que aproveitaran o preto que está Portugal –apenas 30 quilómetros– para instalarse neste país. Explicaba o interese desta instalación en Portugal en que o custo da man de obra en Galicia está entre 15 e 22 euros por hora; en Francia ou Alemaña, entre 28 e 35; entre 9 e 11 no este de Europa e Portugal; e a 5 euros en Marrocos e outros países africanos. Así, dicía que os menores custos da industria galega beneficiaran a planta viguesa fronte ao norte de Portugal, pero que se se compara cos países *low cost* saían perdendo. E dicía: “somos los más baratos entre los caros, pero los más caros entre los más baratos”. Polo tanto, animaba as empresas a trasladar as súas infraestruturas a Portugal. E seguindo este exemplo xa están COPO, Vorguarden, Cablerías Auto, Antolín, Gestán, Valver e TRV.

Axesor divulgou aí atrás as notas das listas das empresas que reciben máis subvencións en España. Peugeot Citroën Automóviles España foi no ano 2012 a empresa que recibiu máis axudas públicas no Estado. Citroën recibiu cinco subvencións por un total de 66,7 millóns de euros. Non foron a primeiras e tampouco serán as últimas. En correspondencia, Citroën anima o sector da automoción a destruír emprego en Galicia instalándose en Portugal ou mercando o seu material no país veciño.

Ante esta falta de ética empresarial e de compromiso coa sociedade e cos traballadores galegos, e ante a evidente deslealdade de Citroën e das empresas de automoción cun goberno e cunha sociedade que lle ten outorgado moitísimos privilexios, porque a Citroën non só son as subvencións, a Citroën en Vigo fíxoselle unha circunvalación específica para a propia Citroën, para o seu transporte de vehículos; preparóuselle terreo tanto no porto de Vigo, na zona de Bouzas, como no Porriño para a instalación dos coches que teñen fabricados.

Polo tanto, nós preguntamos: ¿que resposta vai dar o Goberno galego, en representación do pobo, ás empresas de automoción, e nomeadamente a Citroën, en relación coa súa falla de compromiso co tecido industrial galego, cos traballadores

e traballadoras galegas e coa sociedade, que leva anos –décadas– apoiando económica e loxisticamente o sector, e, en concreto, a empresa Citroën Hispania? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Economía e Industria, don Francisco Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): Señora Martínez, a verdade é que é sorprendente a súa pregunta. E ademais de sorprendente, na miña opinión é dobremente errada. En primeiro lugar, porque lle está pedindo explicacións á Xunta de Galicia sobre unhas declaracións dun directivo dunha empresa privada e solicita que se faga algo ante elas. Pero ademais –tamén na miña opinión– esa afirmación que vostede traslada parece que pon en dúbida o compromiso de PSA Citroën con Galicia e incluso tamén o compromiso que a industria de compoñentes pode ter con Galicia.

Dende logo, este tipo de declaracións non son só equivocadas, senón que son verdadeiramente irresponsables, porque parece que o único interese do seu grupo parlamentario é sementar permanentemente dúbidas sobre, neste caso, a maior empresa de Galicia e o principal tractor económico da comarca.

Simplemente por darlle uns datos, estamos a falar en Galicia dun sector da automoción onde están localizadas máis de cen empresas, cunha facturación de 7.800 millóns de euros no ano 2013, que supuxo no ano 2013 un incremento, señora Martínez, do 27,87 % da facturación aquí en Galicia, con 128 millóns de euros investidos –investimento tamén aquí en Galicia– no ano 2013 e máis de 1.000 millóns de euros de inversión nos últimos tres exercicios. Se iso non lle parece un compromiso con Galicia por parte do sector da automoción, pois verdadeiramente permítame que me sorprenda.

Como me sorprende tamén se non quere analizar os datos de emprego, uns datos de emprego que o sector da automoción xera en Galicia, que son 19.000 empregos directos, dos cales son 6.000 por parte de Citroën e dous terzos, 12.000, por parte da industria de compoñentes. E ese emprego, señora Martínez, no ano 2013 incrementouse no 2,7 % en Galicia. Polo tanto, poñer en dúbida ese compromiso de PSA Citro-

ên con Galicia e poñer en dúbida ese compromiso da industria auxiliar con Galicia, verdadeiramente permítame que me sorprenda.

Dende logo, o sector da automoción ten un obxectivo, que é ser competitivo, e a competitividade tanto da planta de Citroën como do sector da industria de compoñentes é o reto que temos en Galicia e é no que estamos a traballar, con investimentos en materia de innovación, con investimentos en materia de I+D+i, e cunha aposta clara e definitiva de PSA Citroën, e sobre todo da industria de compoñentes, por Galicia.

Niso estamos a traballar conxuntamente. Os datos están aí, o compromiso da industria de compoñentes con Galicia está aí, e a partir de aí hai un obxectivo claro –como lle dicía–: que o sector da automoción de Galicia sexa competitivo, e niso estamos a traballar.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica da señora Martínez García.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Por fin, señor conselleiro, contesta á pregunta que sempre se nega a contestar, e é que a Xunta de Galicia non vai facer absolutamente nada ante a deslocalización de empresas galegas ao estranxeiro, a países –como di o director de Citroën– *low cost*.

Mire, temos 27 empresas galegas de automoción no estranxeiro: Hispamoldes en México, Marrocos e Palencia; VR Freiría en México; Denso e IGroup en México; Copo, Zaragoza, Portugal, Brasil, Cuba, Eslovaquia. E Copo, que está nestes países creando emprego, aquí presenta un ERE extintivo de redución da súa plantilla de traballadores. Pero, claro, se temos en conta que Mobelco e Anibal Metal Mecánica Gallega puideron facer a súa deslocalización e marchar a México con axudas do Plan Pymex a construír alí empresas para producir o que non producen aquí e crear o emprego que non crean aquí, iso é a súa internacionalización, para a que utilizan os plans de internacionalización. Para que as empresas que están aquí se vaian a países *low cost* a realizar a súa produción, deixando aquí as oficinas e destruíndo aquí o emprego. Pero tamén están Viza, Izmar, Masan, Transfor-

maciones Superficiales na República Checa e en Marrocos; [...], en Marrocos; Valver, en Marrocos e Colombia; Aluder, en Portugal. Un quinto do emprego do sector da automoción xa está fóra de Galiza. E vostede fálame de competitividade ¿en base a que?, ¿a producir noutros sitios máis barato para que despois veñan aquí dicir o moi ben que van as exportacións? Realmente é unha tomadura de pelo. Creo que é o único Goberno que permite, apoia e subvenciona a deslocalización das empresas do seu país para outros países para que teñan un custo de man de obra máis barato. Iso é para o que están usando as subvencións.

O emprego en Citroën e toda a aposta de Citroën, ¿cantos traballadores perderon o seu posto de traballo en Citroën?

A señora PRESIDENTA: Grazas, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: En canto está... *(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Señora Martínez, rematou o seu tempo.

Ten a palabra o conselleiro de Economía e Industria, don Francisco Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): Señora Martínez, eu trasladeille os datos do sector da automoción en Galicia. Son datos que mostran claramente a competitividade *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* que ten o sector da automoción en Galicia. Mostran claramente como en Galicia se segue xerando emprego no sector da automoción, como se seguen incrementando os datos de facturación. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Señora Martínez, faga o favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): Como se seguen incrementando os datos da exportación.

A señora PRESIDENTA: Perdoe un momento, conselleiro.

Señora Martínez, vostede tivo a súa intervención, faga o favor. *(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Vamos ver, ¿segunda chamada á orde, señora Martínez? É que xa non entendo. *(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Vamos ver, señora Martínez, ¡faga o favor! Que aínda que estea rematando o Pleno pode saír antes de tempo.

Señor conselleiro, continúe, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): Señora Martínez, estáballe recordando os datos concretos do sector da automoción en Galicia. No ano 2013 o número de empregados incrementouse nun 3 % aquí en Galicia, e a día de hoxe supón o 12 % do emprego industrial de Galicia. Eses datos están aí, son claramente obxectivos, igual que os datos de facturación, que o ano pasado se incrementaron un 27 %, e volven ser datos totalmente obxectivos, nestes momentos o 14 % do PIB galego.

E seguimos incrementando o noso peso do sector da automoción. Somos un referente dende o punto de vista de innovación e dende o punto de vista da competitividade da nosa industria da automoción, particularmente da industria de compoñentes. E, dende logo, seguiremos traballando e apoiando o sector da automoción.

Lamentablemente, vexo que non ten un coñecemento polo miúdo do que significa nestes momentos o sector da automoción no mundo, porque PSA Citroën compite na economía global e a industria da automoción tamén en Galicia compite coas diferentes plantas que están instaladas no resto do mundo. E somos capaces, nese contexto tan competitivo, de seguir crescendo en emprego, de seguir crescendo en facturación e de seguir crescendo, polo tanto, no sector da automoción, sendo, como lle dicía, un auténtico referente.

Actualmente Galicia está exportando a 130 países na industria de compoñentes, o que demostra a competitividade do noso sector da automoción e do sector da industria de compoñentes. É unha industria de compoñentes que está apostando permanentemente por Galicia. Trasládolle os datos: nos últimos cinco anos simplemente a industria de compoñentes realizou investimentos aquí en Galicia por máis de 240 millóns de euros, que foron apoiados, efectivamente, con

fondos da Xunta de Galicia, tanto en materia de innovación, un total de 22 millóns de euros de apoio, como en materia –a través do Igape– de liñas de grandes investimentos.

E industria auxiliar como Venterer, como Faurecia, como Gestan, como Tenso, como Aludec, como Snop, como Marsans, todas elas son industrias que investiron en Galicia, que están apostando en Galicia pola súa presenza no sector da automoción. E só hai unha resposta a por que ese fenómeno se está producindo, señora Martínez: competitividade. A nosa industria da automoción é competitiva porque innova e sabe desenvolver produtos diferenciados.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): Esa é a realidade do sector nestes momentos. *(Aplausos.)*

Pregunta de D. Xosé Manuel Beiras Torrado e sete deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a apertura dos comedores escolares no verán

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra don Ramón Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señora conselleira de Benestar, señor conselleiro de Educación, o Parlamento galego aprobou por unanimidade no pasado pleno unha iniciativa na que instaba o Goberno galego a levar a cabo as medidas necesarias para evitar que ningún neno, ningunha nena, careza da alimentación necesaria por estaren as súas familias en situación de vulnerabilidade, poñendo en marcha un convenio cos concellos interesados e empregando as instalacións dos centros educativos en colaboración cos servizos públicos de Benestar. Mais, inmediatamente, a conselleira de Benestar, a señora Mato, apresurouse a dicir que os comedores escolares non abrirían no verán, incumprindo o mandato parlamentar e mesmo incumprindo o votado polo grupo que sostén o Goberno; unha nova maneira de entender a democracia e o funcionamento das institucións. Gustaríame saber que demo facemos aquí dentro se nin tan sequera o acordado por unanimidade se respecta. ¿En que estaba a pensar a señora conselleira cando apertaba o botón do si? En pasar pronto o trago, supoño.

O certo é que a día de hoxe, pasados xa quince días do acordo plenario e despois de que o curso escolar rematara, o Goberno galego continúa dándolle voltas para darlle unha solución á poboación escolar en risco de pobreza. Din agora que prefiren solucións estruturais. Nós tamén defendemos solucións estruturais. ¿Que clase de obviedade é esta? Xa sabemos que mentres non se acabe co problema do paro, mentres non se acabe coa precariedade laboral, non se acabará coa pobreza. Pero moito tememos que se o Goberno galego non lles deu solución a estes problemas nos últimos cinco anos non lle vai dar tempo a resolvelo antes do verán. E a xente non pode agardar a que se decidan a cambiar o seu modelo fiscal, a que paren de recortar as prestacións sociais e os servizos públicos de benestar, de sanidade e de educación. A xente precisa solucións urxentes.

Este martes Unicef presentaba o seu informe sobre a pobreza infantil, no que establecía que en Galicia un 21,5 % dos nenos e das nenas viven en risco de pobreza. Di que Galicia é a cuarta comunidade onde máis nenos confesan ter sufrido baixadas de ánimo polo menos unha vez á semana durante os últimos seis meses en relación coa situación das súas familias, porque a pobreza ten consecuencias físicas pero tamén psicolóxicas. Mais vostede continúa a darlle voltas a este problema. Agora din que lles preocupa o estigma da pobreza, o estigma do estigma, como se ser pobre fora algo do que houbera que avergonzarse, como se estar no paro fora unha vergonza. Non lles preocupa o estigma da opulencia, ese que se agocha detrás da esmola e da beneficencia que vostedes defenden.

Señores do Goberno, señora conselleira, entérese, a alimentación da infancia é un dereito básico. Nós falamos de dereitos, non falamos de beneficencia. Falamos a través de que os servizos públicos dean unha solución a este problema. E se lles preocupa o estigma... *(O señor Vázquez Díaz pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Vázquez. *(O señor Vázquez Díaz pronuncia palabras que non se perciben.)* Moitas grazas. *(O señor Vázquez Díaz pronuncia palabras que non se perciben.)* Moitas grazas, señor Vázquez. Rematou o seu tempo, señor Vázquez. *(Aplausos.)*

Rematou o seu tempo.

Ten a palabra a conselleira de Traballo e Benestar, dona Beatriz Mato.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Moitas grazas, presidenta.

Señor Vázquez, a preocupación polo estigma parece que tamén é compartida por un membro da súa formación política, á vista do que sae hoxe publicado nos medios de comunicación. Pero o que lle podo garantir como membro do Goberno e ex deputada deste Parlamento é que ¡líbreme Deus, antes de non cumprir un mandato deste Parlamento! Así que o emprazo a que unha vez máis lle dea lectura correcta ao que realmente o Parlamento lle pide a este Goberno da Xunta de Galicia.

E garántolle que o compromiso que ten o Goberno da Xunta coa inclusión social –todo o Goberno, que non só esta consellería– é absolutamente irrenunciable. E é un compromiso constatado non só con verbas, nin sequera só con proposicións non de lei, senón constatado co que temos os gobernos, que é o presuposto de todos os galegos, onde estamos a investir naqueles que máis o precisan. Son 59,2 millóns de euros os que estamos a destinar agora para a inclusión social en xeral, un 13,6 % máis. E son mesmo tamén agora, a día de hoxe, 42 os millóns de euros destinados á tramitación da renda de integración social. É dicir, xa este ano a temos incrementado para darlles resposta ás persoas e tamén para axudar a aqueles que realmente coñecen a situación de pobreza, que realmente traballan coa situación de exclusión na nosa comunidade autónoma e que son as institucións e as entidades do terceiro sector, aos cales tamén lles temos engadido no presuposto un 14 % máis para podelos axudar a levar a adiante o seu traballo.

E, evidentemente, para nós o máis importante é non falar de oído, non tocar de oído, e coñecer a realidade da nosa pobreza na nosa comunidade. Por iso xa dende xaneiro estamos a desenvolver un estudo certoiro, un estudo que vai amosar a fotografía da situación da pobreza na que se atopan os nenos da nosa comunidade; un estudo que nos vai permitir non só ter datos concretos senón mesmo tamén actuar dun xeito integral, señor Vázquez; non estrutural, integral, que é o que queremos dar como resposta. E para iso, señor Vázquez, máis alá de que poidamos falar cos grupos parlamentarios, evidentemente, cos que temos o contacto permanente –e vol-

vemos telo na semana pasada a raíz da proposición non de lei deste Parlamento—, falamos con entidades como Cáritas, coa EAPN, coa Cruz Vermella, coa Sociedade de Pediatría, co Colexio de Traballadores Sociais; con todos eles para preguntarlles que lles parecía esta medida que se propón da apertura de comedores. Mesmo tamén falamos con aqueles que fixeron unha denuncia pública, como é a Confapa e tamén a Congapa, para dicirlles que esa denuncia a trasladaran certamente e identificaran cales son os colexios onde din que hai nenos que están en desnutrición, e aínda estamos esperando a resposta. Pero, evidentemente, esa é a resposta que precisamos para dar a solución máis axeitada.

E a solución, señor Vázquez, pasa por reforzar as ferramentas que temos xa dende a Consellería, que é atender e garantir o sustento das familias, non só dos nenos, senón das familias...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): ...en situación de vulnerabilidade. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica do señor Vázquez Díaz.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Señora conselleira, hai que ter cara e ser ben incompetente para dicir que están agardando polos datos das federacións, das ANPA e dos colectivos e asociacións sociais para facer un programa de atención aos menores durante o verán cando o curso escolar xa rematou. Hai que ser incompetente e obtuso cando, ademais, a principios deste curso, e con todo o tempo por diante, todo o curso escolar por diante, Alternativa Galega de Esquerda lle presentou unha iniciativa para realizar un plan de detección de carencias nutricionais na poboación escolar e vostedes tiveron a desfachatez de votar en contra.

Agora di que está esperando que os colectivos sociais lle dean as informacións, pero ¿cal é a súa responsabilidade como goberno? E agora din que as asociacións de pais teñen a obriga de darlle a vostede un informe sobre as queixas que realizaron. ¿Pero isto que é? ¿Pero que clase de goberno e de desgoberno é este? Insiste tamén en que hai que dar solucións integrais a este problema. ¿Cales?, ¿continuar retrasando o

pago da Risga ás familias que o precisan, como vostedes fan?, ¿realizar programas de inclusión laboral con salarios de 550 euros?, ¿ter 191.000 galegos e galegas sen protección por desemprego? ¿Sabe, por certo, a señora conselleira de Benestar o que custa unha praza nunha escola infantil de 0 a 3 anos, nunha escola infantil pública? Pois 93 euros ao mes por fillo para unha familia que ten 400 euros de salario. Iso é o que vale; e 236 euros por mes e fillo para unha familia de mileuristas. Esas son as súas medidas integrais, esas son.

¿Sabe, señora conselleira, que 30.000 familias con nenos, con fillos a cargo, non teñen ningún ingreso procedente do traballo? ¿Cales son as súas solucións integrais?, ¿continuar ofrecéndolle beneficios fiscais ao señor Amancio Ortega para que constrúa coa súa fundación unha escola de educación infantil en Ferrol para así poder durmir tranquilo? Mecenado e caridade. Esas son as súas medidas integrais. Vostede é a dama da caridade...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Vázquez.

(O señor Vázquez Díaz pronuncia palabras que non se perciben.)

Moitas grazas. *(O señor Vázquez Díaz pronuncia palabras que non se perciben.)* Señor Vázquez, xa rematou o seu tempo. *(O señor Vázquez Díaz pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Señor Vázquez! *(O señor Vázquez Díaz pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

¡Señor Vázquez!

Perdoe un momento, conselleira.

Xa lle dixen que as cuestións que afectan temas persoais non ían ser consentidas nesta Cámara. Pode facer vostede referencia á política da conselleira ou ao que queira, pero o insulto “incompetente”... *(O señor Vázquez Díaz pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Interrupcións.)* Estou a falar co señor Vázquez e, polo tanto, xa dixen que non ía tolerar acusacións persoais, e fagan o favor.

Señora conselleira, ten a palabra.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Moitísimas grazas, presidenta.

Señor Vázquez, non se alporice, que a verdade é que é un tema o suficientemente importante como para non levalo a ese plano ao que vostede o leva. E, evidentemente, señor Vázquez, a min non me preocupan as carencias nutricionais única e exclusivamente, senón que me preocupa a situación de pobreza, en xeral, infantil. E por iso estamos –como xa lle digo– a desenvolver un proxecto e un informe que será presentado nunhas semanas e que marcará a realidade da nosa comunidade en canto á pobreza.

Non preciso do que me diga a Confapa, pero entenderá vostede que se a Confapa fai unha denuncia quero que a faga por escrito e quero coñecer esa realidade. Comprenderá vostede que a miña obriga é falar, entenderme e buscar unha solución axeitada á nosa realidade. E esa realidade, señor Vázquez, non está de acordo con vostede, pero si está de acordo con todas as entidades sociais, que eles si –non vostede– traballan coa pobreza e traballan coa exclusión social, como son todos os organismos que antes lle mencionei e que están de acordo con que a solución pasa por darlles unha resposta integral non só aos nenos, porque os pais tamén comen, senón ás familias.

E esa solución que imos levar adiante será un protocolo de colaboración, como non pode ser doutro xeito, con eses grandes profesionais que son os traballadores sociais que están nos concellos, onde a través deles daremos a oportunidade de que estas familias, que non só nenos, que teñan nenos nunha situación de vulnerabilidade e que teñan problemas coa alimentación poidan ter, a través da Federación Galega do Banco de Alimentos, a posibilidade de recibir o alimento; (*Murmurios.*) e, se non queren (*O señor Vázquez Díaz pronuncia palabras que non se perciben.*) –señor Vázquez, non se me alporice–, ter tamén axudas directamente para inclusión social, axudas de emerxencia social. É dicir, o Goberno da Xunta de Galicia, señor Vázquez, vailles dar resposta a todas e cada unha das familias que se atopan en situación de exclusión social ou en risco de alimentación (*Aplausos.*) ou ben con cartos ou ben con alimentos; (*Aplausos.*) ou ben con cartos, insisto, (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) ou ben con alimentos. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Reforzamos as ferramentas que xa existen, damos resposta a aqueles que traballan coa pobreza, que piden de nós unha resposta integral, que piden de nós unha resposta coas familias e non facer un simple paripé, que é o que está a pedir

esta formación política, e que xa se ten demostrado noutras comunidades autónomas que non funciona. E, se non, pregunte á súa formación política ou a Izquierda Unida onde está a gobernar, que xa ten aperturado (*Interrupcións.*) e que non funcionou noutros comedores. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Evidentemente, esa é unha realidade, e estigmatiza, e a nosa obriga como goberno (*Interrupcións.*) é protexer o menor, e iso é o que fará este goberno. (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

Pregunta de D. Agustín Baamonde Díaz e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego en relación coas iniciativas de dinamización cultural en espazos de interese patrimonial que está a desenvolver na actualidade

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, señor Baamonde, para formular a súa pregunta.

O señor BAAMONDE DÍAZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro, sabido é que a cultura está a vivir momentos difíciles como consecuencia da crise xeral que lle afecta e como consecuencia tamén da crise específica do sector debido a diversos factores como o cambio tecnolóxico, o cambio dos hábitos de produción e de consumo cultural e mesmamente a variación dos mercados.

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, como departamento responsable de coordinación na materia de patrimonio histórico arqueolóxico, artístico, arquitectónico, tecnolóxico e museístico, vén desenvolvendo unha serie de actividades importantes no labor de recuperación, conservación e protección dese patrimonio. Agora ben, señor conselleiro, a crise da que antes falabamos obriga a un esforzo de superación en canto que trae aparelhada a necesidade para todos os sectores –e tamén, naturalmente, para o da cultura– de reaccionar ante ela, mellorar o funcionamento e priorizar os seus obxectivos. Mesmamente, en todos os países europeos,

inténtase aproveitar o potencial estratéxico da cultura como elemento para saír da crise.

Por iso consideramos de especial relevancia afondar na posta en valor do noso patrimonio cultural. E a pregunta que lle formulamos –que vostede xa coñece– xira ao redor dunha serie de iniciativas que poden xogar un importante papel na difusión e sensibilización dese valor entre a cidadanía. E, ademais, estas iniciativas teñen a peculiaridade de que, desenvolvéndose en esperas de interese patrimonial, serven de escaparate para que os creadores galegos e galegas amosen as súas propostas culturais e artísticas.

Por iso queremos coñecer hoxe, señor conselleiro, cal foi o desenvolvemento destes programas, nomeadamente os denominados Espazos Sonoros e Monumenta; en segundo lugar, que finalidade se busca co desenvolvemento deste tipo de iniciativas; e, finalmente, cal é a valoración que fai a Consellería a respecto da súa utilización.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra para responder o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, don Jesús Vázquez Abad.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Moitísimas grazas.

Grazas, señor Baamonde, e certamente, como non podía ser doutra maneira, unha das nosas principais liñas de actuación é a referida á conservación e posta en valor do patrimonio histórico galego, labor complexo, que, sendo como é unha responsabilidade colectiva de toda a sociedade, hoxe require dun especial esforzo de planificación e xestión.

Deste xeito, xunto coa salvagarda dos bens que integran o noso rico patrimonio, estamos a desenvolver tamén unha estratexia centrada na súa valorización, co fin da reactivación e dinamización ao tempo no territorio no que se asenta, para que toda a actuación desenvolvida nestes enclaves de interese repercuta no desenvolvemento das propias comunidades que os acollen.

Con este triplo obxectivo: valorización do patrimonio, dinamización cultural de todo o territorio e apoio á difusión artística, non só estamos a manter programas consolidados, senón tamén a construír novas programacións desde a colaboración no eido local.

Así, o ano pasado puxemos en marcha por vez primeira o Programa Monumenta, unha escolla de espazos de interese patrimonial recentemente recuperados, cunha programación multidisciplinar de máis dunha trintena de actividades desenvolvidas pola propia veciñanza e por unha quincena de intérpretes e colectivos galegos, cun excepcional pano de fondo. Un programa que logo, por certo, da boa acollida do ano pasado, e mesmo de ter contado co beneplácito e aplauso de entidades de referencia no sector, está a piques de rematar xa a súa segunda edición, nun novo percorrido por outros 10 monumentos nos que introducimos como importante novidade a implicación dos centros educativos do seu contorno.

Tamén está –como ben vostede dixo– Espazos sonoros. Continuou, neste caso, afondando no diálogo entre as propostas artísticas máis singulares e o propio valor engadido dos espazos de interese arquitectónico nos que tiveron lugar unha quincena de actividades de alta calidade e estilos diversos, desenvolvidas por unha ducia de formacións, que, por suposto, terán plena continuidade este ano. En definitiva, a nosa valoración deste tipo de iniciativas non pode ser outra máis que positiva, igual que a que veñen dando os propios veciños, e tamén –repito– distintos colectivos e asociacións. Cremos que repercuten moi positivamente, tanto na posta en valor do noso patrimonio cultural local, como na dinamización das comunidades nas que se asentan, polo que vimos de renovar a nosa aposta polo seu desenvolvemento.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica do señor Baamonde Díaz.

O señor BAAMONDE DÍAZ: Ben, moitas grazas, señor conselleiro.

É obvio que, a falta doutros valores, si temos patrimonio e cultura. Patrimonio e cultura que, ademais do seu valor identitario, do seu valor artístico, tamén teñen un valor económi-

co que é necesario explotar de maneira axeitada e adecuada. Mesmamente onte nunha iniciativa, concretamente a que defendía o señor Camino, facíase referencia á gran importancia que pode ter o patrimonio como atractivo turístico. Por iso corresponde valorar positivamente que, nun momento de recortes orzamentarios e de escaseza de recursos, se poidan desenvolver iniciativas como as que vostede acaba de explicar, que inciden nese traballo de difusión e posta en valor do patrimonio cultural e tamén na posibilidade de achegar este a todos os sectores de Galicia, a todos os galegos e todas as galegas.

Por isto tamén, desde o Grupo Parlamentario Popular, nosoutros apostamos pola continuidade de tales iniciativas, e, máis aló da continuidade, incluso polo seu reforzo, especialmente na vertente educativa, co propósito de implicar as xeracións máis novas neste traballo de difusión e posta en valor do patrimonio.

Polo tanto, insistindo na importancia xa determinada, nesta segunda intervención o que quixeramos saber, na medida do posible, señor conselleiro, é se existen outras iniciativas que afonden nestes mesmos obxectivos e tamén en que tipo de bens do noso patrimonio se desenvolven e en que poden consistir.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Réplica do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, don Jesús Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Moitísimas grazas.

Efectivamente, entendemos que nas actuais circunstancias debemos facilitar o dereito do acceso á cultura por parte da cidadanía galega, prestando unha especial atención neste caso aos máis cativos, de aí a inclusión, a cercanía, aos centros escolares, sendo fundamental para isto afondar na posta en valor e sensibilización cara ao noso patrimonio. Primeiro, como marco básico para reforzar o resto de actuacións de conservación e protección. E, en segundo lugar, como estratexia a longo prazo, para poder contar, por suposto, cunha sociedade máis concienciada e responsable que coñeza e aprecie na súa xusta medida o legado do seu patrimonio local, é dicir, a riqueza que todos temos.

Neste sentido, ademais dos programas mencionados, estamos a promover ou colaborar no desenvolvemento doutros ciclos de carácter local en diversos espazos patrimoniais senlleiros. Podería citar, por exemplo, os concertos de outono na Ribeira Sacra, realizados o pasado ano en colaboración co Consorcio de Turismo; o Ciclo de Música Relixiosa de San Martiño de Barciademera, que actualmente afronta a súa VI edición; a colaboración co Ciclo de órgano e música antiga de Xunqueira de Ambía e co Festival de Músicas Contemporáneas, que vén de ofrecer 16 concertos en espazos singulares da capital galega; ou mesmo os concertos didácticos de órgano de Celanova, nos que tomaron parte 20 centros escolares de toda Galicia o pasado ano e que acabamos de volver reeditar con notable éxito.

Cómpre sinalar que na meirande parte dos casos estamos a falar de bens patrimoniais cun especial interese arquitectónico: igrexas, muíños, xacementos, museos, pazos ou mesmo unha antiga fábrica, que abren as portas da súa riqueza secular para dialogar con outras disciplinas artísticas, facendo partícipe á propia veciñanza do lugar dun patrimonio que lle pertence.

Entre todas estas iniciativas, gustárame –para ir rematando– salientar o programa Cultura no Camiño, desenvolvido por vez primeira o ano pasado, xunto coa Axencia de Turismo, para dinamizar os concellos vinculados aos camiños de Santiago e incentivar a distribución dos produtos culturais galegos máis actuais. Convencidos da súa utilidade e da necesidade deste programa, logo das preto de 105 funcións desenvolvidas o pasado ano por 56 colectivos artísticos en 42 municipios, este ano triplicaremos o número de funcións, ata chegar ás 322, e dobraremos o número de concellos nos que se desenvolven; en total serán 81 concellos, ao longo dos camiños, nos que se desenvolverán –repito– esas 322 actuacións.

En definitiva, nun momento no que contamos con orzamentos limitados, estamos procurando a integración de todas as disciplinas e tendencias, e, sobre todo, apostando pola dinamización cultural equilibrada en todo o noso territorio, con especial fincapé nas áreas rurais.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pregunta de D^a María Carmen Acuña do Campo e cinco deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os obxectivos da Consellería de Sanidade respecto da xestión dos laboratorios que se van segregar do novo hospital privado de Vigo

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o señor Losada para formular a súa pregunta.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Si, grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, vostede coñece perfectamente a situación da sanidade viguesa, da área de Vigo: un centro privado referencial para 150.000 persoas; dispersión nos centros; unha calidade de infraestruturas que basta con ver esas goteiras do Hospital do Meixoeiro que vostede é incapaz de arreglar en 18 meses; e unha diminución premeditada e sistemática das referencias clínicas para o conxunto de Galicia.

Ante iso temos un novo hospital privado, iso si, con nome cando aínda non era nin sequera unha estrutura de formigón. Ese foi o maior márketing. Iso, e pancartas publicitarias pagadas por todos os galegos, foron o maior márketing dese hospital.

Lamentablemente, ese hospital é máis pequeno e máis caro. Lamentablemente, a Xunta de Galicia soamente falou co Banco Europeo de Inversións para conseguir financiamento para as empresas privadas que están construíndo ese hospital e facendo negocio con ese hospital. Porque estou seguro, señora conselleira, e vostede o compartirá comigo, de que non estamos falando de ONG, senón de empresas que teñen accionistas, e que, polo tanto, teñen que presentar contas de resultados, aínda que vostede nunca fala de contas de resultados.

Este hospital privado, xibarizado en relación co proxecto inicial, ten agora un problema engadido, un problema sinalado polos seus responsables profesionais da Área sanitaria de Vigo, que, por certo, quero reseñar que son os únicos responsables de que a sanidade viguesa funcione, porque o apoio da Administración é absolutamente inexistente. Ese hospital non vai ter laboratorios especializados nin de análise clínica, nin de hematoloxía, nin de microbioloxía. Eses laboratorios van estar situados a sete quilómetros, no Hospital do Meixoeiro. Vai ser o único gran hospital non só de

Galicia, senón de toda España, que non ten eses laboratorios de referencia, dito non por este deputado ou por este grupo, senón por todos os profesionais. Lamentablemente, esa dispersión, evidentemente, ten un custo, no sentido de que é máis cara en termos económicos, moito menos eficiente en termos de loxística e organización da prestación sanitaria, e, desde logo, moito máis lenta en termos de diagnóstico, co cal, indubidablemente, está afectando á saúde dos usuarios da sanidade viguesa.

Tamén hai consenso por parte dos profesionais nunha cousa, señora conselleira, en que isto significa abrir a porta á posterior privatización destes laboratorios. A verdade é que ten vostede un antecedente cualificado, que é a Comunidade de Madrid e toda esa batería brutal de empresas privadas que viron aí un apetecible bocado en termos de resultados empresariais. Eu creo que todos coñecemos a estratexia económica do Partido Popular en relación cos procesos privatizadores da sanidade, que lles están dando moi bos resultados ás empresas, pero, lamentablemente, moi malos resultados aos cidadáns da Comunidade de Valencia, da Comunidade de Madrid, e agora parece que tamén, co seu apoio incondicional, da Comunidade Autónoma... (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas, señor Losada. (*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*) Está formulada por escrito, señor Losada. Moitas grazas.

Ten a palabra a conselleira de Sanidade, dona Rocío Mosquera.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): Grazas, señora presidenta. Boas tardes, señorías.

Mire, señoría, como a pregunta a tiña por escrito, podería contestarlle cun rotundo non, e a pregunta realmente quedaría contestada. Pero direille máis.

En Vigo estase construíndo unha infraestrutura que eu creo que é ben visible para todos os vigueses (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*), creo que é bastante grande para todos os que se queiran (*Aplausos.*) acercar... Un hospital no que as persoas de Vigo e da súa comarca van ser atendidas polos mesmos profesionais que están sendo atendidas hoxe en calquera dos hospitais públicos, pero, iso si, cunha estrutura moito máis moderna, con espazos máis

ampos e máis confortables, e dotado coa máis alta tecnoloxía. O hospital, desde logo, é xa unha realidade, e é unha realidade porque, cando chegamos no ano 2009, cando os vigueses tamén lle deron a Alberto Núñez Feijóo a posibilidade de gobernar, pasamos das maquetas a un proxecto que se inaugurará, se abrirá e se poñerá en marcha no próximo ano.

Señoría, vostedes seguen desvirtuando a realidade, seguen dicindo que o hospital é pequeno. Eu creo que todas as persoas que pasan por Valadares ven perfectamente como é o hospital. E agora que temos o acordo co Concello de Vigo, espero que tamén os accesos e as acometidas leven un ritmo moito mellor.

Pero, se a vostede o que lle preocupan son os laboratorios, díreille que este hospital público vai ter tamén un laboratorio público aberto as 24 horas do día os 365 días do ano, cunha superficie moito máis grande que a que teñen os actuais laboratorios. É dicir, un hospital público, como lle digo, cun laboratorio público. (*Aplausos.*) Fago esta afirmación con feitos contrastados, con información contrastada, sobre todo coa experiencia de todos os laboratorios que se están montando en toda España, en todos os grandes hospitais de España, e tamén en Galicia. Un laboratorio central, un laboratorio único, un laboratorio cunha cadea, que se chama cadea Core, único para todos os vigueses. E si, vai estar ubicado no Meixoeiro, porque ademais no Meixoeiro vai permitir as ampliacións futuras que necesite este hospital, incorporando novas prestacións, aproveitando instalacións xa feitas como a do novo os laboratorios de microbioloxía (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*), que ten moi bo acceso, cuns accesos rápidos desde todos os centros de saúde e desde todos os hospitais.

Unha vez máis, estamos tomando as decisións necesarias para mellorar o servizo... (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

Réplica do señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señora presidenta.

A verdade, señora conselleira, que para ensinar unha foto cun hospital tan grande é sorprendente que non colla o labo-

torio. (*Risos.*) (*Aplausos.*) É sorprendente que non colla o laboratorio, é sorprendente.

Mire, no hospital –evidentemente eu non son médico– claro que vai haber un laboratorio de urxencias, ¡só faltaría! ¡só faltaría que non houbera un laboratorio de urxencias! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu non estou falando diso, señora conselleira, falo de hematoloxía, de análises clínicas e de microbioloxía. E ¿sabe de que lle falo? Fálolle de empresas. ¿Sóalle Cerba Internacional? ¿Sóalle Unilabs Capio? ¿Sóalle o Fondo de inversións CVC? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Seguro que lle soan, señora conselleira. Dáme a sensación de que algo lle soan porque son os mesmos que privatizaron os laboratorios de Madrid cuns resultados clínicos nefastos. Iso si, con grandes beneficios privados, señora conselleira. Polo tanto, non veña aquí dicir que a oposición desvirtúa. Nós non desvirtuamos nada. Os xefes dos servizos clínicos dos hospitais de Vigo, dos dous hospitais, din que o proxecto foi xibarizado e foi reducido. E dun proxecto que custaba 350 millóns de euros (*Aplausos.*) a Administración autonómica vai pagar 1.400 millóns de euros en 20 anos. E non me conte a historia de que vai a sanidade, a seguridade, o parking e a xardinería. Estoulle falando de que, fronte a 350 millóns de euros, imos ter 1.400 millóns de euros de gastos.

Por certo, a directora da oficina técnica, a doutora Ana Sánchez Fernández, dixo textualmente: “As administracións públicas non deben prestar os servizos, senón que deben limitarse a regular e financiar os servizos sanitarios”. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Esa púxoaa vostede, señora conselleira. Eu cóntolle a axenda oculta, dígolle cal é. O seu marido é o xefe de servizo dun hospital que acabará convertido... (*Murmurios.*) Si, si, se non lle gusta...

A señora PRESIDENTA: Silencio.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Si, si, si, acabará convertido nun hospital do Medicaid norteamericano de beneficencia, e vostede volverá á sanidade privada con beneficios e con salarios altos. Esa é a...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Losada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Réplica da conselleira de Sanidade.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez):
Grazas, señora presidenta, outra vez.

Mire, señoría, desde logo que non cabe máis demagogia co que vostedes están facendo en Vigo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero, pese a iso, o que é certo é que en Vigo se está construíndo un hospital público que vai ter uns servizos moito mellores que os que teñen hoxe nos hospitais... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)* Pero é certo...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez):
...que nós temos unha folla de ruta. Nós temos unha folla de ruta para o Hospital do Meixoeiro, e desde logo o hospital de Vigo vai ser un complexo hospitalario universitario, multi-hospital, exactamente igual que o é A Coruña e o é Santiago. *(Murmurios.)*

E o Meixoeiro, que vostedes non tiñan nada definido para o Hospital do Meixoeiro, vai seguir sendo un hospital dentro do complexo. E, desde logo, o laboratorio de Vigo vai estar ubicado no Hospital do Meixoeiro.

E mire, esta discusión a min xa me soa porque, cando puxemos en marcha a extracción periférica en todos os centros de saúde de Galicia, eu xa estaba na sanidade pública, eu xa estaba na Xerencia de Atención Primaria de Santiago, e os argumentos eran os mesmos: a calidade preanalítica, o transporte... Xa me soan os mesmos datos, eran os mesmos argumentos. E hoxe ninguén dubida de que a extracción periférica é unha moi boa noticia para todos os galegos e as galegas a extracción periférica nos centros de saúde.

E, desde logo, tamén lle direi que os xefes de servizo xa están dicindo que, evidentemente, non hai merma da calidade asistencial por poñer o servizo no Hospital do Meixoeiro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez):
Isto dino os xefes de servizo, non o digo eu. *(Murmurios.)*

E, desde logo, mire, evidentemente temos que planificar e temos que xestionar. E temos que xestionar da maneira máis segura posible, e é o que estamos facendo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Cando se puxo en marcha o hospital de Santiago tamén se plantexaron as mesmas discusións. Todos os servizos querían ir no Hospital Clínico. E eu tamén estaba alí, na sanidade pública, e tamén nese momento houbo que tomar decisións: que quedaba en Conxo, que se poñía en Conxo e que viña para o Clínico novo de Santiago. E agora exactamente o mesmo. A unificación de laboratorios estase facendo en todos os hospitais; en todos os hospitais galegos e en todos os hospitais de España. *(Murmurios.)* Eu aínda recordo cando os hospitais tiñan ata 14 laboratorios; cada servizo tiña o seu laboratorio. Hoxe xa ninguén planifica así.

E repito, Vigo vai ter un gran laboratorio, e o hospital público de Vigo vai ter un laboratorio público no Hospital do Meixoeiro, coa hematoloxía, coa bioquímica e con todo o que ten que ter. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Esgotada a orde do día, levántase a sesión.

Moitas grazas.

Remata a sesión ás dúas e trinta e catro minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Acuña do Campo, Carmen	(PSdeG-PSOE)
2.- Adán Villamarín, María do Carme	(BNG)
3.- Arias Veira, Pedro	(PP)
4.- Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
5.- Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
6.- Beiras Torrado, Xosé Manuel	(AGE)
7.- Blanco Paradelo, Moisés	(PP)
8.- Burgo López, Concepción	(PSdeG-PSOE)
9.- Caamaño Domínguez, Francisco	(PSdeG-PSOE)
10.- Camino Copa, Angel	(PP)
11.- Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
12.- Díaz Pérez, Yolanda	(AGE)
13.- Docasar Docasar, Vicente	(PSdeG-PSOE)
14.- Dorado Soto, Javier	(PP)
15.- Fajardo Recouso, Juan Manuel	(AGE)
16.- Faraldo Botana, María Dolores	(PP)
17.- Fariñas Sobrino, Hipólito	(PP)
18.- Fernández Fernández, Raúl	(PSdeG-PSOE)
19.- Freire Abeijón, Santiago	(PP)
20.- Gallego Calvar, Carmen	(PSdeG-PSOE)
21.- Gallego Lomba, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
22.- García García, Pablo	(PSdeG-PSOE)
23.- García Pacín, Isabel	(PP)
24.- Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
25.- González Santín, Juan Carlos	(PSdeG-PSOE)
26.- Guerra Fernández, Javier	(PP)
27.- Hernández Fernández de Rojas, Agustín	(PP)
28.- Iglesias Sueiro, Carme	(AGE)
29.- Iñiguez Martínez, Jaime	(PP)
30.- Jorquera Caselas, Francisco	(BNG)
31.- Losada Alvarez, Abel	(PSdeG-PSOE)
32.- Martínez García, María Consuelo	(AGE)
33.- Martínez-Sierra López, Vidal	(PP)
34.- Méndez Romeu, José Luis	(PSdeGPSOE)
35.- Mourino Villar, Antonio	(PP)
36.- Nóvoa López, Enrique	(PP)
37.- Núñez Centeno, Aurelio	(PP)
38.- Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
39.- Oubiña Solla, Rosa	(PP)
40.- Pardo López, Carmen	(PP)
41.- Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
42.- Pérez Hernández, Berta	(PP)
43.- Piñeiro Martínez, Marisol	(PP)
44.- Pombo Rodríguez, Cosme Eladio	(BNG)
45.- Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
46.- Pouso Maneiro, Herminia	(PP)
47.- Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
48.- Prado del Río, Paula	(PP)
49.- Prado Patiño, Miguel	(PP)
50.- Puy Fraga, Pedro	(PP)
51.- Quintas Alvarez, María	(PSdeG-PSOE)
52.- Rodas Chapela, Daniel	(BNG)
53.- Rodríguez Arias, Marta	(PP)
54.- Rodríguez Barreira, Julia	(PP)
55.- Rodríguez González, Román	(PP)
56.- Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta	(PP)
57.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
58.- Romero Fernández, Cristina	(PP)
59.- Ron Fernández, José Javier	(AGE)
60.- Rueda Valenzuela, Alfonso	(PP)
61.- Sánchez Bugallo, José Antonio	(PSdeG-PSOE)
62.- Sánchez García, Antón	(AGE)
63.- Santalices Vieira, Miguel	(PP)
64.- Santos Regueiro Francisco	(PP)
65.- Sestayo Doce, Beatriz	(PSdeG-PSOE)
66.- Solla Fernández, Eva	(AGE)
67.- Soneira Tajés, María Soledad	(PSdeG-PSOE)
68.- Tellado Filgueira, Miguel	(PP)
69.- Trenor López, Gonzalo	(PP)
70.- Val Alonso, José Ramón	(PSdeG-PSOE)
71.- Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	(PP)
72.- Vázquez Abad, Jesús	(PP)
73.- Vázquez Díaz, Ramón	(AGE)
74.- Vázquez Fernández, Manuel	(PSdeG-PSOE)
75.- Vilán Lorenzo, Patricia	(PSdeG-PSOE)



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25